(6) Agradecemos a idea e dirección da nosa memoria a D. Antonio Eiras Roel, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago.

coñecido da historia da Xunta, e, en consecuencia, mal interpretado. De maneira cómoda, asociouse a sorte da Xunta á dos demais órganos do Antigo Réxime abolidos polo liberalismo moderado en 1834. Sen máis explicacións aceptouse que en 1834 se puxera término á vida dun ente que desde o asentamento dos Borbóns entrara en franca decadencia. O aparato administrativo da Coroa e a súa política centralizadora, representada en Galicia pola figura do Intendente, terían limitado o papel da Xunta ó trámite da prorrogación dos servicios de millóns (axudas concedidas ó Rei polas Cortes da Coroa de Castela nos séculos XVI e XVII, e recadadas mediante gravames sobre o consumo de artigos de primeira necesidade). Atrás quedaban os séculos XVI e XVII, etapas máis importantes, xa que foi entón cando os deputados das sete capitais negociaban co Rei a concesión de levas e impostos. En segundo lugar, a traxectoria da Xunta desde o século XVIII valorouse negativamente porque se alegou o seu abandono da búsqueda do ben común. Os deputados só atendían ó seu propio interese. Por último, observamos que ningún autor establecera a dinámica, o ritmo de cambio, da asemblea nos seus derradeiros momentos, algo fundamental para o historiador das institucións<sup>(7)</sup>.

Outros temas, como a asistencia dunha parte da élite ilustrada ós congresos de 1775-1800 e a oposición dos fidalgos ás novas contribucións territoriais, foron feitos que aumentaron o noso interese por acercarnos ós derradeiros anos da Xunta. En definitiva, comprobamos que a caída da Xunta non foi repentina. Como imos expoñer nas páxinas seguintes, a súa perda de facultades foi gradual e non se produciu sen resistencia da propia asemblea e das sete capitais.

Despois destas precisións, xa só resta deixar constancia do noso agradecemento a tódalas persoas e institucións que teñen colaborado na publicación do presente libro. De todas formas, sería inxusto non salientar o papel da Real Academia Galega e da «Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», responsables directos da empresa. Vaia tamén a nosa gratitude para Juan Fernández Guinda, quen puxo imaxes á hisatoria do «Reino». Así mesmo, no n pododo esquecer a débeda contraída coa miña familia e, en especial, coa miña irmá, Rosa Gloria de Artaza, correctora de moitas das vindeiras páxinas.

---

(7) TOMÁS Y VALIENTE, F., "Historia del Derecho e Historia", en AA.VV., *Once ensayos sobre la historia*. Madrid, 1976, p. 175.

## Abreviaturas

- ARG      Arquivo do Reino de Galicia
- AMC      Arquivo Histórico Municipal da Coruña
- AMS      Arquivo Histórico Municipal de Santiago
- AM        Libro de Actas Municipais
- LAJR     Libro de Actas da Xunta do Reino (“Junta del Reino”)





# I. A XUNTA DO REINO, ÓRGANO REPRESENTATIVO DE GALICIA NO ANTIGO RÉXIME

LA XUNTA DO REINO, ÓRGANO  
REPRESENTATIVO DE GALICIA  
NO ANTIGO RÉXIME

### 1.1.-Orixes e funcións

No último tercio do século XV, Galicia atopábase sumida nunha profunda crise política e social que a autoridade da Coroa non podía controlar. Desde principios de século, o aumento da presión señorial sobre os labregos para resarcirse da caída das súas rendas e manterse como grupo dominante, orixinou conflitos que desembocaron na grande guerra Irmandiña (1467-1469). As masas populares, campesiñas e urbanas, foron esmagadas pola nobreza, mais non se acadou unha paz definitiva. Os problemas económicos dos nobres persistían e continuaron a presionalos labregos, vítimas da rapina das súas mesnadas, a usurpación das rendas da Igrexa e a se enfrontar en loitas de clans. Deste xeito, os primeiros intentos dos Reis Católicos para resolver as tensións sociais e as loitas entre bandos nobiliarios fracasaron; sen embargo, o nomeamento en 1480 dos "xuíces" Acuña e Chinchilla, dotados de plenos poderes para pacificar o Reino, supuxo o inicio do asentamento da potestade real. Don Fernando de Acuña e o licenciado García López de Chinchilla, tradicionalmente considerados como os dous primeiros compoñentes da Audiencia de Galicia, reuniron ó pouco tempo da súa chegada ós procuradores das cidades, vilas e lugares en Santiago para informalos da súa misión. Este axuntamento de 1480 foi considerado polo historiador decimonónico Manuel Murguía non só como unha das primeiras actuacións da Audiencia, senón tamén como o nacemento da Xunta Xeral do Reino de Galicia, pois Murguía sostivo que, nun principio, a Xunta e a Audiencia formaron un mesmo órgano<sup>(1)</sup>.

---

(1) MURGUÍA, Manuel, *Galicia*, Santiago, 1985, (1888), T. II, pp. 297-98.

Hoxe sabemos con certeza que Xunta e Audiencia xamais se confundiron, e non parece probable que os procuradores reunidos por Acuña e Chinchilla integrasen a primeira asemblea ou xunta do Reino de Galicia<sup>(2)</sup>. Aínda máis, Enrique Fernández-Villamil, autor da única monografía existente sobre a Xunta, sitúa o inicio da actividade da institución no século XVII. En consecuencia, os congresos de cidades, ou de vilas e cidades que a Audiencia convocou ó longo do século XVI a fin de atende-lo servicio real ou de asesorarse sobre diversos temas (fixación dos prezos, fomento agrícola, moeda, etc), non serían Xuntas do Reino. Segundo Fernández-Villamil, só a “Junta de ciudades” do ano 1599 podería considerarse como “una suerte de Cortes constituyentes” do órgano representativo que operou desde principios do século XVII ata 1834<sup>(3)</sup>.

Non obstante, os argumentos de Fernández-Villamil non foron definitivos. Outros historiadores, aínda que non abordaron o tema da Xunta máis que dunha maneira tanxencial, manteñen a existencia de verdadeiros congresos do Reino xa durante o século XVI<sup>(4)</sup>. As reunións de cidades, vilas e lugares distinguiríanse das asembleas das cidades cabeza de provincia. Estas últimas serían as Xuntas do Reino, é dicir, os congresos exclusivos das capitais con capacidade para conceder ó Rei diñeiro, levas militares, distribuír cargas fiscais, aconsellar á Monarquía e formular peticións sobre as supostas necesidades de Galicia.

---

(2) Os deputados da institución que estudiamos chamaban ó seu congreso o “Reino”, e con ese título dirixíronse a el-Rei, ós seus Consellos e ministros. Por tanto, a xunta constituída por membros dos consistorios das cidades considerábase como a representante do Reino de Galicia. *Vid. infra* e punto 1.4.1. A Coroa aceptou o nome da asemblea, coñecida desde o século XVII como “El Muy Noble y Muy Leal Reino de Galicia”, alcanzando a principios do XVIII o tratamento anteposto de “Excelentísimo Señor”. Nas seguintes páxinas empregaremos a titulación usada polos contemporáneos, “Reino” ou Xuntas aludindo ós encontros do mesmo e Xunta do Reino (“Junta del Reino”), nome habitual desde os estudos de don Manuel Murguía. Sobre a diferenciación Xunta-Audiencia, véxase FERNÁNDEZ VEGA, Laura, *La Real Audiencia de Galicia, Órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)*, La Coruña, 1982, T. II, pp. 72-73. Para as orixes da Audiencia véxase o capítulo I do Tomo I da citada autora e máis EIRAS ROEL, Antonio, “Sobre los orígenes de la Real Audiencia y su función de gobierno en la época de la Monarquía Absoluta”, en *Anuario de Historia del Derecho Español*, 1984.

(3) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, Enrique, *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su Nacimiento, actuaciones y extinción*, Madrid, 1962, T. I, p. 13. Sen embargo, Fernández-Villamil contradícese no mesmo primeiro volume da súa obra cando afirma que en 1480 se “inició la vida” das Xuntas, p. 513. Con todo, nega a identidade Xunta-Audiencia, *Ibid.*, p. 8. Enrique VEDÍA Y GOOSSENS, primeiro autor do século XIX que fala da Xunta, situou o seu nacemento no século XVII. Véxase *Historia y descripción de la Ciudad de La Coruña*, A Coruña, 1975 (1845).

(4) Hai testemuños de abondo en FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.*, T. II, p. 77; e apéndice, Tomo III, pp. 331 e ss. A obra de Manuel SILVA FERREIRO, *Galicia, Voto en Cortes: ensayo de investigación histórica*, Santiago, 1925; tamén proba a actividade da Xunta, pp. 33-35 e p. 37.



Deste modo, os defensores da operatividade da Xunta do Reino no século XVI sitúan o seu nacemento nos primeiros anos da centuria<sup>(5)</sup>, ou optan por 1528, cando os procuradores de cinco capitais de provincia –Lugo, Santiago, Mondoñedo, Betanzos e Ourense– acordaron reunirse tódolos anos en data fixa co obxecto de atender as necesidades do Rei e de Galicia<sup>(6)</sup>. Desde entón, e, a pesar das protestas de vilas importantes como Baiona ou Viveiro, os delegados das cabezas de provincia –sete cando entraron a formar parte da Xunta A Coruña e Tui a mediados de século–, foron os únicos con poder para outorgar servizos pecuniarios e máis tropas ó soberano. A excepción á regra sería a Xunta do 1536 para aproba-los encabezamentos dos impostos de tercias e alcabalas, réxime fiscal aceptado ese ano polo Rei a instancias das Cortes, onde estiveron presentes os procuradores de Viveiro e Noia<sup>(7)</sup>. Se ese encontro do ano trinta e seis non se considera como unha Xunta do Reino, tampouco se podería dar por válido o nacemento do devandito corpo en 1500, pois temos noticias da presenza de vilas nesa reunión<sup>(8)</sup>.

Laura Fernández Vega, autora dunha tese sobre a Real Audiencia, presenta a posibilidade de que o acordo dos procuradores das cinco capitais de 1528 (reunión anual), puidera estar relacionado co establecemento veciño da Deputación das Cortes de Castela (1525). As Xuntas desempeñarían desde 1528 un papel similar ó que ía exercer a Deputación debido á peculiar situación xurídica do Reino (abondosos señoríos laicos e eclesiásticos que dificultaban o reparto e cobro de contribucións)<sup>(9)</sup>. Por tanto, as necesidades administrativas da

---

(5) Véxase FERNÁNDEZ VEGA, T. II, p. 73. Pola súa parte, José Manuel PÉREZ GARCÍA opina que a Xunta aparece no 1500. “Idade Moderna” en BERMEJO BARRERA, J. C. e outros, *Historia de Galicia*, Madrid, 1982, p. 150

(6) O 2 de xullo do 1528 os representantes das cinco provincias acordaron:

*Que por lo que conviene a serbicio de su Magestad e al bien de la republica, se ayan de juntar e junten a quinze dias del mes de Marzo de cada un año; con poder que para ello tengan de las dhas. cibdades, cabeças de Provincia; y en el año primero Benidero se ayuntan donde por todos ellos sea concertado en el dho. primero ayuntamiento, e que ayan de estar y estén rresidentes a platicar y entender en lo susodicho seys dias y no mas salbo que seyendo necesario e siendo en conformidad de todos puedan estar lo que mas les pareciere.*

Cit. de PÉREZ COSTANTI, P. *Notas Viejas Galicianas*, Vigo, 1925, T. I, p. 15. Manteñen que no 1528 se constituíu o Reino GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, *Historia de Galicia*, A Coruña, 1980, p. 266; e Pegerto SAAVEDRA, voz “Juntas del Reino” en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago, 1974, T. XVIII, pp. 129-32, p. 129, e *Economía, política y sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480.1830*, Madrid, 1985, p. 43. FERNÁNDEZ VEGA afirma que no 1528 as Xuntas se “estabilizan”, véxase *op. cit.*, T. II, p. 73.

(7) Véxase MURGUÍA, *Galicia*, T. II, p. 301.

(8) MURGUÍA, *op.cit.*, p. 300.

(9) FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.*, T. II, pp. 73-74.

Coroa serían un motivo fundamental para explica-la existencia das Xuntas do Reino. Sen embargo, a función da Xunta non é idéntica á da Deputación. Esta reparte e administra os servicios que conceden as Cortes ó Rei, vixía o cumprimento dos distintos contratos —encabezamento de tercias e alcabalas— e resolve “en favor del Reino todos los problemas que se plantean acerca de la cuestión”<sup>(10)</sup>. As Xuntas, ademais de reparti-lo cupo dos servicios que tocaba a Galicia, posuían dúas facultades que a diferenciaban da Deputación: 1) a capacidade para conceder servicios e donativos ó Rei ademais dos outorgados polas Cortes e 2) a facultade de apoderar ós procuradores de Galicia en Cortes Xerais desde 1623 ó obter entón este dereito. Ata 1632 o voto dos procuradores galegos en Cortes (“voto consultivo”) non ten validez sen a aprobación da Xunta que ten o “voto decisivo”.

En resumo, é probable que a principios do século XVI aparecesen unhas xuntas integradas só polas capitais de provincia co obxecto de atende-las necesidades administrativas da Monarquía. Eses axuntamentos de cidades cabezas de provincia evolucionarían ó longo do mesmo século dando orixe ó “Reino”, ou, como é coñecida na actualidade, Xunta do Reino, asemblea que ostentou a capacidade representativa de Galicia ata 1834. A mediados do XVI temos probas evidentes do funcionamento da asemblea dos sete deputados, mais ás súas atribucións definitivas non se estableceron ata o século XVII coa obtención do voto en Cortes. As reunións dos procuradores de vilas, cidades e lugares celebradas desde fins do século XV, xeralmente destinadas a satisfacer as demandas tributarias da Monarquía, substituíríanse polas das cabezas de provincia por motivos prácticos. Aparecería, así, un órgano máis fácil de manexar para a Coroa, que aproba as peticións reais de tropas e cartos e as distribúe entre unhas artificiosas provincias creadas coa idea de facilitar estes repartos. Galicia, a pesar destas divisións, non perde a súa unidade; desde o exterior non se contemplan e cando se fan referencias ó territorio galego denomínase “Reino”, “Provincia” ou “Nación”<sup>(11)</sup>. A falta dun sentimento provincial e de representatividade das capitais aparece reflectida nos conflitos que desde mediados do século XVI se suscitaron entre as vilas de certa importancia e as cidades. Así, Viveiro pretendeu se converter en provincia e participar nas Xuntas, á vez que se mostra disconforme coas derramas que Mondoñedo lle envía. En 1748 foi Pontevedra

---

(10) TOMÁS Y VALIENTE, Francisco, “La Diputación de las Cortes de Castilla (1525-1601)”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo XXXII (1962), p. 371. Artículo reeditado en *Gobierno e Instituciones en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, 1982, pp. 37-150.

(11) SAAVEDRA, *Economía, Política y Sociedad en Galicia...*, p. 43. Sobre as provincias e o seu fin fiscal véxase tamén GARCÍA GARRIGOS PICO, Eduardo, “Organización territorial a fines del Antiguo Régimen”, en ARTOLA, Miguel (Ed.), *La Economía Española al Final del Antiguo Régimen*, T. IV, Madrid, 1982, p. 7.



a que intentou “hacerse ciudad y cabeza de Provincia como las demás del Reino” a cambio dun donativo ó Rei, mais Santiago frustrou a tentativa<sup>(12)</sup>.

Finalmente, pódese pensar que estas reunións, onde tamén se expoñen as necesidades das provincias ó Rei, compensan, dalgún xeito, a ausencia das élites urbanas galegas das Cortes Xerais.

Lembremos que a partir do reinado de Juan II o Reino de Galicia deixou de ser chamado ás Cortes e, aproximadamente, desde 1476 Zamora foi a cidade encargada de falar por el na asemblea da Coroa de Castela. Mais desde 1518 as cidades e vilas empezaron a mobilizarse para recupera-lo voto en Cortes e os dirixentes galegos contradixeron a potestade da cidade castelá de falar no nome do Reino de Galicia<sup>(13)</sup>.

## 1.2.- A recuperación do voto en Cortes

A recuperación do voto en Cortes foi un obxectivo compartido polas oligarquías urbanas e os magnates galegos. Xa temos dito que ó comezo do século XVI as cidades e vilas do Reino deron os primeiros pasos para recobra-lo voto. En 1520 o Arcebispo de Santiago, Don Alonso de Fonseca, o conde de Andrade e o de Benavente reclamárono durante a celebración das Cortes de Santiago sen obter resultado. O pouco tempo (4 de nadal de 1520), a asemblea de nobres e prelados reunida en Melide insistiu ó emperador no tema do voto, pero Carlos I rexeitou a súplica unha vez máis<sup>(14)</sup>.

As cidades tomaron a iniciativa en 1521, e no 1557 unha Xunta do Reino ofertou 20.000 ducados polo voto en Cortes. A aspiración seguiu a ser recollida por sucesivas xuntas ata que no 1599 a Audiencia accedeu ó desexo das sete capitais e convocounas para tratar en exclusiva do asunto. Dous comisionados encargáronse de facer en Madrid as xestións pertinentes mais as súas novas ofertas pecuniarias foron rexeitadas. Non obstante, desde 1621 apareceron as circunstancias precisas para o éxito desta aspiración do Reino. A Monarquía necesitaba a cooperación política e financeira dos poderes rexionais para soste-

---

(12) SAAVEDRA, *Economía, Política...*, p. 43 e Voz “Juntas”, p. 129. En 1624 a Chancelaría de Valladolid informou ás cidades dunha demanda de Viveiro contra Mondoñedo para poder participar nas Xuntas. AMC, AM 1624, Acto. 18 marzo.

(13) FERNÁNDEZ VEGA, Laura, “Las Juntas del Reino de Galicia y la recuperación del voto en Cortes”, separata de *Compostellanum*, T. XXV, nº. 1-4, pp. 16-17. Vid. tamén SILVA FERREIRO, *op. cit.*, pp. 19 e ss.

(14) Cfr. FERNÁNDEZ VEGA, “Las Juntas...”, pp. 21-23; FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.* T. I, pp. 8-12; e SILVA FERREIRO, pp. 23 e ss.

-lo esforzo bélico (fin da Tregua dos Doce Anos) e a nobreza galega establecida en Madrid aumentou o seu interese en participar nas Cortes, polo que colaborou decididamente coas cidades<sup>(15)</sup>. Oligarquía urbana e nobreza tentaron participar nun órgano moi potenciado co réxime fiscal dos millóns<sup>(16)</sup>. Deste xeito, a pesar da resistencia de Zamora e o afán exclusivista das demais cidades con voto en Cortes, a Coroa sacrificou “la conveniencia política en aras de la necesidad militar”<sup>(17)</sup>, e no 1623 Galicia recuperou o voto en Cortes a cambio de 100.000 ducados para construír unha escuadra que defendese as súas costas<sup>(18)</sup>. A Xunta de 1621, a proposta do marqués de Cerralbo, gobernador do Reino, ofreceu os 100.000 ducados e ó concede-lo voto en 1623 os procuradores galegos, conde de Salvatierra e D. Antonio de Castro y Andrade, asistiron ás Cortes convocadas para o 18 de marzo dese ano. Ámbolos dous foron nomeados polo confesor do Rei, Frai Antonio de Sotomayor e o conde de Gondomar, quen xogaron un relevante papel na obtención do voto. Desta maneira a Coroa influía sobre as Cortes escollendo a procuración galega.

A ansia da nobreza por participar nas Cortes durante o século XVII da que nos fala I.A.A. Thompson, evidénciase no caso galego: “los condes de Lemos, Monterrey y Altamira adquirieron cada uno un regimiento en cada una de las siete ciudades con el voto en Cortes, y ... los tres representaron al Reino”. En 1646 o conde de Lemos logrou ser elixido polas dúas capitais turnarias con dereito a nomear procuradores (Mondoñedo e Ourense)<sup>(19)</sup>.

Pero as oligarquías urbanas do Reino enfrontáronse, ás veces, ós títulos, xa que non estaban dispostas a perde-los beneficios do voto –diñeiro e mercedes– en favor da aristocracia. En 1638 a Xunta mantivo un preito co marqués de Valdecorzana “sobre los oficios del regimiento que Yntente comprar en la Ciudad de Mondoñedo con presupuesto de Ynferirse por procurador de Cortes este mismo año”<sup>(20)</sup>. En 1648 tódalas cidades, salvo Ourense, opuxéronse á tentativa

---

(15) Vid. THOMPSON, I. A. A., *Guerra y Decadencia. Gobierno y Administración en la España de los Austrias, 1560-1620*, Barcelona, 1981, pp. 337-38.

(16) DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio, “Concesiones de votos en Cortes a ciudades castellanas en el siglo XVII”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, T. XXXI, pp.176-77. Véxase tamén I. A. A. THOMPSON, *Guerra y Decadencia...*, p. 338; e do mesmo autor “Cortes y Ciudades. Tipología de los procuradores: extracción social y representatividad”, ponencia ó *Congreso Científico sobre la Historia de las Cortes de Castilla y León*, Salamanca, 1987, p. 22.


(17) THOMPSON, *Guerra y Decadencia...*, p. 338; Véxase tamén FERNÁNDEZ VEGA, “Las Juntas...”, pp. 40 e ss.

(18) FERNÁNDEZ VEGA, “Las Juntas...”, p. 48 e 51 e AMC, AM 1623, f. 165 y 325.

(19) THOMPSON, “Cortes y Ciudades...”, p. 11.

(20) *Ibid.*, p. 12, cit. de AMC, LAJR n. 4, 8-2-1646, fs. 176..





A Escuadra de Galicia vista desde o castelo de San Antón, A Coruña  
Debuxo de J. Fdez. Guinda

do conde de Monterrei de obter un rexemento en cada unha delas e morreu sen conseguilo en 1653<sup>(21)</sup>.

O voto en Cortes, lonxe de favorecer-la solidariedade entre as sete cidades, levounas a enfrontamentos continuos polo dereito de turno que se prolongaron ata o final das Xuntas no século XIX. Sabemos que en 1599 e 1624 as sete capitais suscribiron concordias que establecían os turnos na designación dos dous procuradores que correspondían ó Reino de Galicia. Pero o sistema turnario beneficiaba a Santiago en detrimento das demais cidades e orixinou un preito<sup>(22)</sup>. Compostela empregou na súa defensa todo tipo de argumentos, incidindo no económico. Como era a provincia compostelana a maior contribuínte do Reino –sempre pagaba un tercio dos gravames– tiña dereito a consumir máis turnos. En 1656 Santiago saíu victoriosa ó cede-las restantes capitais ás súas pretensións. Con todo, como temos dito, os conflitos polo turno en Cortes continuaron ata a fin das Xuntas<sup>(23)</sup>.

### 1.3.–O localismo das cidades

As disputas que xurdiron polo nomeamento dos procuradores en Cortes demostran que as Xuntas non puideron conciliar os particularismos das sete capitais. Os intereses respectivos dos seus dirixentes primaban sobre os do Reino. Así, os libros de actas da Xunta rexistran choques continuos que o confirman. Un dos máis graves foi o desacordo para conseguirla administración das cargas tributarias de Galicia. En 1676, tras longas negociacións con Madrid, concedeuse ó Reino a facultade de administrar los servicios de millóns, oito mil soldados, as alcabalas, os centos, os dezmos da mar e o fiel medidor. Sen embargo, este contrato de encabezamento non só supuxo unha experiencia catastrófica –a débeda que orixinou terminou de se pagar no 1787<sup>(24)</sup>–, senón que, de novo, demostrou a insolidariedade das sete capitais. Santiago e Ourense negáronse a participar na administración e as cinco cidades que o suscribiron enfrontáronse polo reparto dos cupos que debían pagar polas rendas<sup>(25)</sup>.

(21) *Ibid.* O conde de Altamira, procurador por Galicia en 1649, veuse tamén afectado pola resistencia dos Concellos e non puido asistir á proposición de Cortes.

(22) AMS, LAJR 1625, Cédula 5 abril 1625. *Cfr.* estadillo de FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. I, p. 35.

(23) *Ibid.*, pp. 40-42. As protestas de 1789 e 1833 en AMC, LAJR, nº. 27 y 35. *Vid.* poderes de Betanzos e conf. 4 maio 1833.

(24) *Vid.* FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 188 y 203. A fin da débeda anunciase nunha representación sobre camiños ó conde de Floridablanca o 18 de xuño de 1788. AMS, LAJR 1788.

(25) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 186, 294, 297 e 302.



O tema da capitalidade de Galicia tamén orixinou desde principios do século XVII constantes altercados que entorpeceron a marcha das Xuntas. A Coruña liderou a oposición contra as aspiracións de Santiago de ser recoñecida como “Cabeza de Reino” e mantivo ata a última Xunta unha cláusula nos poderes do seu deputado apercibíndolle para evitar que ningunha cidade empregase tal título. Esta vez a resistencia das seis capitais impediu o cumprimento dos desexos de Santiago<sup>(26)</sup>.

Poderíamos seguir a citar exemplos das desavenencias interprovinciais (construcción de estradas, representación de Galicia en Madrid ...), mais a proba clara do particularismo cidadán dos dirixentes galegos encóntrase nos poderes dos seus deputados ou procuradores. Este documento legal que capacitaba ós rexedores enviados á Xunta para tomar decisións no nome do seu concello, teórico representante da provincia, a miúdo presentaba limitacións a fin de preservar os intereses das respectivas oligarquías municipais. E, aínda que as reservas fosen eliminadas por orde do presidente —o Gobernador—, os deputados non soían proceder sen o visto bo dos seus consistorios.

#### **1.4.—Os compoñentes do Reino**

##### *1.4.1.—Os deputados*

Os procuradores ou deputados que tomaban parte nas Xuntas eran, como adiantamos, membros das oligarquías urbanas das sete capitais. A representatividade da Xunta foi, pois, limitada e o título do Reino que ostentaba a institución ocultaba o monopolio que sobre ela exercía o estamento gobernante das cabezas de provincia. Apreciamos, así, unha falta de auténtica representatividade da Xunta ó manter á marxe á nobreza titulada, ós eclesiásticos, ás demais poboacións do Reino e ás masas populares. Aínda que os deputados sostiveron peticións dalgunhas localidades, comunidades e individuos, a Xunta non pretendeu que participasen nas súas decisións.

Os rexedores eran o corpo máis numeroso e importante dos consistorios e desde 1528 cada cidade enviaba un rexedor ás asembleas do Reino, normativa que só se alterou en 1833 coa presenza dun procurador xeral que actuou como deputado por Santiago<sup>(27)</sup>.

---

(26) *Ibid.*, T. I, pp. 219-26. A polémica rexurde a fins do século XVIII. Vid. a nosa memoria de licenciatura inédita, *Las Juntas del Reino de Galicia en la Fase Final del Antiguo Régimen*, Santiago, 1988, pp. 144-45.

(27) Santiago nomeou deputado a D. Juan de Armada Mondragón, marqués de Santa Cruz e San Esteban, coronel de artillería. As protestas da Coruña, Lugo, Betanzos e Ourense non lograron a súa substitución. AMC, LAJR n. 35, conf. 4 e 11 de maio, s.f.

Durante a Idade Moderna a fidalguía foi o grupo social que conseguiu o control dos concellos e, en consecuencia, o da Xunta. Desde o abandono de Galicia da nobreza titulada no reinado de Carlos I o seu protagonismo foi en aumento e converteuse no grupo dirixente do Reino. O poder dos fidalgos baseábase na "renta territorial de orixe foral"<sup>(28)</sup>, de modo que o mantemento deste peculiar sistema de tenencia da terra foi unha das prioridades da Xunta; desde 1629 solicitouse ó Rei a renovación automática dos foros, obténdose un claro éxito en 1763 coa denominada "Pragmática de Perpetuación de Foros"<sup>(29)</sup>.

A chegada dos Borbóns ó trono español supuxo a posta en práctica dunha política que limitaba a autonomía das élites locais. Atendendo a este fin e á necesidade de mellora-lo funcionamento dos concellos leváronse a cabo varias reformas municipais en tempos de Carlos III (1763 e 1766), que, sen embargo, non lograron "democratiza-las" corporacións galegas, como pretendían<sup>(30)</sup>. Por tanto, as Xuntas seguiron nas mans da fidalguía máis destacada, e aínda que en 1764 Campomanes manifestou ó primeiro ministro Grimaldi a conveniencia de dar entrada nelas á voz popular, a súa iniciativa tampouco tivo éxito<sup>(31)</sup>. Sinalemos tamén que os individuos do estado chan e os nacidos fóra de Galicia quedaron excluídos das Xuntas<sup>(32)</sup>.

O sistema de elección dos deputados á Xunta non era uniforme. Parece ser que cada concello tivo o seu propio método e que este variou co tempo. Así, temos indicios de votacións secretas en Santiago<sup>(33)</sup>, onde a concordia semella se-lo cos-

---

(28) Vid. VILLARES PAZ, Ramón, *La Propiedad de la Tierra en Galicia 1500-1936*, Madrid, 1982, pp. 76 e ss.

(29) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. III, pp. 390 e ss. Sobre a Pragmática de Perpetuación de Foros e o seu significado Vid. BARREIRO MALLÓN, Baudilio, "La Pragmática de 'Perpetuación de Foros'. Intento de Interpretación" en *Compostellanum*, XVII, 1972, pp. 83-84. e BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., "A Problemática Foral no Século XVIII. Unha Nova Interpretación" en BARROS, C. Y VILAS NOGUEIRA, J., *Dende Galicia: Marx*, Sada, 1985

(30) Vid. GRANADOS LOUREDA, J., *Un Ejemplo de Comisariado en el Antiguo Régimen Español: La Intendencia de Galicia, 1712-1755*, memoria de licenciatura inédita, Santiago, 1986, p. 26 e 289-92; MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, H., *Las Reformas del Régimen Municipal de la Ciudad de La Coruña en la Segunda Mitad del Siglo XVIII*, m. l. inédita, Santiago, 1986, pp. 37 e ss. e 99 e ss.; e PÉREZ GARCÍA, *Galiza*, p. 149.

(31) "...he propuesto poco ha por la vía reservada de Hacienda para que en las Juntas del Reyno aya quien mire por los pobres concurriendo con voz y voto". Manuscrito de la Biblioteca Nacional publicado por CASTRO, Manuel de, en "Informe de Campomanes sobre la Emigración e Industrialización de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XIII, pp. 242-54, p. 251.

(32) Vid. Capítulo III, Apdo. 3.1.

(33) AMS, AM 1608, f. 125, e Consistorio de 30 de abril de 1806, f. 348, AM 1806, primeiro semestre.





*Un fidalgo notable, D. Ignacio Francisco de Prado y Lemos, capitán do rexemento de infantería de Lugo, antepasado do Marqués de San Martiño, derradeiro Deputado Xeral do Reino de Galicia (1833-1835) (retrato publicado por cortesía da familia Ozores Marquina, Foto Xulio Correa. Hércules de Ediciones, S.A.)*



tume, mentres en A Coruña o voto foi, case sempre, nominal<sup>(34)</sup>. Ourense seguiu esta práctica en 1800 e 1833, mais sorteou o nomeamento en 1823<sup>(35)</sup>; Mondoñedo procedeu a unha votación nominal en 1833<sup>(36)</sup>.

As eleccións de deputados acostumaban resolverse con rapidez e sen problemas, non obstante hai concellos máis conflictivos. Na Coruña o correxedor interviu varias veces ameazando con sancións ós rexedores por retrasa-la elección coas súas disputas, e no 1722 a Audiencia ordenou repetir unha votación a instancias de varios edís insatisfeitos co seu resultado<sup>(37)</sup>. Nos últimos anos da Xunta (primeiro tercio do século XIX) as eleccións de vocal son máis difíciles, pois a inestabilidade dos consistorios era maior e houbo intentos de rompe-lo monopolio das vellas elites municipais.

Un dato reseñable é a falta dun límite ó número de veces que un capitular podía asistir á Xunta. Dos 61 individuos que formaron parte do Reino entre 1775 e 1834 (11 congresos), catorce participaron en máis dunha Xunta e dous deles fixérono en tres ocasións. Excepto Santiago e Mondoñedo, tódalas cidades enviaron algún dos seus rexedores máis dunha vez á Xunta, pero no século XVII son os membros deses dous concellos quen máis repiten, segundo parece<sup>(38)</sup>. Poderíase pensar nun desinterese xeralizado por asistir á Xunta, non obstante, tamén pode que houberse frecuentes reeleccións porque, tal vez, coincidiu o afán dos capitulares máis ambiciosos e preparados co desexo das corporacións de estar ben representadas. Desta maneira non sorprende ver en varias ocasións un xurista coma o doctor Bernardino Yáñez Prego (Santiago), quen chegou a ser procurador en Cortes (1632), despois de ser deputado e ocupou unha praza na Audiencia de Sevilla<sup>(39)</sup>. Yáñez sobresaíu na defensa do dereito ó voto en Cortes de Santiago e estivo presente en tódolos contratos entre a Coroa e o Reino durante a década dos vinte. A complexidade das negociacións co monarca para armar a escuadra de Galicia explicaría a elección dun mesmo capitular coñecedor do tema. Xa no século XVIII Santiago nomeou dúas veces a José Cornide (1770 e 1781), un dos

(34) AMC, AM 1608, f. 158; 1621, f. 229v; 1722, f. 112v., 1735, fs. 4-5v.; e 1833, Axt. 1 mayo.

(35) AMS, LAJR 1806, poder Ourense, f. 25, 1833 poder 25 abril e AMC, LAJR n. 34 poder 9 dic.

(36) *Ibid.*, LAJR n.º 35, poder Mondoñedo 26 abril

(37) AMC, AM 1608, fs. 184-85, 1613, fs. 58-59 e 1722, fs. 100 e ss.

(38) Cfr. GONZÁLEZ RÍOS, M. L.: *Las Juntas del Reino de Galicia en el siglo XVII*, Santiago, 1987, memoria de licenciatura inédita., p. 127.

(39) Comprobamos que Bernardino Yáñez ou Yanes Prego, foi deputado por Santiago en 1613, 1622, 1624, 25, 28, 29, 1630 e 1632, ano no que se lle apoderou para asistir en calidade de procurador á xura do príncipe Baltasar Carlos. Noticia do seu cargo de xuíz en Sevilla en AMC, LAJR 1633, lib. 1, fs. 270-71.

ilustrados galegos máis célebres, e A Coruña a D. Antonio Zuazo e Ron (1775, 1781), marqués de Almeiras desde 1779, elixido en tres ocasións como deputado correspondente durante os períodos de desconvocatoria do Reino. No século XIX o conde de Priegue por Santiago ou D. Pedro Ventura de Puga (Ourense), son reelixidos, outro exemplo de capitulares influíntes e cualificados<sup>(40)</sup>.

Respecto ó soldo dos deputados non se pode considerar que fose un incentivo para asistir ás Xuntas. No século XVII pagóuse ós capitulares 1.000 maravedís diarios –case 30 réas– e outro tanto polas xornadas de ida e volta a quen debían desprazarse á cidade sede da Xunta. En 1697 as “dietas” eleváronse a 44 réas e así continuaron ata 1834. Ademais, os pagos soían retrasarse. As peticións de subida salarial dos rexedores (1788, 1789 e 1794) non convenceron ó Goberno do “considerable desfalco” que sufrían os seus intereses atendendo ó servizo do Reino<sup>(41)</sup>. De todos xeitos, os deputados aproveitaron o seu paso pola Xunta para dar testemuño da súa lealdade á Coroa e solicitar mercedes ó Rei, pois servir ó monarca na Xunta era un mérito que o Goberno central demostrou ter en conta.

#### 1.4.2.–O presidente

A Xunta do Reino iniciou a súa andaina en 1528 sen que ningún representante da Coroa fixese acto de presenza nas súas sesións. Os procuradores das sete capitais estaban en pé de igualdade, aínda que é certo que o de Santiago actuou como “intermediario” entre a Xunta e o Gobernador, e gozou dunha serie de privilexios na súa calidade de delegado da cidade máis antiga do Reino (os chamamentos do Gobernador para reunirse cos deputados dirixíanse ó deputado compostelano, que era o primeiro en toma-la palabra neses encontros e ocupaba un asento preferente). Estes privilexios, máis que na citada antigüi-

---

(40) D. Juan Nepomuceno Ozores, conde de Priegue, rexedor perpetuo de Santiago, actúa como Deputado Xeral do Reino de Galicia en Madrid entre 1806 y 1807. Nese último ano abandona o seu cargo para participar na ocupación de Portugal co grao de tenente coronel (exército de entre Douro e Miño). En 1817 obtén unha rexedoría perpetua na Coruña e no 1818 séntase na Xunta do Reino como deputado por Santiago. En 1833 é nomeado “Gobernador Político y Militar” da Coruña, sendo naquel intre o seu rango o de brigadier. En 1834 rexeita un novo nomeamento de Santiago como deputado á Xunta por incompatibilidade co seu posto de Gobernador Político e Militar. Pedro Ventura de Puga era un “rendista con importantes ingresos”, rexedor perpetuo de Ourense, cidade á que representou nas Xuntas de 1818 e 1834. Ventura de Puga participou na Xunta Superior de Defensa de Galicia durante a Guerra da Independencia, foi membro da Sociedade de Amigos do País de Santiago e da Deputación de Ourense (Trienio Liberal). En 1835 foi elixido procurador en Cortes por Ourense. Sobre Ventura *Vid.* LEIROS DE LA PEÑA, Paz, *La Casa de Fontefiz. Contribución al estudio de la hidalguía*, Santiago, 1986, memoria de licenciaturo inédita, véxase p. 86 e ss.

(41) AMS, LAJR 1788, repr. 7 maio ó Consello de Castela. Desde entón pídesse un aumento de 4 a 6 ducados (66 réas diarios). *Ibid.*, LAJR 1789, repr. 8 xull. ó Consello de Castela e AMC, LAJR 1793-94, repr. 15 en. ó duque da Alcudía, fs. 87 e v.



dade de Santiago, baseábanse no potencial económico e demográfico da súa provincia, que contribuía cun tercio das cargas fiscais e levas militares de Galicia, proporción mantida no aporte para subvenir os gastos das Xuntas<sup>(42)</sup>. Aínda hai outro motivo de peso que xustifica a preeminencia compostelana: a forza da súa fidalguía, a máis poderosa do Reino<sup>(43)</sup>. Santiago, que sempre aspirou a ser a capital de Galicia, non puxo reparo ningún a que en 1827 se dese ó seu deputado o título de presidente da Xunta contravindo a tradición secular, pois o verdadeiro presidente non foi un membro do Reino, senón un delegado da Coroa: o Gobernador, case sempre tamén Capitán Xeneral.

A orixe da presidencia está na Xunta de 1599. Os problemas que xurdiran entre os deputados para elixir representantes para negociar o asunto do voto en Cortes, levaron ó Gobernador a propoñer que a elección se fixese diante del canto antes. A resposta dos procuradores foi afirmativa, se ben fixeron patente a súa reserva á continuación da práctica<sup>(44)</sup>. A pesar disto abríuse a porta á inxerencia dos axentes do Rei nas sesións da Xunta. As protestas contra a perda da libre discusión non obtiveron resultado. Aínda máis, en 1637 o costume de que o Gobernador ou un alcalde maior –xuíz da Audiencia– presidisen a Xunta fíxose lei<sup>(45)</sup>. As novas queixas do Reino tampouco tiveron mellor fortuna e ata fins do século XVII os representantes do Soberano persoáronse nas asembleas dos deputados.

O establecemento da presidencia perseguía dous fins; primeiro, unha maior docilidade da Xunta ás peticións reais e, nun segundo termo, evita-las disensións entre os deputados causadas pola falta dunha cabeza<sup>(46)</sup>. As intervencións dos axentes do Rei producíronse nos momentos de máxima urxencia para o Estado (guerras con Holanda, Francia, Cataluña e Portugal), ou de estancamento da Xunta por enfrontamentos entre os deputados<sup>(47)</sup>. Durante a época borbónica os deputados volveron deliberar a soas, mais o Gobernador estivo ó tanto da marcha dos seus acordos. A presenza do Gobernador ou do seu delegado limitouse ó acto da “proposición”, entrega do “voto decisivo” da Xunta, sorteo de comisarios de millóns e apoderamentos de procuradores a Cortes Xerais.

Para concluír, digamos que o presidente non só vixiou os deputados e orientou as súas deliberacións a favor da Coroa, senón que tamén patrocinou as súas

---

(42) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, p. 145 e ss. e SAAVEDRA, “Juntas...”, p. 132.

(43) SAAVEDRA, *op. cit.*, p. 132.

(44) AMS, LAJR 1599, fs. 5v-7.

(45) FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.*, T. II, p. 80.

(46) *Ibid.* e FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 116-17.

(47) *Ibid.* VEGA E VILLAMIL. En 1599 e 1701 o Gobernador interveu para poñer fin ás disensións entre os deputados.





Os deputados diante do seu presidente, o Governador-Capitán Xeneral, século XVIII. Ás veces, coma neste caso, o presidente vestiu traxe militar

Debuxo de J. Fdz. Guinda

súplicas ante o Rei e os seus ministros (o caso máis trascendente foi a defensa da petición da perpetuidade de foros). En síntese, parece que o presidente serviu como “una pieza de engranaje intermedio” entre o Rei e a Xunta<sup>(48)</sup>.

#### 1.4.3.—*O secretario*

A secretaría da Xunta era desempeñada por un escribán. Durante o primeiro tercio do século XVII foi nomeado entre os do Concello da cidade onde se reunía a Xunta. En 1643 o Reino concedeu a escribanía de forma vitalicia a un escribán da Audiencia, pero desde 1649 acordouse provela por turno entre as capitais. Con todo, este oficio perderíase tras dun longo preito iniciado en 1654 con D. Rodrigo Álvarez Becerra. Álvarez Becerra comprara á Coroa o título de escribán da Xunta e, finalmente, despois de varias resolucións ó seu favor, o seu neto, Bernardo, revalidou os seus dereitos a comezos do século XVIII. A partir dese momento a escribanía foi patrimonio desta familia e os Becerra nomearon tenentes para desempeña-lo oficio<sup>(49)</sup>. Os intentos da Xunta de recupera-la escribanía no século XVIII e principios do XIX fracasaron.

O escribán ou secretario daba fe das reunións e acordos dos deputados, preparaba as escrituras legais que se necesitasen, encargaba e certificaba as copias das actas que cada capitular levaba ó seu concello; exercía como arquivero, acudía á Audiencia a recolle-las comunicacións do gobernador e a entregar as da Xunta e, no caso de enfermidade, ía á residencia do deputado impedido, informáballe da marcha das sesións do Reino e tomaba o seu voto.

#### 1.4.4.—*Os asesores legais*

A Xunta do Reino contou co asesoramento legal de letrados para resolver-las dúbidas de tipo xurídico que presentaban as eleccións de deputados, os seus poderes, os contratos coa Coroa ou particulares, a forma de impartir xustiza da Real Audiencia ou para que atendesen os preitos do Reino ante ese tribunal ou na corte, onde tamén contratava avogados e procuradores se era preciso. Xa a fins do século XVIII e ata a súa extinción en 1834, a Xunta nomeou a dous avogados da Audiencia de Galicia ó comezo das súas reunións.

A meirande parte dos preitos nos que participaron os letrados da Xunta iniciáronse no século XVII, cando se asinaron acordos fiscais coa Monarquía e se arrendaron impostos a particulares. Ata ben entrado o século XVIII os contribuíntes galegos tiveron que sufraga-lo alto coste deses preitos. O máis impor-

---

(48) PÉREZ PRENDES, J. M., *Cortes de Castilla*, Barcelona, Ariel, 1974, p. 153.

(49) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *Juntas del Reino...*, T. II, pp. 58-59.



tante dos do século XVIII, que se resolveu ó favor dos fidalgos como pretendía a Xunta, foi o da perpetuación de foros<sup>(50)</sup>.

#### 1.4.5.—*Os subalternos*

Na súa primeira sesión ou “conferencia”, como era denominada no século XVIII, a Xunta nomeaba no momento de constituírse unha serie de “dependientes subalternos”, que foron aumentados en número co tempo. Na segunda metade do século XVIII, período de máximo esplendor do cerimonial da Xunta, o Reino dispuña dun alguacil maior, catro porteiros, catro maceiros e, ás veces, un clarinero. Destes auxiliares o máis destacado era o alguacil maior, quen presentaba ó final das reunións o importe dos chamados “gastos comunes” (material de oficina, obsequios, correo, soldo dos subalternos) e encargábase de face-los pagos.

O alguacil maior e os porteiros —catro desde 1763— portaban “vara alta de Justicia”, polo cal a súa designación debía ser participada ó correxedor ou xustiza da cidade onde se celebraba a Xunta, para que lles permitise usar eses atributos na súa xurisdicción<sup>(51)</sup>. Estes cargos eran ocupados con frecuencia polos empregados do Concello onde se celebraba a Xunta.

#### 1.4.6.—*Deputados permanentes e correspondentes*

A Xunta nomeaba ó término das súas sesións a un ou dous deputados para que seguisen a marcha dos seus acordos e peticións ó Goberno e mantivesen informadas ás cidades. A importancia destes comisionados estivo moi vencellada ó poder da Xunta e variou segundo as épocas. En 1634 as necesidades da escuadra de Galicia orixinaron o establecemento dunha Deputación constituída por dous deputados e un escribán elixidos conforme un sistema turnario (a teórica antigüidade das capitais). Estes deputados mantiñanse en contacto cos axentes nomeados pola Xunta para promove-los negocios de Galicia en Madrid e daban conta da súa actividade ás cidades. Ademais de velar polo cumprimento dos acordos do Reino, encomendóuse á Deputación que supervisase o estado dos víveres e pertrechos da escuadra, a vixiancia do pagamento puntual dos soldos ás tripulacións, o cobro de débedas e mesmo puido facer peticións en defensa dos intereses galegos. En 1638 un alcalde maior da Real Audiencia acordou se reunir cada quince días cos deputados no caso de non haber asuntos de urxencia. A Xunta apoderaba a estes deputados por un ano e pagáballes 100 ducados a cada un. Finalizado o seu mandato debían render contas da súa xestión.

---

(50) Véxase. 1.4.1.

(51) Constatamos esta práctica para os séculos XVIII e XIX.



O comezo do século XVIII a Deputación desaparecera e ata 1745 non houbo intentos de manter un órgano que se encargase de acadalos obxectivos acordados na Xunta. O plano partiu do Gobernador e con isto esperábase alcanzalos prestixio e a "autoridade" de Navarra, Aragón, Valencia e Cataluña. O Gobernador presidiría esta Deputación con amplas facultades (aprobación de solicitudes); sen embargo, as cidades rexeitaron o proxecto<sup>(52)</sup>. O Intendente Avilés xogou un papel decisivo no fracaso da idea do Gobernador, o conde de Itre, ó se opoñer ó pagamento dos deputados correspondentes que quedarán actuando despois de se disolver a Xunta.

En 1763 a iniciativa partiu da propia Xunta, que acordou propoñer ás capitais a creación dunha "Comisaría del Reino" con idénticas funcións á malograda Deputación permanente: seguimento das peticións dos deputados entre Xunta e Xunta, e defensa dos dereitos e regalías de Galicia<sup>(53)</sup>. Os deputados nomeados ó efecto residirían na Coruña xunto do Gobernador e manteríanse en contacto co Deputado Xeral en Madrid. A resposta do Consello de Castela limitou as pretensións do Reino a "la subsistencia de una comisión de Diputados sin dietas que pudiese hacer algunas observaciones al Capitán General". A Real Orde do 19 de decembro de 1764 orixinou o nomeamento ó final de cada Xunta de dous deputados correspondentes encargados de seguir as instancias do Reino. Estes deputados non tiveron posibilidade ningunha de presionar eficazmente sobre as autoridades coas súas curtas facultades. Non obstante, os correspondentes mantivéronse ata a fin das Xuntas en 1834.

#### 1.4.7.—Os representantes do Reino na Corte: Deputados e Axentes Xerais

A tramitación de peticións, preitos e negocios do Reino de Galicia ante os órganos de goberno e tribunais centrais da Monarquía, foi confiada a unha serie de representantes que, co tempo, reducíronse a dous: o Deputado Xeral e o Axente Xeral, subordinado do primeiro. O establecemento da Deputación Xeral, alcanzado a instancias da Xunta, precedeu ó da Axencia. Por un Real Despacho de tres de decembro de 1692 Galicia obtivo o dereito de manter un Deputado na Corte que defendese os seus intereses<sup>(54)</sup>. Coa concesión do Deputado a Xunta pretendía aliviar a carga que representaba para os habitantes do Reino o mantemento de varios delegados de diferentes cidades en Madrid, e presentar unha postura unitaria ante o Goberno. As ideas do aforro e do beneficio común eran pois os eixos do establecemento da Deputación de Galicia na Corte.

---

(52) Sobre os intentos de establecer unha Deputación no século XVIII *vid.* FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. I, pp. 405-7 y 563; e T. II pp. 54-55.

(53) *Ibid.*, pp. 56-57.

(54) AMC, LAJR, n. 9, R. D. 3 dec. 1692, s. f.

En 1697 a Xunta terminou de regulamenta-la Deputación Xeral e nomeouse por tres anos ó primeiro Deputado: o marqués de Mos. Ademais, acordouse que o Deputado sería desinado polo concello de cada capital sen necesidade de reunir á Xunta do Reino, segundo un sistema turnario baseado na teórica antiqüidade das sete cidades (Santiago, A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui). Xa que un rexedor tudense foi o primeiro representante oficial de Galicia na corte, fíxose constar a excepcionalidade do caso. Os gastos, salvo os dos preitos ou negocios particulares, serían sufragados mediante un reparto proporcional entre as sete provincias e obrigábase ó deputado a residir en Madrid, así como a cumprir con certas normas administrativas (rexistro de actividades e gastos) e a non actuar por iniciativa propia.

O nomeamento dos Axentes non se estabilizou ata finais dos anos vinte do século XVIII<sup>(55)</sup>. A súa misión foi auxilia-lo Deputado Xeral e, normalmente, encargábanse de leva-lo papeleo nos Consellos, quedando ó cuidado do Deputado a preparación dos recursos e peticións, o trato directo cos ministros, co Rei e a asistencia ós actos cortesáns (bicas reais, etc.). As Xuntas outorgaron ós Axentes poderes especiais para atender certos asuntos, mais ningún alcanzou tanto protagonismo como D. Miguel Pérez Suárez, a quen no 1764 se lle permitiu substituír ó achacoso Deputado Xeral Zúñiga en tódalas súas funcións<sup>(56)</sup>.

Aínda non coñecemos ben a actividade desenvolvida polo Deputado Xeral e o Axente, mais cara ós cabos do século XVIII cuestionábase o seu labor. Así, o ilustrado coruñés Francisco Somoza de Monsoriú afirmaba en 1775 “que el principal estorvo de la Riqueza de Galicia es el método como se elige su Diputado o Agente General en la Corte”<sup>(57)</sup>. Somoza criticaba o acordo das sete cidades porque non sempre na capital turnaria se atopaba o individuo máis apto para defender os intereses de Galicia en Madrid, e tamén se queixaba pola falta de fondos do “Embajador” do Reino para acada-los obxectivos que se lle encomendaban. Ademais, Somoza fálanos da actuación de axentes particulares das provincias, dato que indica a escasa confianza na representación oficial de Galicia na Corte. Non obstante, as cidades tentaron solucionar-lo deterioro da Deputación ese mesmo ano de 1775. A Xunta elevou un plano de reforma ó Consello de Castela, que tiña como obxectivos principais o aumento do control do Reino sobre o Deputado –ata ese momento gozaba de ampla autonomía e estaba en constante pugna co seu subordina-

---

(55) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. I, pp. 323-24.

(56) *Ibid.*, p. 416.

(57) SOMOZA DE MOSORIÚ, Francisco, *Estorvos, I Remedios de la Riqueza de Galicia. Segundo Discurso Político Legal*, Santiago, 1775, p. 39.



do, o Axente Xeral—, a racionalización do seu servicio e conferir maior prestixio ó cargo dotándoo cun salario acorde coa categoría de representante de Galicia<sup>(58)</sup>.

As reformas de 1775 fóronse acadando paseniño e non sen problemas (conflictos polo disfrute de vez entre as cidades, incumprimento do regulamento dos Deputados...); mais, con todo, entre 1788 e 1806 os Deputados deron testemuño dunha actividade intensa e non cesaron de propoñer medios para mellora-la eficacia da Deputación. Os Deputados expuxeron á Xunta a conveniencia de promove-la construción de camiños, animárona a manterse unida ata que o Goberno atendese as súas peticións, pediron o fomento do ensino, etc.

En 1818 Fernando VII privou á Xunta da súa capacidade representativa, isto é, os deputados non puideron tratar sobre os problemas de Galicia nin pedi-lo seu remedio ó Goberno<sup>(59)</sup>. O Deputado Xeral converteuse entón na única persoa con dereito a se dirixir á Coroa e os seus ministros no nome do Reino de Galicia. Se atendemos ás actas da Xunta, os vocais das sete provincias permaneceron desconectados da Deputación ata 1834, ano en que o marqués de San Martiño de Hombreiro realizou unha última defensa da Xunta do Reino e a súa tarefa na corte. A Xunta presentía a súa fin e agradeceu a San Martiño o interese co que promoveu as instancias de Galicia. Se os seus esforzos non tiñan conseguido o éxito desexado era porque así o establecera o destino ou, como dicían os deputados, “la fatalidad desgraciada que acompaña siempre las pretensiones de Galicia”<sup>(60)</sup>. En 1835 suprimíuse a Deputación Xeral de Galicia (Real Decreto do 29 de xaneiro) e o marqués de San Martiño cesou nas súas funcións o 30 de abril<sup>(61)</sup>.

#### 1.4.8.—A sede e o arquivo do Reino

Unha das características peculiares da Xunta do Reino foi a falta dunha sede propia. Despois de varios séculos de existencia a Xunta non chegou a conseguir un edificio, nin sequera algunha sala ou oficina da súa propiedade. Por iso, os deputados celebraban as súas reunións nas Casas Consistoriais da cidade ou vila á que ós convocaba o Gobernador —xeralmente na Coruña, a súa residencia habitual, aínda que houbo Xuntas en Santiago, Betanzos, Ourense, Pontevedra, Redondela, Tui e Vigo—, ou en edificios relixiosos como os conventos

(58) Véxase capítulo III.

(59) Real Cédula de 10 de marzo do 1818, AMC, LAJR 1818 n. 32, fs. 62-63, 62v.

(60) AMC, LAJR n. 37, Carta da Xunta a San Martiño, 5 xaneiro 1834, fs. 42 e ss.

(61) OTERO PEDRAYO, Ramón, “Nota sobre los últimos tiempos de la comisión de Diputado General del Reino de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, V, XII, n. 36, Santiago, 1957, pp. 135-36.



coruñeses de San Francisco e Santo Domingo, o compostelán da Nosa Señora da Cerca e ata o palacio arcebispal de Santiago. Probablemente, os responsables desta carencia foron as oligarquías municipais das sete cidades, pouco dispostas a afrontar os gastos dunha sede estable da Xunta recorrendo a impoñer novas contribucións ou repartos entre os provincianos. Daquela, a Xunta do Reino careceu duns dos sinais de identidade institucional máis visibles para o pobo.

A Xunta dispuña dun arquivo ou, mellor dito, dunha arca (século XVII) ou armario (séculos XVIII-XIX), onde se gardaban os seus libros de actas orixinais e outra documentación. Este arquivo encontrábase na Casa do Concello coruñés. O descoido dos “papeles del Reyno” preocupaba xa ós deputados en 1638, mais ben certo é que as medidas para a súa conservación resultaron ineficaces. En 1833 as protestas pola presenza dun procurador xeral na Xunta —o deputado de Santiago D. Juan Armada— deron pé ó exame do estado do arquivo. Unha vez forzados os pechos —as chaves desapareceran— atopáronse quince libros e algúns papeis comestos polos ratos. Ó se notar a falta dun bo número de actas, solicitouse ó secretario propietario, D. Ramón del Río, a devolución das que aínda mantivese no seu poder. Del Río entregou catorce libros. Desde entón ningún se volveu interesar pola sorte deste arquivo<sup>(62)</sup>.

As actas encadernábanse en pergamiño, o mesmo que as copias que se remitían ás cidades e ó Deputado Xeral. Antes do inventariado de 1833, encadernáronse algúns libros en 1801 e acordouse asegura-la “Alacena” onde se gardaban “unos Documentos tan interesantes”, mais, como temos visto, non se logrou<sup>(63)</sup>.

En cada concello das antigas sete capitais deberíanse conserva-las copias das Xuntas. Sen embargo, se o Reino non atendeu ós seus documentos, as cidades non puxeron maior empeño. As lagoas son numerosas nos actuais arquivos históricos municipais ou provinciais. Na Coruña un dos seus libros —trátase dunha copia— foi “recogido en 17 de Enero de 1890 a una muger que lo andaba vendiendo por las calles”<sup>(64)</sup>.

### 1.5.—A celebración das Xuntas do Reino

Finalizaremos o noso acercamento á Xunta do Reino falando do desenvolvemento das súas sesións.

---

(62) AMC, LAJR 1833 n. 35, s.f. Confs. 11 maio, 14 maio e 15 de maio e inventario do 25 de maio.

(63) AMC, LAJR n. 29, conf. 7 maio. En 1781 entregouse ó secretario unha Xunta do ano 1735 e ordenóuselle encadernala. *Ibid.* LAJR n. 25, conf. 30 outubro.

(64) Escrito sobre a encadernación do LAJR 1800-1801, n. 30.

### 1.5.1.—A convocatoria

Os procuradores das cinco capitais de provincia que constituíron a Xunta de 1528, acordaron reunirse anualmente na localidade que conviñesen para atende-lo “servicio de su Magestad e al bien de la republica”<sup>(65)</sup>. Esas normas, se é que foron respectadas, non durarían moito tempo, pois os estudiosos da Xunta atribúen o dereito de convocatoria á “potestad real”<sup>(66)</sup>. O Gobernador ou a Audiencia encargábanse de chamar os procuradores ou deputados das capitais obedecendo unha cédula real que mandaba reunir Xunta de Reino cun obxecto determinado. Nas cartas de convocatoria ordenábase elixi-lo representante de cada cidade e dotalo de poder suficiente para tratar e decidir o disposto na cédula. Os deputados tiñan que persoarse na localidade determinada polo Gobernador—case sempre A Coruña, sede da Gobernación e da Audiencia desde fins do século XVI—ós poucos días de recibi-lo aviso. No caso de Xuntas relativas á escuadra de Galicia (século XVII), o Gobernador non precisaba de cédula real para reunir os deputados. Por outra banda, as cidades solicitaron a convocatoria da Xunta en varias ocasións. Ata o momento sabemos que a Xunta congregouse a instancias das cidades en 1599, 1608, 1621, 1640, 1656, 1673, 1701 e 1707.

Fernández-Villamil afirma que os termos da cédula de convocatoria se regularizan no século XVII, e diríxese ó “Gobernador e Alcaldes Mayores del Reino de Galicia”. Fernández-Villamil alude á cédula para a prórroga sexenal do servicio de Millóns, que é o fin primordial da convocatoria da Xunta no século XVIII<sup>(67)</sup>. Pero a aplicación dunha real resolución de 1752 modificou o obxecto das xuntanzas do Reino. Desde 1806 só se convocou á Xunta a fin de sortear-los rexedores galegos que, á súa vez, entrarían no sorteo celebrado en Madrid para servir na Comisión de Millóns e na Deputación das Cortes (véxase o capítulo IX).

### 1.5.2.—Os poderes

Os procuradores ou deputados, acudían á Xunta provistos dun poder que lles capacitaba para representa-las súas respectivas cidades e provincias, e decidir sobre o asunto que motivaba a reunión do Reino. Estes poderes examinábanse ó comezo das sesións<sup>(68)</sup>. Nos séculos XVI e XVII entregábanse ó Gober-

(65) PÉREZ COSTANTI, *Notas Viejas...*, T. I, p. 15.

(66) Cfr. FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, p. 80 e FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.* T. II, p. 78. A Xunta de 1599 fíxose eco do dereito do Reino para reunirse libremente. AMS, LAJR 1599, f. 6 v.

(67) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 93 y 118.

(68) Sobre os poderes véxase ARTAZA MONTERO, M. M. de, *Las Juntas del Reino de Galicia en la fase final del Antiguo Régimen*, memoria de licenciatura inédita, Santiago, 1988, pp. 40-41.



nador ou a un alcalde maior para que determinase se chegaban para cumprilos obxectivos da convocatoria. De non ser así, o Gobernador ordenaba ás cidades o envío doutro poder máis amplo. Así mesmo, podía obrigar a que se axustase a certas fórmulas.

Non coñecemos os termos dos poderes do século XVI, mais todo apunta a que foi no século XVII cando empezou a esixirse que se outorgasen “decisivos” e sen limitación ningunha. Deste xeito os deputados podían decidir acerca das propostas presentadas polo Gobernador sen consultar previamente ós concellos. Este feito sería paralelo ó sucedido nas Cortes desde 1632.

As cidades galegas resistíronse a conceder poderes ilimitados en varias ocasións. En 1656, a negativa foi case unánime (só se axustou á minuta Tui). Este ano íase tratar sobre un novo encabezamento de “las sisas de vino, vinagre e aceite”. Pero sempre se rematou cedendo ás esixencias do Gobernador, e mesmo son as propias cidades as que piden que se cumpla o disposto polo real despacho.

No século XVIII o Gobernador entrega os poderes “al secretario de la Junta, para su revisión y aceptación” ou encárganse da tarefa os mesmos procuradores antes da proposición, e chégase a afirmar que o Reino faino usando “de su privilegio y antigua costumbre”. Se aparece algún problema acúdese de contado ó Gobernador, quen insta ás cidades a acceder ás esixencias da Xunta. Este pode ameazar con multas e obrigar a que se tachen palabras molestas ó Reino (cabeza do Reino nos poderes de Santiago). A partir de 1806 –aplicación da orde real de 1752– inténtase que os deputados sigan a levar poderes amplos e xerais, mais a Xunta non o consegue.

Os poderes que as Xuntas outorgaban ós procuradores de Galicia a Cortes Xerais concedíanse diante do Gobernador.

### 1.5.3.–*A proposición*

Tendo constituída a Xunta –establecemento de sede, aprobación de poderes dos deputados, nomeamento de subalternos e outros trámites– os procuradores eran citados polo Gobernador ó palacio da Audiencia. Alí, na sala do Acordo, o propio Gobernador ou un enviado real dirixíalles un discurso aclarando o obxecto da convocatoria. O Gobernador acostumaba expoñer ós deputados a apurada situación da Coroa e a necesidade de que se accedese canto antes á súa demanda. Este acto, como o das Cortes castelás, recibiu o nome de “proposición”. Nel podía tratarse tamén sobre algunha urxencia do Reino<sup>(69)</sup>.

---

(69) FERNÁNDEZ VEGA fai referencia a un caso de defensa do Reino contra os franceses en 1639, *Vid. op. cit.*, T. II, nota 83.



Desde os anos setenta do século XVII o Gobernador deu honras militares á Xunta cando acudía a escoita-la proposición. O cerimonial da “salida” á Audiencia irá gañando en vistosidade e esplendor ó longo do século seguinte. Se o Gobernador recibía novas ordes de Madrid durante a Xunta, podía volver a citar ós deputados para comunicarllos. En 1806 desapareceu a proposición ó se aplica-la nova orde real de novembro de 1752<sup>(70)</sup>, (mantívose só o acto na Xunta de 1833, convocada para apoderar ós procuradores en Cortes Xerais que ían xurar a Isabel II).

Entre 1775 e 1800 o Gobernador dirixíase ós deputados trala lectura e acatamento da cédula real, emitida, normalmente, para solicita-la prórroga dos “millones”. O Gobernador pedía unha prórroga inmediata dos servicios por mor das “urgencias” da Coroa sen que “se creyese por el Reino ni tuviese ejemplar la prontitud en lo subcesivo”; e o deputado de Santiago recordaba ó Gobernador esa declaración ó entrega-lo testemuño da prórroga. Estas palabras de aparencia protocolaria podían verificarse se os deputados consideraban transgredida algunha regalía da Xunta. Tal foi o caso da prórroga de 1800, paralizada pola negativa da meirande parte dos capitulares a aceptar un deputado tuden-se considerado estranxeiro.

#### 1.5.4—*Peticions e votacions*

A Xunta tiña o privilexio de expoñer queixas e elevar peticións á Coroa. Ata que no 1818 se lles prohibiu, os deputados dirixiron súplicas en prol de Galicia, dalgúns particulares e, segundo parece, sobre todo, en beneficio dos intereses das oligarquías das sete capitais, compostas polos fidalgos máis poderosos<sup>(71)</sup>. No século XVIII, o acceso á Xunta dunha minoría fidalga ilustrada traducíuse en peticións que tentaron favorecer-lo desenvolvemento de Galicia sen altera-las súas xerarquías sociais. Así, pedíuse unha mellora das comunicacións viarias do Reino con Madrid e entre as sete provincias, o establecemento de inclusas, hospicios, novos estudos universitarios —consegúuse unha cátedra de cirurxía para Santiago—, axuda ós mariñeiros, privilexios comerciais a fin de soste-lo despegue económico, etc. As peticións acostumaban efectuarse unha vez atendido o obxecto da convocatoria, despois do denominado “voto decisivo”. Fernández-Villamil define o voto decisivo como “aquella expresión en que la Junta aceptaba con unanimidad y solemnidad, en sesión especial al mismo dedicada, la proposición para que la Junta de Reino había sido convocada” (72). No século XVIII mantívose o

(70) En 1833, sen embargo, acudiron á Audiencia a recibir a cédula para apoderar procuradores en Cortes á xura da princesa Isabel.

(71) Vid. FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. I, Relacións, p. 246 e ss. e a nosa relación despois dos apéndices.

(72) *Ibid.*, T. II, p. 123.



*Deliberación dos deputados*  
Debuxo de J. Fdz. Guinda



costume, mais as peticións fóronse espaciando ó longo das “conferencias” posteriores ó outorgamento e acto de entrega do voto decisivo ó Gobernador. A necesidade de celebra-lo sorteo de comisarios de Millóns de Galicia despois de satisfacer-la petición real influíu neste espaciamento.

As votacións sobre o asunto da convocatoria ou sobre as propostas de súplicas das cidades ó Rei, decidíanse, normalmente, por maioría simple, e dábase conta do resultado ó Gobernador. Nalgúns casos as votacións efectuáronse por escrito<sup>(73)</sup>.

### 1.5.5.—A disolución da Xunta

A disolución da Xunta, ó mesmo que a súa convocatoria, facíase mediante unha cédula real. Este procedemento foise consolidando desde fins do século XVII. Aínda en 1660 o Gobernador disolveu sen máis trámites ós deputados despois de que outorgasen o servizo solicitado<sup>(74)</sup>. Xa que a concesión do servizo daba, habitualmente, fin ó traballo dos deputados e para evitar máis gravames ós naturais, o Gobernador comunicáballes que podían face-lo rateo dos gastos da Xunta —gastos que el mesmo debía aprobar— e retirarse logo ás súas cidades. O Gobernador comprometíase a xestionar-la cédula de disolución e unila ás actas do Reino.

A Xunta mantivo pareceres distintos sobre a disolución; ás veces, opúxose a se disolver sen a cédula real, outras aceptou sen problemas a fin das súas sesións, e mesmo é o propio Reino o que pide a disolución declarando o seu desexo de non gravar ó común de Galicia. Mais puntualizaba que este feito non podía prexudicar ó privilexio da disolución mediante cédula real. Aínda que entre 1775 e 1801 houbo intentos de manter unida á Xunta ata obter resposta ás súas peticións, seguiu a pedi-la “disolvencia”, agás en 1801 en que se informou ós vocais dunha orde real para poñer fin á reunión do Reino<sup>(75)</sup>. Exceptuando algúns casos —ordes específicas ou conveniencia da Monarquía—, os Gobernadores accederon facilmente a permitir ós deputados a volta ás súas casas.

(73) *Ibid.*, p. 122.

(74) *Ibid.*, p. 139.

(75) *Vid.* capítulo III, Apdo. 3.1



## 2.4.- O Protagonismo da Xunta de Galicia (1625-1715)

As características principais do estudo do PD centranse na participación da Xunta de Galicia no proceso de elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos.

## II. A TRAXECTORIA DA XUNTA DO REINO DE GALICIA ATA 1775

As características principais do estudo do PD centranse na participación da Xunta de Galicia no proceso de elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos. A evolución histórica dos forais gallegos, desde a súa creación no século XIII ata a súa abolición no século XVIII, é un proceso complexo e longo. A Xunta de Galicia, que representa o Reino de Galicia, participou activamente na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601. Estes estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601, son un exemplo de como a Xunta de Galicia participou na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos. A Xunta de Galicia, que representa o Reino de Galicia, participou activamente na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601. Estes estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601, son un exemplo de como a Xunta de Galicia participou na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos.

A pesar da existencia de estudos que demostran a existencia de continuidades gallegas a través dos seus estatutos, a Xunta de Galicia, que representa o Reino de Galicia, participou activamente na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601. Estes estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601, son un exemplo de como a Xunta de Galicia participou na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos. A Xunta de Galicia, que representa o Reino de Galicia, participou activamente na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601. Estes estatutos forais gallegos, que se aprobaron en 1601, son un exemplo de como a Xunta de Galicia participou na elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos.

1. BARRALDI, J. M. (1984). "A Xunta de Galicia e a elaboración dos primeiros estatutos forais gallegos". *Revista de Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, vol. 10, pp. 105-125.



## 2.1.—O Protagonismo da Xunta do Reino (1621-1718)

As circunstancias políticas do século XVII favoreceron o protagonismo da Xunta do Reino. As necesidades da Coroa de homes e diñeiro para afrontar as guerras que sostivo case sen interrupción durante todo o século, obrigaron ós seus gobernos a contar cos poderes rexionais, e, en consecuencia, os axuntamentos dos sete deputados foron continuos, sobre todo, a partir dos anos corenta, momento no que a actividade bélica afectou de maneira directa á Península (sublevacións de Catalunya e Portugal). A guerra con Portugal supuxo a participación inmediata da fidalguía galega nas operacións militares e das sete provincias e a súa asemblea representativa no mantemento da fronte. Así, os fidalgos constituíron boa parte da oficialidade dos tercios que combateron nas provincias de Ourense e Tui ata a paz de 1668, mentres que a Xunta do Reino se encargou de proveer ós exércitos reais de homes, diñeiro e fornecementos. Ademais, tropas galegas foron embarcadas cara a Flandres despois de se acorda-lo seu recrutamento a través de Xuntas.

A pesar da distinción do mando militar que recibiron os dirixentes dos consistorios galegos a cambio dos seus servizos, as Xuntas opuxéronse en determinados momentos ás constantes peticións de homes e cartos. En 1640 negouse unha leva para Flandres e no 1656 suplicouse a varios “valedores” do Reino a fin de evita-lo levantamento de novos tercios e outras unidades militares<sup>(1)</sup>. En 1681 a resistencia ás demandas do Gobernador aumentou. A nobreza galega alegou estar arruinada por causa do “Real Servicio”, e no 1691 non se

(1) FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.*, T. II, p. 74 e FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. III, p. 195.



atendeu un pedido de 500 homes presentado polo conde de Puñonrostro con destino a Flandres<sup>(2)</sup>. En definitiva, como amosan os exemplos citados, os procuradores non accederon sempre con facilidade ás peticións do Rei. Nesas negativas é probable que influíse o ánimo das masas populares. Así, a leva de 1663 efectuada na Coruña provocou un motín contra os rexedores, que tiveron que fuxir ante o ataque dos recrutas forzosos e os cidadáns coruñeses<sup>(3)</sup>. Por outra banda, a prolongada guerra con Portugal deu orixe a unha pequena nobreza militarista máis radical, que demandou un maior peso na toma de decisións, tanto na dirección do conflito na fronte galega, como nos asuntos do Reino. Estes oficiais pediron en 1665 permiso para reunirse anualmente en Santiago o día do Apóstolo e discutir sobre os seus problemas e o estado de Galicia<sup>(4)</sup>.

A resistencia á presión fiscal foi tamén unha característica da segunda metade do século XVII. A Xunta de 1656-57 mostrou a súa disconformidade co cupo asignado a Galicia nos servicios de millóns, e no 1669 a resistencia ó seu pagamento foi moi enérxica. Os deputados opinaban que despois dos grandes sacrificios soportados polas súas provincias para defende-la Monarquía e, sobre todo, polo esforzo bélico na fronte portuguesa, Galicia precisaba unha rebaixa nas contribucións que paliase o seu "estado miserable". Para o representante de Betanzos xa non era posible establecer máis tributos "porque son tantos que en ellos se agotó el número de los vocablos de la lengua española"<sup>(5)</sup>.

O enfrontamento co Goberno polas cargas impositivas mantívose na seguinte Xunta (1673), prolongándose ata 1676, cando se accedeu ás aspiracións do Reino de tomar ó seu cargo a administración dos millóns e outras rendas<sup>(6)</sup>. Este intento das sete capitais de controla-los impostos pagados por Galicia tivo a súa orixe no desexo de eliminar ós arrendadores, quen, segundo manifestaban os Concellos e a Xunta do Reino, cometían innumerables abusos sobre os naturais. As tentativas das Xuntas para conseguirla administración das "rendas reais" iniciáronse, aproximadamente, nos anos corenta, mais non fructificaron ata 1676 e, entón, tampouco se chegou a un acordo unánime das sete provincias; Santiago e Ourense quedaron á marxe do acordo coa Coroa. Engadiuse a este problema as disensións entre as cinco cidades no reparto dos pagos á

(2) *Ibid.*, T. III, pp. 8 e ss. e p. 13; FERNÁNDEZ VEGA, *op. cit.*, T. II, p. 74.

(3) Véxase VEDIA Y GOOSENS, *Historia y Descripción...*, Apéndice n. 27, acta do axuntamento do Concello da Coruña de 30 de outubro de 1663, pp. 189-90.

(4) MURGUÍA, M., "Representación de la Nobleza de Galicia al Rey Carlos II y a su madre la Reina Regente", *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 49 y 51-52.

(5) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 182-85

(6) *Ibid.*, pp. 185-86.

Facenda; mais o peor foi que as rendas non se administraron polos concellos ou a Xunta, senón que acabaron por se subarrendar á casa de Montenegro, reproducíndose, así, os males do sistema que se pretendía eliminar. En 1682 á vista da mala xestión de Montenegro, o Consello de Facenda prohibiulle leva-la tesourería. O Gobernador debería intervíla, mentres que as cidades baixo certas condicións, encargábanse do cobro das rendas. Sen embargo, Montenegro conseguiu a devolución de tódolos seus dereitos e ata 1687 non se volveu ó método tradicional de arrendamento. A consecuencia deste episodio foi unha crecida débeda que o Reino terminou de pagar en 1787<sup>(7)</sup>.

A resistencia das Xuntas ás peticións do poder central enténdese no marco do reinado de Carlos II, que foi incapaz de conter á nobreza. Este factor deu unha grande liberdade de movementos ás oligarquías locais e rexionais, culminando o proceso de devolución do poder ás devanditas forzas iniciado a comenzos do século XVII<sup>(8)</sup>. Este panorama cambiaría pronto co advenemento dos Borbóns, mais ata a fin da Guerra de Sucesión as Xuntas mantiveron un papel importante ó seguir concedendo soldados e cartos.

En 1705 os deputados das sete cidades opuxéronse a un imposto de capitación, prolongándose a resistencia ás ordes reais ata 1711<sup>(9)</sup>. A presión popular, unha vez máis, influíu nesta postura da Xunta. En 1709 os deputados atribuíron os “alborotos” do mes de agosto en Santiago á carestía de prezos e ó terse divulgado a noticia do gravame de 12 reais por cabeza de familia. A crise de subsistencias de 1710 e a axuda do Capitán Xeneral facilitaron que o Reino obtivese a substitución dos impostos de 12 reais e un dobrón por veciño por un recargo sobre o prezo do sal, recargo que sería diminuído posteriormente<sup>(10)</sup>.

No relativo ós servicios de armas, desde a chegada ó trono de Felipe V as peticións de tropas a Galicia foron continuas. En 1702 ordenouse ó Gobernador que convocase ós deputados “mañosa y cautamente”, pois se prevía o rechazo á concesión dos 2.000 homes solicitados se chegaban a saber antes de tempo que o seu destino non ía ser Flandres, como se manifestaba na convocatoria ás cidades, senón América. A habilidade do Gobernador e o ofrecemento ós concellos da proposición de candidatos á oficialidade do continxente lograron vencer-la resistencia inicial<sup>(11)</sup>. A este servico súmase a petición do levantamento de oito

(7) *Ibid.*, pp. 187 e 203, 297, 255 e ss. e 314. Sobre a fin da débeda AMS, LAJR 1788 Repr. ó conde de Floridablanca sobre camiños 18 xuñ., s. f.

(8) *Cfr.* LYNCH, John, *España bajo los Austrias*, Barcelona, 1975, T. II, pp. 328 e 330-32; e THOMPSON, *Guerra y Decadencia...*, pp. 337-8.

(9) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. II, pp. 215 e ss.

(10) *Ibid.*, p. 241, e GRANADOS LOUREDA, J, *Un ejemplo de Comisariado...*, pp. 130-32.

(11) FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. III, p. 16 e 163-65.



tercios (4.000 homes) para a defensa do Reino en substitución das milicias (1704). A Xunta tratou de impoñer diversas condicións; a Coroa négaas, pero, finalmente, o Rei acepta as máis delas (marzo de 1705) e recrútanse os tercios, que tamén serían mantidos polas sete provincias (soldos, uniformes, atención médica...). Con todo, xa en 1707 incumpriuse a máis importante das cláusulas: a prohibición de saca-los tercios de Galicia, e de nada serviron as protestas dos deputados. Os soldados galegos saíron do Reino entre 1707 e 1710, e pasaron a guerra en Castela, o que suscitou problemas á hora de reempraza-las súas baixas e equipos<sup>(12)</sup>.

Como consecuencia do traslado dos Tercios a Castela (Ciudad Rodrigo), en 1710 pediuse outra leva á Xunta para a defensa de Galicia. A cambio do servizo, segundo suplicaban os deputados, otorgouse inicialmente o perdón das débedas orixinadas no período da administración das rendas reais polas cidades. Tamén, os novos seis tercios (3.000 homes) serían mantidos, como os anteriores oito, cun sobreprezo no sal. Pero a Xunta tratou de alcanzar máis avaxes e, finalmente, en 1711 (R.C. do 6 de decembro), a Coroa declinou a oferta. A partir dese ano parece que a Xunta non volveu conceder soldados ó Rei e só a Xunta de 1793-94, a instancias do Capitán Xeneral, ofreceu un aumento na plantilla dos rexementos provinciais<sup>(13)</sup>.

En síntese, á luz destes datos subministrados polos estudos existentes sobre a Xunta do Reino, podemos dicir que houbo resistencia ás peticións gobernamentais cando se estimaba que superaban a capacidade de Galicia. Con todo, as máis das ocasións, aínda durante o reinado de Carlos II, accedéuse ás demandas de Madrid. A Xunta estaba para servi-lo monarca e as oligarquías das sete capitais xogaron sempre a baza da fidelidade á Coroa, pois os beneficios que recibían dela, en xeral, compensábanlles. Así, a capacidade de propoñe-los mandos das unidades militares recrutadas en Galicia foi un punto de grande interese, o mesmo que a de elixi-lo método para recadar novos tributos. As Xuntas decantáronse pola imposición indirecta –sobre todo, arbitrios sobre o sal– co que o grupo privilexiado dos fidalgos a penas sentía os efectos da fiscalidade. A súa oposición ós intentos borbónicos de establecer un réxime impositivo proporcional ás fortunas foi notable<sup>(14)</sup>. Finalmente, supoñemos que a Coroa recompensaría con outras mercedes ós deputados máis dilixentes en atende-las súas demandas.

---

(12) Os tercios galegos destináronse á fronte de Ciudad Rodrigo. *Ibid.*, pp. 110 e ss. A Xunta pediu desde a supresión de milicias ata a concesión da renovación de foros solicitada a Carlos II.

(13) *Ibid.*, pp. 154-56 e 206-7. En 1733 escápaselle ó Reino tamén a organización dos rexementos de milicias, p. 180. A partir dos anos vinte a Intendencia é a encargada de xestiona-las ordes de recruta das autoridades militares. *Cfr.* GRANADOS, *op. cit.*, pp. 186-87.

(14) *Vid. Infra.* Apdo. II.



## 2.2.—O século XVIII e o asentamento dos Borbóns

A monarquía borbónica tratou de gañar espacio de goberno a costa das elites dirixentes locais a fin de impoñe-lo seu modelo político unificador. Por tanto, o centralismo auspiciado baixo Felipe V e os seus sucesores supuxo un serio recorte do poder da oligarquía galega, recorte efectivo a partir da implantación dos intendentes, comisarios encargados de trasladar ó marco provincial o proxecto de control governativo ideado polos ministros do Rei. Así pois, é comprensible que as corporacións das sete cidades e a Xunta do Reino se enfrontasen co novo e poderoso axente da Coroa.

A primeira tentativa de impoñe-la institución intendencial, a Superintendencia Xeral de Rendas Reais (1712-1716), fracasou. En verdade non se puido escoller peor momento para implantar a Superintendencia. En 1712 aínda estaban recentes as secuelas do “Grande Inverno Europeo” (1708-9) e o país galego abafado polos tributos e as levas militares, consecuencia da Guerra de Sucesión. Nesta situación enmárcase o rexeitamento ó superintendente Medina, que chegaba disposto a cumprir coas súas funcións en materia de facenda e do militar (establecemento de novos tributos e levas). No fracaso do primeiro proxecto intendencial tivo un papel destacado o marqués de Risbourg, Gobernador-Capitán Xeneral e presidente da Xunta, un acérrimo inimigo do novo axente real que mermaba a súa autoridade<sup>(15)</sup>. Risbourg converteuse no campeón da Xunta e das cidades na súa resistencia ás ordes de Medina, obtendo claros éxitos ó conseguir anula-las imposicións fiscais extraordinarias e unha leva militar de 4.000 homes<sup>(16)</sup>.

A pesar do desafortunado comezo, os Reais Títulos de 10 de agosto de 1718 reimplantaron a Intendencia en Galicia, á que se uniu o Correxemento da Coruña. Desde ese ano si que “mermaron” as facultades das Xuntas, como apuntaba Murguía<sup>(17)</sup>. A renovación dos servicios de millóns cada seis anos foi, practicamente, o único motivo para convoca-los deputados. Ademais, o Intendente tamén deixou senti-la súa autoridade sobre a asemblea das cidades controlando os seus gastos, incluídos os dos representantes en Madrid. En 1745, empregando esa facultade, logrou desarticular un proxecto auspiciado polo Gobernador-Capitán Xeneral, conde de Itre, para establecer unha Deputación permanente do Reino con sede na Coruña baixo a súa presidencia. Sen embargo, foi a mediados de século cando a consecuencia das queixas do Intendente a Xunta estivo a piques de recibir un golpe decisivo. En 1752, un escrito de don

(15) GRANADOS, *op. cit.*, pp. 118 e 125-26, e 129 e ss; e FERNÁNDEZ VEGA, *La Real Audiencia...*, T. II, pp. 356-57.

(16) GRANADOS, *op. cit.*, pp. 129-32 e 140-43.

(17) MURGUÍA, *Galicia*, T. II. p. 302.

José de Avilés ó Consello de Castela criticando a pesada carga que supuña para o “común” de Galicia o congreso celebrado aquel ano en Santiago con motivo da prórroga de millóns, no que tamén se falaba do mal reparto dos gastos da Xunta entre as sete provincias, deu orixe a unha dura orde de Fernando VI:

*Se ha servido S.M. resolver que en adelante para la concesión de Millones, y sorteo de Diputados no se junten las Ciudades o Diputados como hasta aquí, sino que luego que V.E. –O Gobernador-Capitán Xeneral– como Virrey tuviese la orden con la Audiencia despache cartas circulares a las siete Ciudades de ese Reyno, para que concediendo cada una los millones por seis años, y nombrando sus Diputados se remitan a esta Corte las referidas nominaciones en la forma que las demás ciudades de Castilla...<sup>(18)</sup>.*

Logo é evidente que a orde supuña a desaparición da Xunta Xeral do Reino de Galicia. Mais, ¿foi só o alivio dos naturais o que moveu ó Intendente Avilés a solicita-la intervención do Consello? En principio, non temos dato ningún que o contradiga. Sabemos que as averiguacións fiscais da Intendencia –coñecemento dos sistemas de administración de rendas (1746), e das fortunas dos tres estados (1747)– levantaron suspicacias entre os consistorios das cidades galegas, que de seguida expresaron o seu rexeitamento a calquera cambio no modelo impositivo<sup>(19)</sup>. Agora ben, aínda non coñecemos o grao exacto de resistencia das oligarquías das sete capitais ós planos de reforma da facenda do marqués de La Ensenada. Tal vez, a clave da medida governamental estea na loita contra os poderes locais da que falamos. Nun momento no que o proxecto de “Monarquía Comisarial” de Ensenada estaba a triunfar, chegouse a pensar no cese das Xuntas, voceiro dos facendados galegos<sup>(20)</sup>.

De todos xeitos, a lei tiña certa ambigüidade ou, máis ben, contradicción, especialmente ó dar por “regla invariable para en adelante”, o sistema de reparto dos gastos da Xunta por sextas e tercias partes. O caso é que a disposición mantívose en suspenso ata 1805, mais despois os recursos das cidades obtiveron a celebración da Xunta en 1806. Precisamente nela achacouse á escuridade dos seus termos e contradicións o seu incumprimento:

---

(18) Vid. Apéndice 1. A lei queda recollida na *Novísima Recopilación*, Libro III, Tit. VIII, Ley XIII.

(19) Cfr. FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. I, pp. 564-66 e T. II, pp. 245-48; e GRANADOS LOUREDA, *op. cit.*, pp. 222-23.

(20) Vid. FERNÁNDEZ ALBALADEJO, Pablo, “3. Spagna”. Estrato da ISAP - Archivio - Nuova Serie 3, *L'Amministrazione Nella Storia Moderna*. Volume Secondo, Guiffre editore, 1985, pp. 2.319-21 e 2.324-25.



Ó noso xuízo, a pervivencia das Xuntas durante outro medio século pódese explicar atendendo á evolución da situación política. O fracaso do proxecto governativo comisarial, feito ó que asistimos entre 1760-1766, supuxo a perda de grande parte das atribucións do Intendente, mentres que a opción contraria, a Monarquía sinodial que tentaron postergar Patiño, Ensenada e máis Esquilache, viuse potenciada por Aranda e Campomanes desde o Consello de Castela<sup>(21)</sup>. O Consello converteuse nun instrumento clave da política reformista da Coroa nos vinte anos posteriores a 1766 e a Xunta, estreitamente vencellada ó Consello—diríxelle as súas peticións para esquivar as secretarías— parece que se beneficiou do seu protagonismo, pois as Xuntas buscaron axuda do Consello de Castela ata o final dos seus días. A reacción das cidades ante a orde de 1752, se a houbo, non foi enérxica.

En definitiva, as oligarquías das capitais galegas puideron manter as súas Xuntas sen novidade ata 1806. Aínda máis, as Xuntas desempeñaron un papel eficaz e activo na defensa dos intereses fidalgos, tal como quedou patente na obtención da Pragmática de Perpetuación de Foros (1763), medida que apuntalou o sistema de tenencia da terra que cimentaba o seu poder, ou na revocación da cédula de 10 de novembro de 1799 que permitía redimir os cánones enfitéuticos con vales reais<sup>(22)</sup>. Ó mesmo tempo, as súas queixas contra o establecemento de centros fabrís lograron paralizar os proxectos de modernización industrial de Galicia, e, así, impediron a chegada de cambios que perturbasen a hexemonía social da pequena nobreza (véxase Apdo. 10.2). As súplicas contra calquera innovación impositiva contraria ós intereses dos rendistas foi outra constante das Xuntas. Con todo, hai que advertir a existencia dun espírito ilustrado a partir do último tercio do século, que, como veremos, deu lugar a unha serie de instancias dirixidas ó Rei solicitando medidas tendentes a mellorar a situación socioeconómica de Galicia.

---

(21) O motín de Esquilache ( 1766 ) supoñería a derrota do proxecto comisarial, *Cfr.* FERNÁNDEZ ALBALADEJO, *op. cit.*, p. 2.326; e GRANADOS LOUREDA, *op. cit.*, pp. 9, 68-69 e 257-59.

(22) Véxase. Cap. III.





### III. A XUNTA DO REINO NO FINAL DO ANTIGO RÉXIME (1775 - 1834): A DINÁMICA INSTITUCIONAL

III. A XUNTA DO REINO NO FINAL  
DO ANTIGO RÉXIME (1775 - 1834):  
A DINÁMICA INSTITUCIONAL



### 3.1.—A reactivación da Xunta, 1775-1800.

Eliximos o encontro de 1775 como punto de partida da nosa investigación por varias razóns. En primeiro lugar, apreciamos a través das peticións elevadas ó Rei ou ó Consello de Castela, que veremos máis adiante, un notable esforzo de relanzamento institucional. A continuidade dos obxectivos presentados é ben expresiva, pois algúns perseguíronse ata entrar no século XIX. En segundo lugar, trátase dun modelo formal, é dicir, o seu libro de actas mostra tódolos pasos das Xuntas destinadas a prorrogalos servicios de millóns, o motivo de convocatoria da maioría dos congresos dos sete deputados desde os anos vinte do século XVIII ata 1800. A elaborada mecánica que rexistra o libro de acordos é un claro síntoma da madurez da institución.

En síntese, todo apunta a que en 1775 as cidades estimaron preciso contar cunha institución máis eficaz e prestixiosa para obter éxito nas súas peticións á Coroa. Unha serie de feitos indícanolo. Deste modo, é frecuente a aparición do termo “Cortes” para aludir ó encontro dos deputados nos encabezamentos de solicitudes ó Rei desde ese ano<sup>(1)</sup>. A defensa da honra da Xunta ou do “Reino”, quedou tamén patente no enfrontamento mantido con Félix Oneille, o Comandante Xeneral das Armas, sobre as honras militares que se lle tiñan que render (véxase Cap. VIII). As sucesivas victorias da Xunta ante Oneille fortalecieron a súa dignidade. Por outra banda, o programa de reforma da Deputación Xeral na Corte deseñado no ano 75, evidencia o desexo dos representantes das capitais galegas de manter ante o Goberno uns comisionados eficientes que garantisen a boa fin das súas peticións.

---

(1) Véxase o Cap. IV.

O Deputado Xeral, encargado de tramitar e defende-las instancias da Xunta, era unha figura clave que ata entón gozaba de ampla autonomía e estaba en continua pugna co seu subordinado, o Axente Xeral. Os deputados do Reino coincidiron en 1775 en que a Deputación Xeral necesitaba un novo "método" e unha maior "dotación" económica que favorecese a efectividade das súas xestións en Madrid. Co tempo, case tódalas melloras chegaron a se realizar e acudiuse á autoridade do aprobado no 1775 en caso de dúbidas sobre a normativa da Deputación.

Aínda que non tan importante, é reseñable o interese da Xunta por recuperar a súa escribanía ou secretaría (alleada desde principios de século). As derradeiras tentativas inícianse agora.

Analizando as peticións feitas durante 1775 vemos a aparición dunha serie de proxectos económicos, educativos e de asistencia social de considerable alcance. En resumo, temos un primeiro grupo de instancias de carácter económico:

1.-Decepa do viñado nas terras non aptas para o seu cultivo. Extenso memorial dirixido ó Consello de Castela sobre a necesidade de controla-la produción vitícola (traslúcense os intereses dos propietarios ourensáns).

2.-Camiños. Envíase tamén ó "Supremo Consejo" un escrito de tono reivindicativo onde sobresaen as pretensións do Reino de que as sete cidades planifiquen os camiños para se comunicar coa Meseta e entre as súas provincias.

3.-Contra as fábricas de lenzos de Joaquín Cester e o gravame sobre o viño para o seu establecemento. Atácase duramente o tipo de industria fabril que Cester tentaba implantar alegando unha ameaza á orde socioeconómica vixente en Galicia.

4.-Comercio exclusivo coa Mar do Sur para A Coruña (encargo da Coruña). Longa instancia que razoaba a necesidade de dar en monopolio ó porto herculino o trafego comercial cos mercados do Plata. O proxecto era presentado como alternativa á industrialización fomentada por Cester.

5.- Utensilios. Pídese ó Rei a fin dos abusos dos asentistas desta contribución obrigándolles a destinar un factor que provise ás tropas dos "utensilios" necesarios (cama, luz, leña, palla) en cada unha das sete capitais galegas. Ademais búscase coñecer a inversión deste imposto.

O segundo bloque de representacións céntrase na educación :

1.-Visita dun ministro da Real Audiencia á Universidade de Santiago. Deséxase poñer fin á conflictiva situación interna da institución académica.

2.-Proxecto de establecemento dun "Colegio Militar" ou "Seminario de Nobles" na Coruña.

Por último, sinalaremos a exposición do problema das inclusas. Os deputados estiveron de acordo en voltar a presentar ó Consello de Castela a negativa das súas cidades a acepta-las pretensións do administrador do Real Hospital de Santiago para que, cun arbitrio sobre o viño, se establecese unha inclusa adxunta ó devandito hospital destinada á crianza de tódolos nenos expósitos do Reino. Así e todo, expónse, por primeira vez, a necesidade de construír hospicios en cada unha das sete capitais. Desde agora ata fins de século os temas de beneficencia e moralidade serán abordados pola Xunta (*Vid.* as listas de peticións e o Cap. X).

Seis anos despois da innovadora Xunta de 1775 convocouse ós deputados outra vez para prorroga-los servicios de millóns. As circunstancias da Monarquía eran difíciles. España estaba en guerra con Gran Bretaña (1779-83) e nun intre tal as cidades non semellaban esperar resultados do encontro de 1781.

Os capitulares reunidos na Coruña decidiron expoñer a Madrid só aqueles asuntos que puidesen ser atendidos na situación bélica existente. A fidelidade á Coroa demostrouse prorrogando sen demora os millóns, aínda que José Cornide, deputado por Santiago, manifestou ó Gobernador que a "prontitud con que en esta ocasión los había concedido el Reino, fuese visto no perjudicar a éste, ni servir de ejemplar para lo sucesivo"<sup>(2)</sup>.

O ministro de Facenda e Guerra, Miguel de Muzquiz, felicitou ó Gobernador Martín Cermeño por ter obtido con tanta rapidez a prórroga de Millóns. A Xunta foi informada da compracencia do Ministerio que, asemade, ofrecíase a axudar ó éxito das súas súplicas. Esta esperanza facilitou unha nova disolución da Xunta sen esperar a coñece-los resultados das súas peticións.

Ademais da premura na renovación dos millóns a Xunta non adoptou medida ningunha para demostrar ó Rei a súa lealdade e o seu desexo de axudar ó esforzo bélico nacional contra Inglaterra. As propostas da Coruña e Betanzos dun donativo dun millón de reais desestimáronse, pois os demais deputados consideraron que había cargas facendísticas ordinarias e extraordinarias abondo. Entre 1775 e 1801 a Xunta sempre pide, pero non dá nada a cambio á Coroa; só prorroga os millóns. De todos xeitos, a actividade da asemblea foi intensa no terreo das súplicas, vintetrés foron, segundo o noso cómputo, os escritos dirixidos ó Goberno.

---

(2) AMC, LAJR 1781, sen foliación, conf. 1 nov. O Gobernador pronuncia palabras similares no acto de entrega da cédula ó Reino.



A partir de 1788 iníciase unha nova fase na historia da Xunta que se pechará en 1801. As características máis importantes deste período son, por unha banda, as protestas contra as reformas fiscais dos últimos gobernos ilustrados—Contribución de Fritos Civís e revisión do encabezamento de Rendas Provinciais— e, pola outra banda, o firme propósito dos deputados de que se atendesen as súas peticións. Desde 1788 os representantes das cidades demostran ser conscientes de que a única maneira efectiva de alcanza-los seus obxectivos é a prolongación das Xuntas. En 1800 chegarase mesmo a propor a necesidade dun diálogo directo entre o Reino e as autoridades acerca das peticións, mais os esforzos dos deputados para o mantemento da Xunta ata o seu exame e resolución só conseguiron o paso en bloque das cinco súplicas consideradas máis importantes ó Consello de Castela<sup>(3)</sup>. Así e todo, aínda que as Xuntas convocadas para prorroga-los millóns alongaron a súa duración e fixéronse máis reivindicativas, a súa esencia institucional non cambiou. A adhesión dos fidalgos á Monarquía, o seu tradicionalismo, a falta de mecanismos de presión e o cansazo dos deputados impediron un cambio de orientación na actividade do ente. En calquera caso, endexamais se buscou un enfrontamento coas autoridades centrais. Sen embargo, o intento de manexa-la Xunta para obter resultados efectivos nas súplicas é un feito. Así, en 1788 aparece a pauta que se seguirá en 1800: unha “representación” contendo as súplicas máis interesantes para o Reino. Na difícil conxuntura de 1800-1801—guerra, fame, colapso do comercio colonial—, o escrito suplicatorio enviado ó Soberán a través da Cámara de Castela aumentou as esixencias. As peticións non se podían separar e haberían de ser examinadas e contestadas por un só organismo gobernamental. A Xunta tratou de que se lle respondera antes da súa “disolvencia” e para gañar tempo entregou a “representación” ó Gobernador o mesmo día no que levou á Audiencia a prórroga de millóns. As instancias posteriores, menos importantes, dirixíronse por separado<sup>(4)</sup>.

Outra novidade dos derradeiros anos do século XVIII foi o interese da Xunta en dar testemuño da súa actividade. Con este fin os deputados enviaron a

(3) *Ibid.*, LAJR 1800-1801, n. 29, conf. 11 dec., fs. 81v-82 e repr. ó Rei 12 dec., fs. 90-109, fs. 108-9. En busca de apoio para as peticións do 12 de decembro e do desexo de manterse unida ata a súa resolución, a Xunta enviou oficios a Godoy, f. 117, ó Sr. D. Benito Hermida, f. 121, ó Rei, f. 123, e a D. Pedro Acuña, f. 131. Godoy respondeu favorablemente, f. 140. Os deputados insistiron en que o Rei ordenase o exame conxunto das peticións pola Cámara ou o Consello de Castela, e na conservación do Reino (carta a Hermida, 21 xan., fs. 224, e cartas ó D. Xral., fs. 219-20, 221 e 264). As peticións a ministros e outros personaxes abundan ó longo da Xunta. O resultado da insistencia da Xunta foi a Rl. Resolución de 18 de abril de 1801, pola que o Rei mandaba o paso da representación “al examen y consulta del Consejo Real”. Non obstante, a Xunta ou “Deputación” debería disolverse “inmediatamente”. Alegábase que o Deputado Xeral podería seguir xestionando as súplicas sen necesidade de gravar ós galegos co mantemento da asemblea das sete cidades. Fs. 370-71.

(4) *Vid. supra* e Relación de peticións.

partir de 1793 oficios ós membros máis relevantes do Goberno ou a aqueles que se consideraban máis útiles á hora de favorecer as súplicas<sup>(5)</sup>.

En grande medida, a postura reivindicativa da Xunta durante esta etapa foi favorecida pola presenza en Madrid de deputados xerais moi activos que, á vez que tentaban levar a cabo as reformas da Deputación aprobadas en 1775, aportaron propostas para mellora-la súa coordinación co Reino.

## CADRO I

### Duración das Xuntas do Reino 1775 - 1806

(Prórrogas de millóns)

1775	23 agosto – 8 novembro	76 días
1781	25 outubro – 24 decembro	60 días
1788	4 abril – 20 xuño	77 días
1793 - 94	26 decembro – 8 abril	104 días
1800 - 1801	6 outubro – 9 maio	215 días
1806	24 maio – 18 agosto	86 días*

\* As cidades prorrogaron o servizo de Millóns, mais o 28 de maio a Xunta fixo consta-la súa aprobación da prórroga no libro de actas.

Ó noso xuízo, as reformas fiscais dos últimos anos do século XVIII foron o revulsivo que provocou o cambio na dinámica da Xunta. Estes proxectos que pretendían aumenta-los ingresos da Facenda e obter unha maior equidade impositiva, levantaron inmediatamente as protestas dos facendados galegos<sup>(6)</sup>. As Xuntas, como voceiro dos intereses do devandito grupo social, intentaron ata 1801 acada-la supresión das reformas contributivas, dando a este obxectivo prioridade sobre tódolos demais, pero unindo ó seu logro o das outras peticións interesantes ás oligarquías municipais das sete cidades<sup>(7)</sup>. Se ben obtiveron a supresión dos Froitos Cívís, as súplicas contra o novo encabezamento de Rendas Provinciais –revisión dos cupos pagados polos impostos de alcabalas, cen-

(5) AMS, LAJR 1793-94, conf. 27 dec. Nesta conferencia aprobouse o envío de oficios dando conta do inicio das sesións da Xunta ó duque da Alcudia, Godoy, a D. Pedro de Acuña, Gracia e Xusticia e ó conde da Cañada, gobernador do Consello de Castela, fs. 29-30. O Intendente tamén foi informado, f. 55. Outros oficios en AMC, LAJR 1800, f. 63. e LAJR 1806 en AMS, f. 61 v.

(6) O RI. Decreto de 29 de xuño de 1785 puxo en marcha o establecemento da Contribución de froitos cívís e a revisión dos encabezados de Rendas Provinciais e Agregadas. *Vid.* ANES, Gonzalo, "La Contribución de frutos civiles entre los proyectos de Reforma Tributaria en la España del Siglo XVIII", en *Hacienda Pública*, n. 27, pp. 21-45, p. 28.; y ARTOLA, Miguel, *La Hacienda del Antiguo Régimen*, Madrid, 1982, pp. 330-46. O 4 de febreiro de 1786 o Concello coruñés escribiu ó ministro de Facenda comprometéndose a averiguar, como se lle esixía, a autoría duns pasquís aparecidos na Coruña "relativos a impedir la Execución del Reglamento aprobado por S.M. para la exacción de los derechos de Rentas Provinciales". AMC, AM 1786, fs., 6-7.

(7) Por exemplo, en 1800 pediuse a concesión conxunta do encabezado de Rendas, segundo a proposta do Reino, e a concesión do comercio exclusivo coa Mar do Sur. LAJR 1800, f. 98 v.



tos e servicios de millóns— non foron escoitadas a pesar do empeño da Xunta de 1800. En 1793 e 1800 as Xuntas rexeitaron as referencias feitas nas cédulas de convocatoria sobre a implantación da Única Contribución<sup>(8)</sup>.

Podemos establecer dous momentos na protesta contra a política facendística. O primeiro abarcaría as Xuntas de 1788 e 1793-94. Os memoriais contra a nova administración de Rendas Provinciais e as disposicións para favorecer-lo cobro dos “frutos civiles” —conxelación dos arrendamentos e prohibición de desfiuzamentos—, posúen un ton dramático e catastrofista<sup>(9)</sup>. No segundo momento, 1800-1801, gárdase un ton sosegado, inténtase convencer ó monarca de que se pide algo lóxico e razoable, tamén beneficioso para a Facenda real.

A Xunta de 1788 é a que despregou maior actividade para conseguir evita-la implantación das novas contribucións. Ese ano o Deputado Xeral e a Xunta actuaron en perfecta harmonía. A primeira instancia ó Rei data do 23 de abril; con gran patetismo expuxéronse ó monarca os danos que provocaría “la rigurosa Administración de Millones ya puesta en planta” e a inminente do cinco por cento sobre a terra (froitos civís). Unha das primeiras consecuencias da reforma, segundo cálculos esaxerados da Xunta, fora unha notable caída demográfica (fálase da perda de 400.000 “almas”), co conseguente prexuízo da agricultura, como se verificaba en Ourense. Ós quebrantos da “complicada exacción de Millones” uníanse os abusos dos recadadores. Mais, sobre todo, protestouse contra a alcabala, gravame sobre as compra-vendas considerado un “cáncer”, en palabras da Xunta, para Galicia<sup>(10)</sup>. Aínda que non tódalas desgracias previstas chegaran, a Xunta non podía deixar de sinalarllas ó Soberano, a quen suplicaba, como remedio para promove-la riqueza do Reino e soste-la á Coroa, un encabezamento xeral que se guiara pola produción do último quinquenio. A atención do Rei á súplica aliviaría ós naturais que terminaban de sufrí-las inclemencias do tempo (inundacións).

Noutra longa instancia dirixida ó Rei expuxéronse os prexuízos do Real Decreto de seis de decembro de 1785, promulgado a fin de impedir que os propietarios esixisen ós seus “colonos” a cota do cinco por cento establecida sobre as terras e os desfiuzamentos<sup>(11)</sup>. Os fidalgos queixábanse, unha vez máis, da incompreensión governativa da realidade de Galicia, sinalando, antes, que o decreto atentaba contra o “sagrado derecho de propiedad, tan respetado de todas las Nacio-

(8) Vid. Capítulo IX. Apdo. 9.1.

(9) RI. Cédula 6 dec. 1785 “por la qual se manda que..., no hagan novedad los dueños de las tierras en los arrendamientos pendientes al tiempo de su expedición ni en sus precios, ni aprovechen los nuevos pactos que se hayan hecho de aumentarlos...” AMC, Reales Órdenes, Caixa 2.

(10) AMS, LAJR 1788, Repr. 23 abril, s. f. Esta representación é un exemplo clásico de reacción contra as reformas facendísticas de fins do XVIII. Vid. ARTOLA, *op. cit.*, p. 29 nota 25. A Xunta estimaba que a reforma tributaria provocara unha forte emigración.

(11) AMC, LAJR 1788, fs. 185-88.



nes". Os deputados presentaban ó facendado galego como "un buen padre de familia" que vivía entre ós seus colonos e caseiros dándolles exemplo e instrucións para a correcta labranza, axuda no caso de malas colleitas, etc. Se os colonos non correspondían ós beneficios que lles dera o propietario, a súa expulsión era rápida e económica: "un simple requerimiento, y este suave y nada costoso medio era, por lo común, el más eficaz estímulo para excitarlos al trabajo y mantenerlos en el respeto". Os deputados non só atribuían os desfiuzamentos á "ignorancia", "inaplicación" e "orgullo" dos colonos, senón tamén ó interese dos propietarios de aumentalos arrendamentos ou á "necesidad, o el gusto de cultivarlos por sí mismos o por sus familias". Os arbitrios da Real Orde, ó obrigar a recorrer ós tribunais, supoñerían danos mutuos para os labregos e facendados. O contrato de locación da terra que se buscaba con aquel decreto tachouse de "leonino". O seu mantemento, sempre segundo a opinión da Xunta, asestaría un golpe fatal á agricultura galega, e os propietarios, ante a escura perspectiva, abandonarían o agro e invertirían o seu diñeiro en negocios máis proveitosos: O Banco Nacional de San Carlos, a Compañía de Filipinas ou calquera outra empresa mercantil.

O Deputado Xeral Aguiar informou do asunto persoalmente ó primeiro ministro, conde de Floridablanca, e ós demais compoñentes da Xunta de Estado. Segundo Aguiar, as peticións do Reino crearan enorme expectativa entre as demais provincias españolas. De todos xeitos, as cartas do Deputado Xeral non lograron evita-la disolución da Xunta. Non se esperou a coñece-lo resultado das instancias, que foi adverso<sup>(12)</sup>.

A fugaz Xunta de 1789 (do 30 de xuño ó 11 de xullo), reunida para apoderar ós procuradores galegos convocados ás Cortes de Xura de Fernando VII como herdeiro do Trono, non perdeu a ocasión de instruír ós representantes do Reino para promove-las peticións de 1788. Sen embargo, en 1793 aínda non se conseguira nada e, xa antes do comezo da Xunta, o Deputado Xeral instaba a que as súas sesións se prolongaran durante o maior tempo posible: "La Junta del Reino es preciso detenerla todo cuanto sea posible, para en el intermedio ver lo que se puede lograr, porque hecha todo cuanto se haga es fuera de tiempo"<sup>(13)</sup>.

A representación solicitando o encabezamento xeral do Reino "arreglado a los productos de todos los Ramos de Rentas Provinciales del quinquenio cumplido en fin del año 87", só contén novidades nos exemplos dos danos provocados pola reforma facendística: "trabas" do Administrador Xeral a un encabezado xusto das cidades, sangrientas desordes públicas, e imposición de gravames excesivos ás vilas<sup>(14)</sup>. Da proposta alternativa da Xunta dedúcese que as oligarquías urbanas non desexaban alivia-las cargas fiscais dos non privilexiados.

(12) AMS, LAJR 1788, cartas de Aguiar á Xunta de 3 de maio e 6 de xuño, s. f. Sobre a negativa gubernamental. *Vid.* ARTOLA, *op. cit.*, p. 344. Aguiar non tivo éxito no seu intento de reunir ás cidades para expoñer a súa petición ó novo Rei Carlos IV. AMC, AM 1788, f. 131.

(13) AMC, AM 1793, fs. 151-55, f. 152v.-53.

Outra representación da Xunta, dirixida ó ministro de Facenda, Diego Gardoqui, criticaba a nova alcabala sobre censos e permutas de terras. Pedíuse a Gardoqui que o imposto do 7% só afectara ás vendas de terras e sobreprezo de diñeiro dos trocos e permutas, porque os gravames irían contra o ben da agricultura, pois as permutas efectuábanse para que os particulares obtiveran “mejor beneficio de las tierras”<sup>(15)</sup>.

No segundo momento da protesta antifiscal o ton dos escritos suplicatorios é mesurado. Inténtase demostrar que Galicia e a Real Facenda beneficiaríanse por igual dos planos da Xunta. En 1800 insistiuse, como avanzamos, todo o que se puido sobre o Goberno, mais desde entón non se volveu utiliza-la asemblea das sete cidades para manifesta-las queixas da oligarquía dirixente contra os impostos. A situación política de 1806 e as limitacións posteriores dictadas por Fernando VII fixeron enmudecer ás Xuntas.

Contrastando coa protesta antifiscal das últimas reunións das capitais galegas, aparece na Xunta de 1793-94 unha do Intendente contra os concellos. O Intendente pediu ó Reino a súa colaboración para que as cidades lle enviasen os estados de “frutos y manufacturas” –informes sobre o estado económico das provincias–, que estas debían dirixir á Intendencia cada ano, pois non cumpriran regularmente con ese deber entre 1788 e 1793. Os deputados acordaron notificar ás súas cidades o requerimento do Intendente.

#### Estados xerais e particulares de froitos e manufacturas enviados á Intendencia (1787 - 93)

	1787	1788	1789	1790	1791	1792	1793
Santiago	1	1	1	0	0	0	0
A Coruña	1	0	0	0	0	0	0
Betanzos	1	1	0	0	0	0	0
Lugo	1	1	1	1	1	0	0
Mondoñedo	1	1	1	1	1	1	0
Ourense	1	1	1	1	0	0	0
Tui	1	1	1	0	0	0	0

FONTE: AMS, LAJR 1793 - 94, f. 177.

(14) *Ibid.* Repr. ó Rei, fs. 218-220v. Entre 1789 e 1790 aconteceron unha serie de levantamentos campesiños na Ulloa (norte de Lugo) nos cales entrevese a manipulación da fidalguía. Cfr. PÉREZ GARCIA, *op. cit.*, pp. 202-3. GIL NOVALES, Alberto, culpa do motín “a las medidas hacendísticas de Lerena, mal pensadas”. Varios recadadores de impostos foron asasinados. Cfr. TUÑÓN DE LARA, M. (Dtor.), *Historia de España Labor*, Barcelona 1982, T. VII, p. 251. Richard HERR atribúe o levantamento de 1790 á “exacción de nuevos tributos entre los labradores”. *En España y la Revolución del Siglo XVIII*, Madrid, 1973, p. 319.

(15) AMC, LAJR 1793-94, conf. 4 abril, fs. 237 e v. e repr. 4 abril, f. 239.



O incidente máis grave do período 1788-1801 foi o rexeitamento da Xunta do deputado tudense D. Pascual Gómez, capitán de Inválidos de orixe portuguesa. Os demais membros do Reino negáronse a acepta-la presenza dun estranxeiro nas súas asembleas. Por iso, e como medida de presión sobre o Goberno para obter un dictame favorable ó conflito con Tui, chegouse a suspender as sesións durante máis dun mes (7 outubro - 16 novembro). Despois de obter un dictame favorable da Cámara de Castela, a Xunta iniciou as súas “conferencias” e aprobou a prórroga de millóns, a máis tardía das concedidas desde 1775 (entregouna ó Gobernador o 12 de nadal). A situación bélica daquel ano, os ingleses chegaron a desembarcar en Doniños para tomar Ferrol en agosto, non forzou unha concesión inmediata como a de 1781. En primeiro termo había que atender ós privilexios do Reino.

**CADRO II**  
**Concesión de Prórrogas de Millóns**

Año	Recepción Cédula	Entrega	Días
1775	24 agosto	16 setembro	23
1781	29 outubro	1 novembro	2
1788	7 abril	9 abril	2
1793	28 decembro	31 decembro	3
1800	20 novembro	15 decembro	25

**3.2.-1806, a última Xunta activa**

A Xunta do Reino de 1806 marca a liña divisoria entre as Xuntas activas do século XVIII e as meramente protocolarias que se celebraron desde a volta ó trono de Fernando VII ata a súa desaparición en 1834. En principio, sen a reacción das cidades, a historia da Xunta tería chegado á súa fin en 1805. O Goberno, sen motivo aparente, alterou a convocatoria inicial dos sete deputados e decidiu aplica-la olvidada Real Resolución de 1752 que como xa antes apuntamos, supoñía a extinción da Xunta do Reino. Sen embargo, as protestas das capitais galegas conseguiron o restablecemento da súa asemblea e os deputados tentaron manter en 1806 a orde habitual das sesións como se nada pasara<sup>(16)</sup>. Con todo, tratouse dun

(16) Vid. a convocatoria inicial sen anomalías en AMS, AM 1805, Ag.-Nov., Consistorio 23 outubro, f. 125 e fs. 379-82 e 389. Na Coruña AM 1805 f. 75 e 79. O 5 de decembro viuse a Orde da Cámara de Castela que mandaba observar a R. O. de 12 setembro de 1752, fs. 87-88. A Coruña cuestionou a RI. Orde porque privaba ó Reino de “una de sus mayores regalías y privilegios”. AM 1805, f. 87v. Acordouse pedir o Rei “la continuación de la Junta de Reino en Cortes para la concesión de Millones de seis en seis años según la costumbre constituida que pasa de algunos siglos...” (f. 87v-88). O 12 de decembro acordouse conceder a prórroga de millóns, pero sen que servira de “ejemplar... con las mismas protestas que las más capitales ejecuten”, fs. 88v.-89. Santiago tamén pediu en testemuño da súa prórroga a conservación do Reino. AMS, AM 1805, Consistorio 19 dec., f. 34 e v. Vid. sobre os intentos de disimular a perda do dereito da Xunta de 1806 AMC, AM 1806, f. 22v. Os oficios e representacións da Xunta de 1806 dirixidos ó Rei e os seus ministros mantiveron o encabezamento habitual das anteriores: “El Reino de Galicia reunido en la ciudad de La Coruña para el Servicio y Sorteo de Millones...”. AMS, LAJR 1806, conf. 28 de maio, f. 61 v e fs. 62v-65. Espérase “que ya en lo sucesivo no haiga la menor dificultad en ver restablecida esta respetable Asamblea”, f. 44v da copia do AMC. Como si se tratase dunha Xunta normal, apróbase a prórroga de millóns, fs. 44v.-45.



éxito parcial. Aínda que os capitulares pretenderon acharse congregados para concede-la prórroga de millóns, só se lles convocou para efectua-lo sorteo de comisarios.

Dicimos que a Xunta de 1806 foi activa porque, cando menos, conservou a prerrogativa de elevar súplicas ó Rei, é dicir, continuou no seu papel de voceiro de Galicia. Non obstante, os deputados eran conscientes do probable final das súas Xuntas se non puidesen conceder novas prórrogas de millóns, de aí os seus esforzos por disimular esa anomalía da súa reunión. Se a Xunta perdía o dereito a prorroga-los millóns ¿por que ía convoca-lo Rei ós deputados e atende-las súas súplicas?

A marcha adversa do conficto con Gran Bretaña condicionou as peticións da Xunta de 1806, tanto no seu número, seis escritos, como nos obxectivos. De feito, tal vez, este fora o motivo da aplicación da norma de 1752. Recórdese que o 21 de outubro de 1805 a Armada española foi esnaquizada en Trafalgar. O axuntamento de 1800 demostrara que a institución galega podía ser molesta; polo tanto, as autoridades de Madrid puideron xuzgar oportuno non acudir á Xunta para obter a prórroga de millóns.

En definitiva, as cidades lograron evita-la desaparición da Xunta do Reino ó obter a súa convocatoría en 1806, mais a perda do dereito a concede-la prórroga de millóns supuxo un golpe moi duro. A continuidade da Xunta quedaba cuestionada ó falta-lo motivo básico da súa reunión.

### 3.3.-1818-1834, as Xuntas amordazadas

Segundo semella, o estalo revolucionario de 1808 en Galicia propiciou a convocatoria dunha Xunta do Reino para dirixi-la guerra contra os franceses. O "Reino junto en Cortes" ostentou ata a entrada das tropas invasoras o poder político, fiscal e militar; mais esta Xunta revolucionaria, a documentación da cal está en Madrid, non sobreviviu á derrota e foi substituída en 1809 por outra institución, a Xunta de Armamento e Defensa<sup>(17)</sup>. En síntese, podemos dicir que a Xunta de 1808 foi un momento especial na historia do Reino que rompeu coa esencia institucional con que foi creado este órgano representativo.

A volta ó trono de Fernando VII confirmou os temores de 1806; a Xunta de 1818 non só non puido prorroga-los millóns, senón que perdeu o dereito de petición. Polo tanto, desde 1818 a Xunta limitouse ó sorteo dos comisarios de millóns de Galicia, quen, á súa vez, participaban no xeral celebrado en Madrid

(17) DÍAZ OTERO, A., *Orígenes, estructura y evolución de la Junta Suprema de Galicia, 1808-13*, Santiago, 1981. Memoria de licenciatura inédita.

para servir na sala do Consello de Facenda encargada de todo o relativo ó servizo. Estes comisarios tamén desempeñaban desde 1694 o papel de deputados do Reino, polo que, teoricamente, eran a voz dos súbditos da Coroa de Castela na ausencia de Cortes. A perda da representatividade da Xunta foi a contestación do Goberno ós intentos das cidades de restablece-los privilexios e regalías da súa asemblea; e aínda que no congreso de 1818 houbo protestas contra a prohibición de elevar súplicas, o conservadurismo dos deputados non deu lugar a posicionamento reivindicativo ningún<sup>(18)</sup>. Mais aínda foi peor o encontro de 1827, onde o clima de adhesión absolutista non permitiu a máis leve sombra de crítica ó réxime. Así, un parágrafo ambiguo co que remataba a negativa do Concello de Santiago a adianta-lo diñeiro para os gastos da Xunta, provocou unha enérxica reacción desta. O Concello compostelán foi instado a aclarar de inmediato o significado das súas palabras, que podían comprometer “el honor del Reino” polo seu posible sentido proliberal. A Xunta, non satisfeita coas explicacións de Santiago, chegou a se dirixir a Fernando VII para disipar toda sospeita<sup>(19)</sup>.

Con todo, o breve congreso de 1833, convocado para a elección de procuradores á xura da infanta Isabel, manifesta o desexo dos deputados de recuperala súa voz ante as autoridades. Na conferencia do 11 de maio acordouse elevar “una reverente y enérgica representación a su Majestad” contendo varias peticións, e comisionouse a dous vocais que presentarían un borrador para a súa aprobación pola Xunta. Mais uns días despois o acordo foi suspendido. Os deputados alegaron que a importancia das solicitudes esixía máis tempo e como o Reino estaba a piques de se disolver deixouse ó arbitrio dos concellos o suplicar ó monarca. Chegado o caso, os procuradores enviados a Madrid apoiarían as instancias, “ya por medio del diputado del Reino o ya haciéndolo ellos mismos a los pies del trono si lo hallaban conveniente”<sup>(20)</sup>.

A derradeira Xunta do Reino de Galicia (1834) deuse por vencida no intento de recupera-los seus dereitos e privilexios. Os deputados aceptaron que

---

(18) AMC, LAJR 1818, n. 32, fs. 62-63, 62 v. A través do Deputado Xeral coñecemos un recurso presentado por Santiago, Lugo e Tui para restablecer a Xunta do Reino. O parecer, os fiscais do Consello de Castela non deron o seu visto e praxe á petición, pois non vían en ningunha cédula o permiso “para tratar de examinar las causas y remedios de los males” que afectaban a Galicia, como o pedían as citadas cidades. A Cámara de Castela opoñíase tamén a que a Xunta prorrogase os millóns. AMS, AM 1817 xan-mar., f. 227 e 329-332 v. A Coruña deu a súa aprobación á prórroga, pero acordou pedir a supresión da Orde de 1752. Posteriormente a cidade herculina adheriuse ós intentos de Betanzos e Lugo de restablecer a Xunta. AMC, AM 1817, Axt. 31 xull., fs. 66 v.- 67 e 79.

(19) AMC, LAJR 1827, carta de Santiago 26 de xaneiro, s. f. e representación ó Rei, 10 febreiro.

(20) AMC, LAJR 1833, conf. 11 maio, s.f. e conf. 14 maio, s. f.



o Reino non podía “en maneira alguna” dirixir representacións e que a súa Xunta era simplemente un “un acto de material asistencia”<sup>(21)</sup>.

A defensa das “únicas prerrogativas” que conservaba o Reino de Galicia –dereito a participar na Deputación dos Reinos e o mantemento da Deputación Xeral na Corte–, foi o tema central da Xunta. Evidentemente, tódolos seus membros sabían que a perda destas últimas prerrogativas supoñería a fin dos encontros do Reino. As sesións da Xunta desenvolvéronse en medio dunha atmosfera pesimista sobre o seu futuro, e o 13 de febreiro os malos presaxios empezaron a verificarse. Aquel día tívose noticia dunha solicitude á Raíña do subdelegado de Fomento da Coruña para suprimi-las “Diputaciones de Reino y de Millones”. Segundo parece, esta fora a reacción do subdelegado a unha carta do Deputado Xeral en Madrid, marqués de San Martiño, felicitándoo polo seu nomeamento e ofrecéndolle a súa colaboración para promove-los intereses de Galicia<sup>(22)</sup>. A Xunta, debido á perda da súa capacidade representativa, confiou a defensa dos “fueros y privilegios de Galicia” a San Martiño, quen pronto redactou un escrito en defensa da compatibilidade da Deputación do Reino e as novas subdelegacións de Fomento. A súa argumentación básica era a efectividade e o baixo custo da Deputación de Galicia. De todas maneiras, a Xunta tiña presente que os seus dereitos estaban pouco seguros, pois Galicia non contaba cunha historia escrita que xustificase a súa individualidade nacional, e, nin sequera a súa era ben coñecida. Por contra, aí estaban as Deputacións das provincias vascas, que se mantiñan coas súas “primitivas facultades”<sup>(23)</sup>.

San Martiño non deixou de dar ánimos ata o final da Xunta, mais sorpréndenos a súa desorientación política. San Martiño sinalaba como unha avantaxe o mantemento do Reino “a cargo del principal Cuerpo de la Nación”, o Consello de Castela, órgano administrativo en decadencia desde principios de século. Pouco despois de se dissolve-la Xunta o Goberno aboliu a Deputación dos Reinos, onde asistían os comisarios sorteados na Xunta (9 de xuño de 1834), cesando así o último motivo para reunir ós sete deputados; e algo máis tarde suprimíase a Deputación Xeral de Galicia, alegándose o dereito petitorio dos novos próceres e procuradores (29 de xaneiro de 1835).

Finalmente, citemos como unha das características das Xuntas celebradas entre 1818 e 1834 os numerosos erros de “procedemento”, é dicir, de mecánica institucional, atribuídos polos vocais á variación na normativa da convocatoria. En 1834 tiveron que explicar ás cidades como se celebraba unha Xunta do Rei-

(21) *Ibid.*, LAJR 1834, conf. 17 febr., fs. 60 e v. e f. 75.

(22) *Ibid.*, conf. 13 febr., fs. 51 v.-52, carta ó D. Xeral, fs. 52-53 e oficio ás cidades, fs. 53 v.-54.

(23) *Ibid.*, oficio ó D. Xral. de 22 febr., fs. 68 e v.





*D. José María de Prado y Neira, marqués de San Martiño, derradeiro Deputado Xeral do Reino de Galicia. O marqués foi unha das figuras políticas galegas máis importantes do primeiro tercio do século XIX (retrato publicado por cortesía da familia Ozores Marquina).  
Foto Xulio Correa. Hércules de Ediciones, S.A.*



*Dña. Ramona Ozores Valderrama, muller do marqués de San Martiño e sobriña do Deputado por Santiago na Xunta de 1827 D. Manuel María Valderrama y Barrio. As liñaxes fidalgas máis importantes uníronse mediante o matrimonio (retrato publicado por cortesía da familia Ozores Marquina), Foto Xulio Correa. Hércules de Ediciones, S.A.*

no. En medio do confucionismo das últimas reunións o deputado de Santiago recibiu o título de presidente<sup>(24)</sup>. A estes malentendimentos sumáronse os problemas para o pagamento dos deputados e gastos dos seus congresos, orixe de novos incidentes.

Convertida nun simple acto protocolario as únicas reivindicacións da Xunta desde 1818 tiveron que ver con cuestións de etiqueta. En 1818 reclamouse ó Capitán Xeneral a concesión das honras militares do Reino e este accedeu gustoso. En 1827 os deputados molestáronse porque os ministros da Audiencia os recibiron o día do sorteo “con las capas puestas”. Tanto obsesionou ós vocais o desaire que acordaron non se disolver ata conseguir unha providencia do Gobernador para que non se repetise a descortesía, se non, acudirían ó Rei. A disolución, de todos xeitos, efectuouse sen retrasos. O agravio foi recordado ó Gobernador en 1833 e esta vez os ministros da Audiencia presentáronse “con togas sin capas”<sup>(25)</sup>.


#### IV. A NATUREZA DA XUNTA DO REINO A FINS DO ANTIGO RÉXIME

---

(24) *Ibid.*, fs. 100-101 v. e LAJR 1833, conf. 4 maio, s. f.

(25) AMC, LAJR 1827, confs. 12 e 13 febr., e oficio do Rl. Acordo a Egúfa. *Ibid.*, LAJR 1833, confs. 9 e 10 de maio.





THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS  
5 EAST ASH STREET  
CHICAGO, ILL. 60607  
U.S.A. AND CANADA  
1985

#### IV. A NATUREZA DA XUNTA DO REINO A FINS DO ANTIGO RÉXIME

[14] J. GARCÍA GÓMEZ, *1904. Los años de los sucesos* - T. II, p. 72. A XUNTA DO REINO XERMANIA, Regencia, *Asamblea de los señores de la Corona*, J. GARCÍA GÓMEZ, *Historia de los sucesos de 1904*, T. I, p. 100. J. GARCÍA GÓMEZ, *Historia de los sucesos de 1904*, T. I, p. 100. J. GARCÍA GÓMEZ, *Historia de los sucesos de 1904*, T. I, p. 100. J. GARCÍA GÓMEZ, *Historia de los sucesos de 1904*, T. I, p. 100.

[15] ART. 1.º del Reglamento de 17 de Mayo de 1789. *Historia de España*, T. 47, p. 100. J. GARCÍA GÓMEZ, *Historia de los sucesos de 1904*, T. I, p. 100.

IV A NATUREZA DA FUNÇÃO DO REINO  
A FIM DO ANTIGO RÉGIME



A maioría dos estudosos que teñen investigado ou, cando menos, reflexionado acerca do tema, coinciden en calificar á Xunta como un órgano representativo; isto é, como unha asemblea facultada para falar ó Rei e ós seus ministros en nome de Galicia<sup>(1)</sup>. A mesma Xunta tiña plena conciencia desa función pois, como temos dito, chamábase “Reino”, e denominou ós escritos suplicatorios que dirixía á Coroa e os seus ministros “representaciones”. Esta imaxe dunha institución destinada a pedir ó Goberno solucións para os problemas do Reino é a que primou nos derradeiros anos da vida da Xunta. Así, o último Deputado Xeral de Galicia en Madrid, o marqués de San Martiño de Hombreiro, definiu os encontros dos sete deputados como “reuniones” onde “trataban del bien procomunal y se discutían los puntos sobre que hubiese que hacer peticiones al Rey;”<sup>(2)</sup>. San Martiño tamén apuntaba como a Xunta atendera ó “servicio real”, mais non especificou tales servicios, segundo o Deputado achábanse detallados nos libros de actas. É lóxica esa vaguedade, pois, como temos visto nos capítulos anteriores, o Goberno abandonara os “servicios” da Xunta a principios do século XVIII. Cando no 1818 perdeu a capacidade representativa, a Xunta converteuse nun acto protocolario (sorteo de comisarios de millóns); non obstante, aínda se mantivo a Deputación Xeral de Galicia en Madrid para

---

(1) Cfr. FERNÁNDEZ VEGA, Laura, *La Real Audiencia...*, T. II, p. 72.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, “Juntas del Reino...”, p. 129; FRAGA IRIBARNE, M., Prólogo á obra de FERNÁNDEZ-VILLAMIL, E., *Juntas del Reino de Galicia...*, T. I, p. XIII; GONZÁLEZ LOPEZ, E., *Historia de Galicia*, p. 496; GONZÁLEZ MARIÑAS, P., *Las Diputaciones Provinciales en Galicia...*, p. 35; PÉREZ GARCÍA, J. M., *Historia de Galiza*, p. 146; y ELÍAS DE TEJADA, F., *El Reino de Galicia*, Vigo, 1966, Vol. I, p. 173.

(2) ARG, Correspondencia Oficial do Marqués de S. Martiño de Hombreiro, Madrid, 1834, s.f., representación á Raña sobre a Utilidade e Historia da Deputación de Galicia. Existe outra copia de 16 febreiro de 1834.

avogar polos intereses das sete provincias, vestixio da Xunta que apenas a sobreviviu ó considera-lo Goberno que o Deputado era "innecesario" a causa do dereito de petición dos recién creados próceres e procuradores (R. D. 29 de xaneiro de 1835).

Como xa sinalabamos, a representatividade da Xunta era limitada, pois atendía só ás aspiracións das oligarquías fidalgas que controlaban os concellos das sete capitais. En definitiva, a defensa dos privilexios e do réxime socioeconómico hexemonizado pola pequena nobreza orientaron a actividade suplicatoria do Reino. Sen embargo, entre 1775 e 1806 aparece un bo número de peticións que amosan a preocupación dos deputados polo ben común. Aínda máis, probablemente en ningures na historia das Xuntas promoveron tantos proxectos beneficiosos para os naturais de Galicia<sup>(3)</sup>. O noso rexistro de súplicas (Vid. relacións) e o seu estudio, e outros actos da Xunta, como a dotación de sete doncelas orfas no 1788<sup>(4)</sup>, fan boa a cláusula dos poderes dos deputados que os autorizaba a tratar sobre o "mejor bien estar de los vasallos del Rey empleados en la cultura y labranza de las tierras, Artes y manufacturas con que mantienen y sostienen la Monarquía en las contribuciones que se les cargan para este fin"<sup>(5)</sup>.

Así, vemos que desde 1775 o Reino tentaba se facer coa planificación e mailo control das obras dos camiños de Galicia, empeño perseguido aínda no século XIX por medio do Deputado Xeral. A Xunta tamén interveu no tema educativo para solucionar os conflitos da Universidade de Santiago; pediu e obtivo unha cátedra de cirurxía e alentou o establecemento de seminarios diocesanos para forma-lo clero a fin de que instruíse ós fregueses. En materia de sanidade os vocais do Reino auspiciaron iniciativas para a mellora da saúde pública (control da cualificación profesional dos que exercían a medicina, apoio á vacinación). No que atinxe á Xustiza pediuse a fin dos abusos dos subalternos dos tribunais, e tentouse abarata-lo seguimento dos preitos. A defensa da liberdade de pesca foi outro asunto que estivo a preocupar á Xunta, e non foi menos o problema dos arrendadores do imposto de utensilios e o do aloxamento das tropas. Así mesmo, o interese polos desamparados vese nas peticións feitas para o levantamento de hospicios e incluso nas sete provincias. Tamén no beneficio da comunidade sostívose a necesidade de poñer fin á crise dos rexementos (absen-

(3) FERNÁNDEZ VEGA só atribúe ás Xuntas do Reino o mérito de colaborar co Gobernador na defensa de Galicia durante o século XVI e de se ter oposto a algunhas levas e abusos. Vid. T. II, pp. 86-87. PÉREZ GARCÍA afirma que salvo a consecución da rebaixa da presión fiscal non se pode dicir que a existencia da Xunta fose útil, *Cfr., op. cit.*, p. 146.

(4) AMS, LAJR 1788, conf. 21 abril, dotación de orfas co gallo do parto da princesa de Asturias, s. f.; e sorteo 2 xuñ.

(5) AMS, LAJR 1793-94, poder da Coruña.



tismo dos capitulares). Pediu-se o cesamento do sistema fraudulento da venda do sal ó por menor, e mesmo, o Reino chegou a ocupar da caza de lobos e raposos, conseguindo a dotación dun lobeiro, segundo parece, bastante eficaz<sup>(6)</sup>.

Pérez García opina que a Xunta é “unha especie de reprodución a escala galega” das Cortes Xerais<sup>(7)</sup>, e, certamente, os deputados do Reino a fins do Antigo Réxime semellaban ter esa imaxe da súa asemblea. É un feito que desde 1775 ata 1827 atopamos nas actas da Xunta e dos concellos o termo Cortes aludindo ó axuntamento dos sete deputados<sup>(8)</sup>. Sen embargo, o que máis chama a atención do emprego do título de Cortes non é o uso que del fai a Xunta, senón a aceptación do mesmo, tanto por parte do Rei e os seus ministros, como polos particulares<sup>(9)</sup>. Nunha época na que utilizar un título impropio –por exemplo, o de cabeza de Reino– suscitaba de inmediato chamadas á orde e ameazas de sanción, a Xunta non é amoestada nin unha soa vez por tal motivo. Congreso e Asemblea son tamén denominacións manexadas polos deputados. Sorprende que mesmo no reinado de Fernando VII a Xunta aludise a “los honores que por inmemorial privilegio tiene el Reino cuando se reúne en Cortes”<sup>(10)</sup>.

En síntese, podemos dicir que a fins do Antigo Réxime os Concellos das sete capitais e os seus representantes consideraron á Xunta como o “común Padre de la Patria”, adicado a promover o benestar xeral de Galicia. Esta imaxe é unha idealización, mais, obsérvase de certo nos derradeiros axuntamentos dos deputados un interese por mellorar, dentro da concepción socioeconómica dos fidalgos, o nivel de vida de tódolos habitantes do Reino. Despois de cumprir co servizo ó Rei (aprobación da prórroga de millóns) as Xuntas centraron a súa actividade na discusión e preparación de peticións dirixidas ó Soberano e os seus ministros. Por tanto, o labor representativo da Xunta foi, quizais, máis evidente ó longo dos seus últimos anos de vida activa (1775-1806). As Xuntas do Reino deron a oportunidade ós dirixentes galegos de coñecer e discutir as súas inxerencias, e pedi-la solución dos males que, ó seu entender, sufría Galicia. O exame da realidade galega de fins do Antigo Réxime e a súa comprensión quedan incompletos se non se atende ás opinións da Xunta do Reino.

---

(6) Sobre a actividade de D. Juan Aramburu véxase AMS, AM 1789, primeiro semestre, Axto. 9 febreiro, fs. 103 v. -104 v.

(7) PÉREZ GARCÍA, *op. cit.*, p. 146.

(8) “...sobre que recae la convocatoria en Cortes de este Reino para la propuesta que S. M. le hace...” AMC, LAJR 1775, exame de poderes, conf. 23 agosto, s. f. Lugo pide en 1806 ás demais cidades que “sus Diputados del Reino en Cortes” se ocupasen do prexuízo ocasionado polo gravame de 4 maravedís en cuartillo de viño. AMS, LAJR 1806, conf. 31 maio, f.69.

(9) Nin o Rei, nin o Consello de Castela, nin os príncipes de Asturias obxectaron nada ás representacións encabezadas “El Reino de Galicia, junto en Cortes...”, feitas entre 1775 e 1788.

(10) AMC, LAJR 1818, Conf. 15 maio, f. 33v., e LAJR 1827, conf. 24 xaneiro, s.f.





## V. A AUTONOMÍA DA XUNTA DO REINO





Teoricamente, o poder “amplio, general y decisivo sin limitación alguna” outorgado polos concellos ós seus deputados dáballes autonomía total unha vez constituídos en Xunta. Sen embargo, as Xuntas observaron a presenza de certas restriccións nos poderes dos seus membros. En 1775 apreciouse que Santiago limitaba a capacidade do seu deputado á aprobación da prórroga de millóns. Segundo os demais capitulares, esta limitación parecía atribuírse á falta de confianza de Santiago no seu deputado, pois o costume era estende-lo poder non só para atende-lo servizo real, senón tamén “para los más (asuntos) en que interesen los naturales de este Reino”<sup>(1)</sup>. En consecuencia, pedíuse a Santiago unha ampliación do poder do seu deputado, D. Josef Benito Montenegro, e, entretanto, permitiúselles tomar parte na decisión de calquera tema de interese xeral para Galicia. Santiago respondeu poñendo de manifesto que o poder do seu deputado se estendera do xeito habitual. O Concello compostelán cría ter facultado a Montenegro en “todo lo conducente al Servicio de S. M., Honor del Reino, y alivio de sus naturales, que es lo que generalmente nos interesa”<sup>(2)</sup>. De todas maneiras, non se negou a ampliación do poder nos termos solicitados pola Xunta. Pode, pois, que a Xunta de 1775 actuase con demasiada suspicacia, mais en 1800 non houbo dúbida na limitación luguesa. O Consistorio de Lugo contestou ó oficio do Reino pedindo un poder máis amplo, que nos asuntos independentes da convocatoria da Xunta –prórroga de millóns– debía “tomar conocimiento” en prevención de posibles prexuízos para a súa provincia. Lugo cedeu ás esixencias e alegou no seu descargo que as presións dos pobos da súa provincia foran o motivo da súa resistencia a conceder un poder xeral<sup>(3)</sup>.

---

(1) AMC, LAJR 1775, conf. 23 agosto.

(2) *Ibid.*, carta de Santiago 30 de agosto.

(3) AMC, LAJR 1800, n. 29, oficio de Lugo, 14 out., f. 24 e conf. 6 out., fs. 115v-116; e conf. 11 dec., fs. 82 v.-83, oficio a Lugo, f. 84. Acordo do Axto. de Lugo e oficio ó Reino, fs. 85-87.

En 1806 a entrada en vigor da lei de setembro de 1752 implicaba que os deputados só tiñan que se reunir para celebra-lo sorteo de millóns. A Xunta tivo que aceptar por iso os poderes restrinxidos de Lugo e Santiago, mais como se pretendía disimular este anómalo congreso, advertiuse ós deputados de ambas cidades que comunicasen ás súas corporacións que en adiante outorgasen os poderes segundo os termos establecidos ("con toda amplitud y claridad"). De todas formas, na mesma Xunta Betanzos limitou o poder do seu deputado, reservándose o coñecemento dos asuntos tocantes á súa provincia. Gracias ó Gobernador, Betanzos cambiou o seu poder e pediu desculpas; non desconfiaba do seu deputado, senón que tentaba de orientalo "con algunhas luces"<sup>(4)</sup>.

En 1834 o problema xa non foi a limitación de poderes, senón a súa ausencia, xa que os deputados de Betanzos e Ourense acudiron á Xunta sen eles. As súas corporacións parecían innecesario repeti-los poderes baleiros doutros congresos chamados para efectuar tan só o sorteo de comisarios de millóns do Reino. Con todo, os demais membros da Xunta obrigáronlles a presentalos.

Outra limitación importante á autonomía da Xunta respecto das cidades era a súa falta de facenda propia. A carencia de ingresos independentes dos aportes das provincias impedía non só o mantemento dunha infraestrutura estable do Reino (sala de Xuntas, oficinas, etc.), senón que tamén deixaba ós deputados a mercede das capitais máis poderosas. Así, en 1801 os deputados de Santiago e Ourense, as maiores provincias contribuíntes, ameazaron con non pagar ós demais deputados a parte do soldo que cotizaban se non se aprobaba un capítulo de gastos para promover a estrada entre Santiago e Monterrei<sup>(5)</sup>. Santiago sempre fixo pesa-la súa condición de provincia máis gravada polos gastos da asemblea para xustifica-los seus privilexios.

Os deputados seleccionaban as peticións das capitais que ían dirixirse a Madrid a través da Xunta, mais estas condicionaban o voto dos seus rexedores. En 1781 os deputados da Coruña e Betanzos propuxeron efectuar un donativo ó Rei. Na votación subseguinte vemos como o deputado ourensán decidiu non aproba-lo donativo sen a anuencia do seu Concello, e, por iso, en vez de expresa-lo seu punto de vista, entregou unha carta da súa cidade contra o donativo<sup>(6)</sup>. Os votos dos demais rexedores dannos a entender que non podían decidir nada sen o consentimento das súas corporacións respectivas. A falta de capacidade decisoria da Xunta obsérvase mellor na orde dada ó seu Deputado Xeral para que sondease ante o Consello de Castela a posibilidade de establecer unha

(4) AMS, LAJR 1806, poder de Betanzos 5 xuño., fs. 108v-14, f. III v.

(5) AMC, LAJR 1800, fs. 379-82 v.

(6) AMC, LAJR 1781, conf. 29 nov. e carta de Ourense ó seu deputado Martínez Feijoo, 12 nov., s. f.

Deputación permanente do Reino na Coruña; tódalas cidades deberían aprobar antes a idea<sup>(7)</sup>. Aínda que mesmo son máis evidentes as instrucións de Santiago ó seu deputado en 1794 co gallo dunha oferta de tropas ó Rei. O señor Varela Fondebila é apremiado a “disuadir a los demás Diputados de un proyecto que de luego a luego considera la Ciudad oneroso a todo el Reino no acudiendo con su voto determinadamente interin no reciba las instrucciones que se le ofrecen”<sup>(8)</sup>. O mesmo asunto levou ó deputado ourensán a consulta-la opinión do seu concello antes de votar nada e suspendeuse o trámite da oferta ata que Ourense instruiu o seu representante<sup>(9)</sup>. No tema do encabezado das Rendas Provinciais (1794), o deputado tudense é o que manifesta ordes do seu consistorio<sup>(10)</sup>.

Os exemplos expostos deixan claro que á hora de decidir algo trascendente os deputados limitábanse a cumprir-las ordes das súas cidades. Só a selección dalgunhas peticións, a súa presentación formal e as súplicas menores ou pouco custosas eran confiadas á Xunta. A isto parece terse reducido a autonomía da Xunta entre 1775 e 1806, o período final da súa vida operativa.

## VI. XUNTA E CIDADES

---

(7) *Ibid.*, conf. 29 nov., Sétima instrucción ó Deputado Xeral Aguiar, documento sen data nin foliación.

(8) AMS, AM 1794, xaneiro-xull., Axto. 2 de xaneiro, f. 13.

(9) *Ibid.*, LAJR 1793-94, conf. 13 xaneiro e oficio do deputado de Ourense á Xunta, fs. 88 e 72-73.

(10) AMC, LAJR 1793, conf. 1 abril, f. 216.







VI XUNTA E CIDADES



## 6. 1.—Os conflitos das cidades na Xunta

Os conflitos entre as sete capitais seguiron a se desenvolver ata a desaparición da Xunta. En primeiro lugar, atopámonos coas desavenencias entre Santiago e os outros concellos pola capitalidade de Galicia, desavenencias que se mantiveron ata 1788. Non obstante, A Coruña non deixou de incluír nos poderes dos seus deputados unha cláusula encargándolles que impedisen que algunha cidade empregase o título de cabeza do Reino. Por outra banda, A Coruña e Santiago chocaron tamén co gallo da sede da Real Audiencia. En 1775 o Concello compostelán fixo un encargo secreto ó seu rexedor: o logro do traslado do tribunal a Santiago. A medida xustificábase alegando a situación periférica da Coruña, que só beneficiaba á súa provincia e á de Betanzos. Na votación da proposta A Coruña obtivo o apoio das provincias norteñas (Betanzos, Lugo e Mondoñedo), mentres que Santiago só recibiu o voto favorable de Tui<sup>(1)</sup>. Santiago acadou o seu obxectivo xa no século XIX durante a “ominosa década”, pero o traslado de todo o aparato gubernativo do Reino estivo ligado ó período de mando do Capitán Xeneral D. Nazario Eguía (1824-32), un ultraabsolutista desprazado polo xeneral Morillo no 1832, quen restableceu a sede do goberno de Galicia na Coruña. Con todo, Santiago loitaba aínda en 1834 para obter a sede definitiva da Audiencia, acción á que, como é lóxico, opúxose A Coruña<sup>(2)</sup>.

Noutro campo conflictivo, o turno de voto en Cortes, habemos de sinalalo mantemento das queixas de Betanzos contra a dobre quenda de Santiago (1789, xura do príncipe D. Fernando e 1833, xura da princesa Isabel)<sup>(3)</sup>.

(1) AMC, LAJR 1775, conf. 1 set., s. f.

(2) AMC, AM 1834, tomo 1, Axto. 23 xaneiro, f. 17. A Coruña decidiu pedir apoio a Betanzos, Lugo e Mondoñedo.

(3) AMC, LAJR 1789, 15 xuñ., poder de Betanzos, s.f.; e LAJR 1833, poder de Betanzos, 26 abril, e oficio á Xunta do 4 de maio do deputado Romay, s. f.

A estas vellas disputas engadiuse en 1775 outra nova entre Ourense e Betanzos pola preferencia de asento na Xunta (Ourense pretendía cambia-lo seu sexto posto polo terceiro de Betanzos alegando maior antigüidade). A partir de entón os libros de acordos non deixan de recolle-las protestas de Ourense en demanda dun lugar preferente e a defensa do deputado brigantino contra tal pretensión. A polémica extinguiuse coa Xunta en 1834<sup>(4)</sup>.

## 6. 2.—Xunta e rexementos

Os rexedores perpetuos foron os membros dos concellos que dominaron a Xunta do Reino. As oligarquías urbanas posuidoras deses oficios viron merma-lo seu poderío ó longo do século XVIII debido á política centralizadora dos Borbóns, e desde os anos sesenta sucedéronse varias reformas municipais que diminuíron máis o valor das rexedorías perpetuas. No caso da Coruña os novos rexedores bienais (electivos) convertéronse nos protagonistas dos concellos, pois sen a súa presenza non se podían celebrar. As Xuntas tiveron que aceptar a estes edís, así como ós rexedores “añales” de designación episcopal de Tui nos sorteos de millóns por orde do Goberno (1764). Conscientes da súa perda de poder, os rexedores perpetuos aproveitaron as Xuntas para defende-la súa posición.

En 1781, a proposta de José Cornide, deputado por Santiago, o Reino pediu ó monarca que mandase prove-las rexedorías perpetuas de Tui, suspensas naquel ano. A falta de títulos lexitimados pola Cámara de Castela, especialmente dos que eran propiedade de Grandes de España, provocara a ausencia de rexedores perpetuos dos consistorios tudenses. Así, os catro rexedores anuais nomeados polo Bispo fixéronse co control da vida municipal en Tui. Era, pois, necesario, segundo a Xunta, obriga-los propietarios a exerce-los oficios ou poñe-los tenentes coa calidade de nobreza requerida para ocupa-las rexedorías perpetuas<sup>(5)</sup>. En 1788 renovouse a instancia e fixéronse presentes os prexuízos causados ó Rei e ó público, xa que os anuais non tiñan capacidade para atender tódalas funcións necesarias ó Concello (o seu carácter anual e a súa falta de nobreza impedíalles o desempeño de certos asuntos). Se os propietarios non obtiñan os títulos precisos para exerce-los seus oficios, pedíase á Cámara de Castela que o Rei llos concedese a outros individuos. A Xunta solicitaba tamén a substitución dos catro rexedores anuais por oito de carácter vitalicio designados polo Bispo. Os novos oficios proveríanse en persoas “de clase distinguida”; deste xeito, poderían cumprir tódalas misións que lles confiase a corporación<sup>(6)</sup>. En 1794 volveuse a elevar á Cámara a instancia<sup>(7)</sup>. Ata 1800 non detectamos a presenza de rexedores perpetuos tudenses nas Xuntas.

(4) AMC, LAJR 1775, conf. 24 out. Ourense consegue poñer da súa parte a Santiago, Mondoñedo e Tui, mais non se altera a orde de asento.

(5) AMC, LAJR, 1781, conf. 3 nov., e repr. ó Rei da Xunta 22 dec.

(6) AMS, LAJR 1788, s.f., conf. 26 maio e repr. á Cámara de Castela 31 maio

(7) AMC, LAJR 1793-94, repr. 31 marzo á Cámara de Castela, f. 211v.



A Xunta de 1788 ocupouse con detemento do estado dos Rexementos das sete capitais. A primeira intervención foi a do deputado compostelán D. Francisco Taboada, quen informou ós seus homónimos da inestabilidade das rexedorías de Santiago provistas polo Arcebispo (18 dos 24 oficios do rexemento)<sup>(8)</sup>. Estas rexedorías eran “renunciabes”, isto é, os seus propietarios para traspasalas debían presentar unha renuncia ó oficio ante a cámara do Bispo nos prazos legais establecidos con anterioridade ó seu falecemento. De non se cumprir ese requisito o oficio volvía á Cámara episcopal<sup>(9)</sup>. Por tanto, as “Casas de distinción” que gozaban dos oficios podían perdelos no caso dunha morte súbita que impedise ó rexedor en exercicio formaliza-la renuncia. Taboada informou do valor de cada unha das rexedorías: 2.000 ducados. Alegando estes prexuízos, o deputado santiagués solicitou o envío dunha súplica ó Rei para conseguir fixa-la propiedade dos oficios de rexedor nas casas que os tiñan “perpetuamente”. No sucesivo o Arcebispo outorgaría os títulos, mais suprimiríanse as “renuncias semanais”, escuro mecanismo polo que se previña a devolución do oficio no caso de morte repentina do capitular<sup>(10)</sup>.

Días máis tarde, abordáronse os problemas dos rexementos das catro cidades abandegas (Santiago, Lugo, Mondoñedo e Tui), e das de xurisdicción real (A Coruña, Betanzos e Ourense, a pesar de se-la “villa de su Obispo”)<sup>(11)</sup>. De tal exame saíu un escrito suplicatorio á Cámara de Castela dando conta, en primeiro lugar, do estado dos rexementos das cidades episcopais. O abuso da renuncia semanal levaba, segundo se dicía, a que os rexedores se excusasen dos seus deberes, mesmo dos do servizo real, se era preciso ausentarse da cidade a lugares sen escribáns que formalizasen a renuncia. De seguido expuxéronse os males dos rexedores anuais de Tui, xa mencionados, e os do Concello herculino. En 1764, tralo establecemento forzoso dos bienais, prognosticábase o dano que causarían os ditos oficios. Agora verificábase. Por desgracia, afirmaban os deputados, algúns destes rexedores bienais eran individuos intrigantes do “estado llano” que non só entorpecían a vida nuncipal coruñesa (sen a súa asistencia non había axuntamento), senón que, ademais, formaran un grupo que se bene-

(8) AMS, LAJR 1788, conf. 30 abril.

(9) En 1781 o conde de San Xoan obtivo do Arcebispo Bocanegra un oficio de rexedor que pertenceu a D. Joseph Francisco de Zúñiga y Losada. Este renunciara no seu fillo en 1776, mais por non ter efectuada a renuncia “en tiempo y en forma” volveu ó Arcebispo quen o proveu de novo. Véxase LÓPEZ DÍAZ, María, *Sociología de los oficios públicos en la ciudad de Santiago a mediados del siglo XVIII*, memoria de Licenciatura inédita, Santiago, 1986, p. 42.

(10) Nin Fernández Vega nin López Díaz dan conta destas renunciias semanais. En todo caso, o sistema de renunciias aínda non está suficientemente estudado. Cfr. FERNÁNDEZ VEGA, L., “Ventas Arriendos y Renunciias de Oficios en la Ciudad de Santiago durante los Siglos XVII y XVIII”, en EIRAS ROEL, A., y otros, *La Historia Social de Galicia en sus Fuentes de Protocolos*, Santiago, 1981, p. 421-23; e LÓPEZ DÍAZ, *op. cit.*, pp. 52-53, nota 95.

(11) LAJR 1788 cit, conf. 26 maio, s. f.



ficiaba dos abastos públicos e dos remates das “Rentas de Propios y Arbitrios, Asientos de Obras, y otras providencias Gubernativas”. O remedio deste estado de cousas era, sempre que se contase na Coruña co número de rexedores perpetuos posesionados “de su antigua constitución”, suprimi-los oficios de rexedores bienais. Se os donos das rexedorías perpetuas non servían o seu oficio ou non poñían tenentes, pediríase o seu reintegro á Coroa a fin de que o Rei os outorgase a outras persoas ou familias do seu agrado.

No problema dos oficios de rexedores renunciabes das cidades de abandego mantívose a proposta de Santiago: provisión a perpetuidade dos oficios nas casas ou familias ás que o prelado conferira o título, e eliminación das “renuncias en vida”. A instancia foi de novo recordada á Cámara en 1794. O oficio de rexedor debería reverter ós bispos só cando tolease ou non houberse sucesores lexítimos<sup>(12)</sup>. Desde 1794 perdemo-la pista do ocorrido coa misteriosa “renuncia semanaria”.

Días antes de forma-la súplica sobre os Rexementos episcopais, os deputados aprobaron outra para atalla-la preguiza dos rexedores no servizo dos seus oficios. A Xunta criticaba ós donos das rexedorías que non atendían os seus oficios ou non nomeaban tenentes se posuían esa facultade, pois, a miúdo, non se celebraban “ayuntamientos urgentes al interés común” por falta de rexedores<sup>(13)</sup>. Os deputados opinaban que isto non sucedería se houberse máis rexedores veciños das capitais ou das súas inmediatecións. Como remedio á situación, a Xunta propuña que se fíxese cumpri-lo decreto de 9 de xaneiro de 1782—toma de posesión dos oficios de rexedores no termo de dous meses— e se o decreto era infrinxido, que as cidades puidesen propoñer ás persoas para exercer-los oficios vacantes. Así mesmo, os rexedores posesionados que non alternasen “en las comisiones turnarias y gravosas de los Ayuntamientos” non deberían ter dereito ó disfrute de regalías (por exemplo, a participar nos sorteos de comisarios de millóns). Con todo, a fins do ano 94 os capitulares seguían a desatende-las súas obrigas; por iso, o Gobernador deu ordes expresas ó correxedor da Coruña para poñer fin o absentismo dos rexedores<sup>(14)</sup>.

Ó chega-lo século XIX a crise municipal e das rexedorías perpetuas fíxose aínda máis aguda. En 1826 Ourense contaba só con dous rexedores perpetuos posesionados entre os que sorteo a deputación á Xunta do ano 27<sup>(15)</sup>. Betanzos nomeou para a mesma Xunta “al único regidor perpetuo que existe y ejerce en este destino”<sup>(16)</sup>. En Tui había no 1826 un rexedor perpetuo propietario e dous

(12) AMC, LAJR 1793-94, repr. á Cámara de Castela, f. 211.

(13) *Ibid.*, repr. á Cámara de 26 de marzo de 1794, f. 196.

(14) *Ibid.*, AM 1794, Axto. 20 set.

(15) *Ibid.*, LAJR 1827, carta do Axto. de Ourense ó Gob. 9 dec., s. f.

(16) *Ibid.*, poder de Betanzos, 4 xaneiro.

tenentes en exercicio<sup>(17)</sup>. Pero a crise municipal afectaba a toda España. En 1829 o Goberno ordenaba que tódolos rexedores perpetuos “sin tacha legal” fosen a servi-los seus oficios ou nomeasen tenentes<sup>(18)</sup>. En 1833 satisfíxeron, en parte, á Xunta de 1794 ó se ordenar que os tenentes dos propietarios haberían de ser veciños das vilas onde exercesen o cargo<sup>(19)</sup>. Por outra banda, as eleccións de concellos a principios de 1833 asestaron un novo golpe ás vellas oligarquías municipais fidalgas de Galicia: o Goberno abriu as portas dos concellos ós burgueses<sup>(20)</sup>.

Na derradeira Xunta (1834), os capitulares das sete cidades foron informados polo seu Deputado Xeral da reforma dos municipios que preparaba o Goberno para solventa-la súa inestabilidade. O marqués de San Martiño enviaba alarmantes noticias. A Audiencia de Galicia respondera ás consultas que lle fixeron sobre a reforma dos concellos aconsellando mante-los rexedores perpetuos, mais “sólo vitalicios” nas sete capitais<sup>(21)</sup>. Os rexedores serían nomeados polo Rei e deberían ser veciños das súas cidades. O cargo tiñano que desempeñar persoalmente. San Martiño pedía ó Reino que considerase o tema da reforma “si estuviere autorizado a representar como en las antiguas Juntas”<sup>(22)</sup>. Os deputados non tiñan esa facultade e por iso confiaron a San Martiño as dilixencias para o mantemento das corporacións integradas por rexedores perpetuos<sup>(23)</sup>.

A maneira de conclusión, podemos dicir que as Xuntas do Reino apoiaron ata a súa fin o mantemento do poder municipal en mans das oligarquías fidalgas das sete capitais. As Xuntas, como temos visto, pretendieron que as “casas de distinción” disfrutasen en exclusiva os oficios de rexedores perpetuos ou de abadengo renunciabes. Os non nobres e os rexedores electivos (bienais e anuais) debían ser apartados do goberno municipal e da representación de Galicia.

---

(17) *Ibid.*, testemuño de Tui, 3 febreiro.

(18) Real Orde de 25 de abril de 1829, en NIEVA, Josef María, *Decretos del Rey... Fernando VII*, Madrid, 1830, T. XIV, pp. 174-75.

(19) “Real Decreto mandando proceder a las elecciones de Ayuntamientos del modo que se ordena”. Disposición 15, en NIEVA, J. M., *Decretos del Rey... Fernando VII y de la Reina...*, Madrid, 1834, p. 30. Véxase tamén AMC, AM 1833, Axtó. 17 marzo. Na Coruña só había dous tenentes en activo.

(20) Véxase o decreto citado enriba, pp. 26-31; e ARTOLA, Miguel, “La España de Fernando VII: La Guerra de la Independencia y los Orígenes del Constitucionalismo”, en *Historia de España Ramón Menéndez Pidal*, Madrid, 1978, T. XXXII, p. 942.

(21) AMC, LAJR 1834, Relación de Asuntos do D. Xeral, 11 xaneiro, fs. 37 v.- 38 e informes do Real Acordo sobre a reforma municipal de 1827 e 1829, fs. 38 v.-40.

(22) Relación do 11 de xaneiro citada.

(23) *Ibid.*, resposta do Reino ó marqués de San Martiño, 5 febr., f. 44 e v.







VII. AS RELACOES DA XUINTA COS  
ÓRGANOS DE GOBERNO  
DA MONARQUÍA

### 7.1.-As relacións cos axentes da Coroa en Galicia

Entre 1775 e 1834 as Xuntas do Reino non plantexaron demasiados problemas ós Gobernadores que as presidiron. Como xa temos adiantado o carácter das relacións Xunta-Gobernador, limitarémonos a observar que agás algún pequeno rozamento na cuestión do protocolo, ou a causa do retraso na celebración do sorteo de millóns, nunca se alterou o clima de cordialidade en que se desenvolveron os encontros da Xunta co seu presidente. Así, no 1801 as actas rexistran a felicitación enviada a D. Francisco Javier Negrete, ex-Gobernador interino de Galicia, polo seu nomeamento de inspector de infantaría<sup>(1)</sup>. En definitiva, todo leva a pensar que os deputados viron no Gobernador, militar ou rexente da Audiencia, a un aliado para obter do Rei e dos órganos gubernativos da monarquía (secretarías ou ministerios e consellos), a aceptación das súas peticións, por tanto, non tentaron contrarialo.

O Intendente tamén mantivo contacto coa Xunta do Reino. Como temos dito (Apdo. 2.2), este ministro real non foi benvido a Galicia; e aínda que González López afirme que o Intendente veu facilita-la tarefa da asemblea, o certo é que por pouco acaba con ela en 1752<sup>(2)</sup>. En xeral, as actas do Reino brindan poucas noticias sobre o Intendente, aparece para recordar ás cidades galegas as súas débedas, como en 1781 polo pagamento das obras de mellora do palacio da Audiencia<sup>(3)</sup>, ou outras obrigas coa Facenda (envío dos censos atrasados de froitos e manufacturas en 1794). Así mesmo, este comisario entendía en todo o que se refire ó diñeiro da Xunta e non só aprobou os gastos e repartos, senón que tamén o axudou a obter

(1) AMC, LAJR 1800, felicitación 28 febreiro, f. 201 e agradecemento de Negrete 7 marzo.

(2) GONZALEZ LOPEZ, E, *Historia de Galicia*, La Coruña, 1980, p. 496.

(3) AMC, LAJR 1781, conf. 19 dec., s. f. e oficio ó Intendente Espiñeira.



fondos en caso de apuro (1827, negativa de Santiago a adianta-lo diñeiro dos "gastos comunes" da reunión)<sup>(4)</sup>; e, mesmo, aclarou as súas dúbidas nos repartos interprovinciais (1834, problema da nova división en catro provincias).

Os choques entre os Intendentes e a Xunta no período 1775 e 1834 producíronse só por razóns protocolarias. Así, en 1788 rexistrouse un incidente con D. Miguel Bañuelos porque non asistiu a unha "salida" do Reino ó palacio da audiencia á que fora convocado. A Xunta expuxo o caso ante o Rei e este traspasouno ó fiscal do Consello de Castela, o conde de Campomanes, quen dictaminou en favor dos deputados, mais, ó tempo, manifestou que non estaba ben que o Intendente agardase ós deputados fóra da Audiencia "confundido con la multitud"<sup>(5)</sup>. Sen embargo, Miguel Bañuelos foi obxecto dos meirandes cumprimentos feitos pola institución entre 1775 e 1834<sup>(6)</sup>.

O protocolo volveu se-lo motivo de queixa para D. José María Segovia en 1827. O Intendente manifestou o seu disgusto ó Gobernador-Capitán Xeneral porque estimaba que cando acudiu como o seu embaixador a cumprimentar á Xunta non se lle dera o asento preferente que cría merecer. Os deputados tiveron que demostrar para tranquilidade do susceptible Intendente que se mantivera o protocolo establecido<sup>(7)</sup>.

Outro individuo merecedor dos eloxios da Xunta foi D. Andrés Sánchez Espiñeira, natural do Reino e Intendente interino en varias ocasións, quen foi recomendado ó Soberán para ocupa-la Intendencia Xeral de Galicia<sup>(8)</sup>. Espiñeira non logrou o posto, mais agradeceu ós deputados a súa axuda.

Ás veces, infórmase ó Intendente do Congreso dos Deputados ó efecto de que "por su parte concurra a las solicitudes del Reino y le inspire cuanto contemple útil"<sup>(9)</sup>. De todas maneiras, non encontramos testemuños dunha colaboración Xunta-Intendencia nestes anos.

---

(4) *Ibid.*, LAJR 1827, oficio 11 febr. ó Intendente, s. f.; e resposta do mesmo día.

(5) AMS, LAJR 1789, conf. 7 xull., s. f. e carta de D. Pedro de Lerena ó Gobernador, Madrid, 5 febr. 1789. O Rei mandou que a Audiencia e o seu presidente non fixesen esperar ós "convidados" na rúa, senón en "paraje decente y correspondiente lugar".

(6) *Ibid.*, LAJR 1788, conf. 12 abril. Expresouse a gratitude do Reino ó Intendente Bañuelos polo seu celo no desempeño do cargo en favor dos galegos. Bañuelos agradeceu a felicitación. O Deputado Xeral tamén recomendou felicitar a Bañuelos. *Ibid.*, carta 6 xuñ. de Andrés Aguiar, s.f.

(7) AMC, LAJR 1827, oficio do Intendente a Eguía, 13 febreiro. Non se deu asento a Segovia na presidencia "porque al Reino sólo le preside el Soberano, motivo por que el mismo Sr. embajador vería descubierto y sin ocupar por ningún individuo el sitio destinado para la presidencia...". Conf. 13 febr. e oficio a Eguía da mesma data.

(8) AMC, LAJR 1793-94, repr. ó Rei 23 xan. 94, f. 93. Espiñeira serviu á Intendencia durante tres vacantes, f. 94. En f. 222 negativa do Rei.

(9) AMS, LAJR 1793-94, conf. e oficio 2 xan., f. 55.

Un tercer axente da Coroa con presenza nas actas do Reino nos seus últimos anos foi o correxedor da cidade onde se xuntaban os deputados. A asemblea debía notificar ó correxedor a apertura das súas sesións e os nomeamentos do persoal subalterno. O correxedor nunca puxo problema ningún que trascendese ós libros de actas na fase final das Xuntas.

## 7.2.- As relacións cos órganos do Goberno central

Os testemuños escritos das derradeiras xuntanzas do Reino dan fe do esforzo dos deputados por se gaña-lo favor dos órganos do Goberno central (secretarías ou ministerios e consellos). Deixando a un lado os cumprimentos das representacións enviadas ó gobernador do Consello de Castela ou ó Primeiro Ministro, aparecen nos libros de acordos instrucións dirixidas ó Deputado Xeral para que felicite persoalmente ós ministros entrantes, ou ben copias de cartas de noraboa ós recién nomeados. Chama a atención o feito de que desde 1793 a 1806 a Xunta comunicou o inicio das súas sesións a aqueles membros do Goberno que consideraba máis influíntes para acadalos seus obxectivos<sup>(10)</sup>. O gobernador do Consello e o home forte do momento, Manuel Godoy, son sempre informados. Así, as relacións co Príncipe da Paz foron especialmente cordiais. O valido agradeceu tódalas deferencias do Reino. Non obstante, o único que se logrou de Godoy e dos demais ministros a quen se dirixiu a Xunta foron boas palabras, aínda que hai casos contrarios, como o do ministro Acuña, autor dunha aceda contestación ós deputados ante a súa insistencia na fábrica de camiños interprovinciais en Galicia<sup>(11)</sup>. Os contactos con Madrid xa rematada a Xunta do Reino confiáronse ós “correspondentes”, dos que a penas conservamos testemuños da súa xestión. De calquera forma, non hai evidencias dunha correspondencia efectiva e intensa coa Corte<sup>(12)</sup>.

---

(10) Véxase Apdo. 3.1.

(11) AMS, LAJR 1806, fs. 131 v.-32, carta de Acuña e oficio do Reino, f. 134 e v.

(12) O 2 de xaneiro de 1794 o marqués de Almeiras, nomeado correspondente pola Xunta de 1788, queixábase, como en 1788, da falta de contestación dos ministros ás peticións da Xunta a pesar de “haberlos molestado repetidas veces”. AMC, LAJR 1793-94, f. 68.







VII. AS HORAS MILITARES  
DO REINO, O RECONHECIMENTO  
DA IMPORTANCIA DA XINTA

“Factor capital en la formación de un cuerpo político son los elementos simbólicos y rituales de la vida social”<sup>(1)</sup>. Os deputados da Xunta crían así e daquela tentaron manter intacta ata o final das súas reunións a tradución plástica do poder e prestixio do Reino: as “saídas” ó palacio do Gobernador e as súas honras militares. A saída era a plasmación visual da xerarquía sociopolítica da Xunta. Esta cerimonia desenvolvíase cando os deputados acudían ó palacio da Audiencia a recibir a cédula de convocatoria das mans do Gobernador e cando voltaban ó mesmo edificio para entregar a prórroga de millóns ou apoderar ós procuradores en Cortes de Galicia. Ademais dos porteiros, maceiros e outros subalternos da Xunta, un nutrido séquito integrado polas autoridades civís e militares –incluído o Intendente– a nobreza e as comunidades relixiosas da Coruña, acompañaba os deputados ata a Audiencia<sup>(2)</sup>. O Gobernador facía reunir esta comitiva, encabezada por un “embajador” (oficial de alta graduación ou ministro da Audiencia, segundo o Gobernador fose un civil ou un militar), que anunciaba á Xunta a presenza do cortexo que a acompañaría ata a Audiencia<sup>(3)</sup>. Despois de recibir ó embaixador, entraba o capitán da garda do Reino, un oficial que ó fronte dunha compañía do rexemento máis antigo de guarnición na praza tiña encargado o dar escolta á Xunta ata a fin das sesións. Esta garda rendía as

---

(1) GIL PUJOL, Javier, “Notas sobre el estudio del poder como nueva valoración de la historia política”, *Separata de Pedralves, Revista de Historia Moderna*, n. 3, p. 82.

(2) Sobre a evolución da cerimonia da saída FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *Juntas...*, T. II, p. 94 e ss. As actas do Reino sempre rexistran o acto moi polo miúdo.

(3) En 1800 houbo problemas para efectuar a saída porque o Reino esixiu ó Gobernador que o seu comisionado para o acompañamento –“embajador”– tiña que ser, como era a norma, un mariscal de campo. A Xunta terminou aceptando as desculpas do Gobernador. AMC, LAJR 1800, confs. 19 nov., f. 64, e oficio ó Gobernador, f. 67, e oficio ó Reino do Gobernador, fs. 68-69.



honras ós deputados nas saídas. Unha vez efectuadas, consentíase na súa diminución, manténdose un retén de doce homes, un cabo e máis un sarxento (“garda ordinaria”). No traxecto ó palacio o Reino era saudado por varias unidades militares que abatían bandeiras ó seu paso e presentaban armas. Os deputados correspondían a estes honores e finalmente facían entrada na Audiencia, onde lles agardaba o Gobernador acompañado dos demais membros do Acordo<sup>(4)</sup>.

O cerimonial descrito quedou fixo e tivo o seu apoxeo no período que vai do 1751 ao 1800, unha fase da historia do Reino na que os deputados non tiñan xeito ningún de oporse ó poder da Coroa. Xa temos visto como desde os anos vinte do século XVIII as Xuntas limitáronse case por completo a prorrogar cada seis anos os servicios de millóns. Pódenos semellar, entón, que o boato das derradeiras Xuntas do século XVIII pretendía disimular a súa perda de interese. Non obstante, podemos considerar, tamén, que o aumento das honras militares e o elaborado cerimonial das saídas supuxo o recoñecemento pola parte das autoridades e das cidades galegas da función da Xunta como órgano representativo de Galicia. Sería, pois, lóxico dar á devandita asemblea un trato conforme ó seu rango. Desde esta óptica comprendemos a defensa das honras militares das Xuntas que levaron a cabo os deputados a fins do século XVIII e principios do XIX. A perda das honras supoñería a perda do prestixio que aínda mantiñan as Xuntas e a negación do seu papel de voceiro dos intereses galegos perante a Corte.

En 1775 o Comandante das Armas, D. Félix Oneille, cuestionou o dereito da Xunta a recibir honras militares. A reacción dos deputados foi inmediata e enérxica. De feito, se contabilizamos o número de folios do libro de actas adicados ó problema das honras e valoramos a actividade despregada pola Xunta, concluiremos que poucos asuntos tiveron tanta necesidade da atención do Reino. De todos xeitos, ó noso parecer a Xunta foi a vítima dun choque máis entre poder civil e poder militar. Sucesos desta índole son frecuentes en toda España a fins do século XVIII<sup>(5)</sup>. O Comandante das Armas non viu con agrado o exercicio da gobernación de Galicia polo Rexente da Audiencia (Gobernador “político”), D. Joseph de Zuazo Bustamante, e chegou a desafiar a autoridade do Gobernador convocando ó deputado de Santiago para que lle presentase os seus respectos. Por outra banda, Oneille retrasou todo canto puido o cumprimento das ordes reais a favor da Xunta.

---

(4) Véxase AMS, LAJR 1788, conf. 7 abril, primeira saída, s.f. As variantes son pequenas as máis das veces. En primeiro lugar, a garda do Reino saudaba ós deputados e o seu séquito, e a súa “música” tocaba algunha marcha. A medio camiño outro grupo de soldados presentaba as armas, e, por último, outra garda facía o mesmo perante a Audiencia. Os Deputados contestaban ás honras militares descubrindo as súas cabezas.

(5) Cfr. DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio, *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español*, Barcelona, 1976, p. 500, y FERNÁNDEZ VEGA, *La Real Audiencia...*, T. I, p. 169-70.

O pulso entre a Xunta, o seu presidente e máis Oneille durou arredor dun mes e as provocacións do Comandante forzaron expoñer o problema ó Rei. Ata a resolución da súplica os deputados acordaron xuntarse “privadamente” e non entregar o voto decisivo da prórroga de millóns. O 31 de xaneiro de 1778 o esforzo da Xunta e o seu Axente Xeral en Madrid foi compensado cunha orde que ratificaba “absolutamente” as honras militares do Reino<sup>(6)</sup>.

A maneira de celebrar a Xunta quedou trastocada en 1806 coa aplicación da real resolución do ano 1752. Certamente, enviouse unha garda de honra ós deputados, pero ó non se efectuar as saídas para a recepción da cédula e entrega da prórroga de millóns, as honras militares limitáronse ó “mantenimiento de la compañía como media hora sobre las armas... frente al Consistorio, tocando en el ínterin la música del mismo regimiento... varias tocatas marciales”<sup>(7)</sup>. Os deputados decidiron non realiza-la saída para que ningún corpo ou individuo, aproveitando a anómala convocatoria, se negase a asistir ó “acompañamento” e sentase precedente. Así, o grande logro da Xunta de 1818 foi a recuperación dos “obsequios” do acompañamento e as honras militares na saída á Audiencia<sup>(8)</sup>; pero, desde entón, o que se fixo foi reproducir o cerimoniais anterior a 1806 cando se ía á Audiencia a celebrar o sorteo de comisarios de millóns (antes acudíase “privadamente”, aínda que desde 1800 se tributaron honras militares nesa saída para o sorteo).

Todo este despregue de cortesías militares tiña o seu prezo. De feito, os regalos ós oficiais da garda de honra, ós axudantes da praza e o “refresco” para a tropa supoñían a meirande parte dos gastos “comúns” da Xunta. Por eles sabemos que os obsequios para os mandos militares eran espléndidos: reloxos de ouro ou prata e caixas ou espadas do mesmo metal. Así pois, as honras militares foron ben correspondidas.

(6) AMC, LAJR 1775, carta do conde de Riela, El Pardo, 31 de xaneiro de 1778, a D. Josef Zuazo, e carta ó mesmo de D. Antonio Vicente Zuazo, correspondente da Xunta, pedindo permiso para xuntar a Real Resolución ó libro de actas de 1775, s.f.

(7) AMS, LAJR 1806, conf. 27 maio, fs. 53-55, f. 54 v.

(8) O conde de Priegue informa ó Concello compostelán ó concluir a Xunta da “satisfacción” de terse concedido ó Reino a saída a palacio, (cortexo), e as honras militares que lle quitaron en 1806. AMS, AM, 1818 xaneiro-maio, f. 352.





*"Saída" do Reino ó Palacio da Audiencia na Coruña, actual edificio de Capitanía, século XVIII (Debuxo de J. Fdez. Guinda)*







Fig. 1. - Vista di una strada di un villaggio in Grecia, verso il 1850, secondo il disegno di un viaggiatore.

### 9.1.-Facenda

Desde 1720 as atribucións facendísticas do Reino limitáronse á prorrogación sexenal dos servizos de millóns, pero mesmo esa facultade chegou a perder no 1806. A partir dese intre a Xunta só conservou un dereito relacionado cos servizos: a elección dos dous capitulares que participaban no sorteo xeral de comisarios de millóns, sorteo celebrado en Madrid entre tódalas cidades con voto en Cortes.

A Comisión de Millóns estaba integrada nunha sala do Consello de Facenda –Sala de Millóns–, onde comisarios e conselleiros reais administraban os servizos. Ademais, os comisarios de millóns desempeñaban desde 1694 o cargo de deputados do Reino, polo que, teóricamente, eran a voz dos súbditos da Coroa de Castela na ausencia de Cortes. Os comisarios de millóns, tamén denominados deputados desde 1712, aumentaron a súa importancia ó se incorporar aragoneses, valencianos, mallorquinos e cataláns nos reinados de Felipe V e Carlos III. A conflictividade dos sorteos celebrados nas Xuntas do Reino de Galicia evidencia o interese dos capitulares galegos en participar na Comisión de Millóns e na Deputación dos Reinos. Sen embargo, entre 1775 e 1834 só dous obtiveron praza<sup>(1)</sup>.

A derradeira Xunta do Reino asistiu impotente ó ataque contra a súa Deputación Xeral en Madrid e a dos Reinos. O subdelegado de Fomento da Coruña dirixiuse á Raíña contra as citadas institucións e o Deputado Xeral de Galicia encargouse da súa defensa. A Xunta, privada do seu dereito a representar ó Rei-

---

(1) Trátase de D. Miguel Obarrio Montenegro (1775-1781) e de D. José Miranda (1797-1803), capitulares de Lugo e Mondoñedo respectivamente.



no, limitouse a facer algunhas suxerencias ó Deputado Xeral. A decadencia da Deputación dos Reinos poderíase solucionar aprobando o regulamento formado por unha comisión presidida polo conde de Altamira durante as Cortes de 1789 coas modificacións precisas<sup>(2)</sup>. Con todo, o pesimismo da Xunta acerca do futuro da Deputación dos Reinos e da de Galicia, ás que denominaba “autoridades intermedias”, instituídas, ó seu xuízo, pola Coroa para coñecer as necesidades dos súbditos, confirmouse pouco despois. O Real Decreto de 9 de xuño de 1834 aboliu a Deputación dos Reinos –na práctica tamén a Xunta do Reino de Galicia–, e en 1835 cesaba o Deputado Xeral.

Entre 1775 e 1800 non houbo oposición para conceder a prórroga de millóns, non obstante, en 1775 e 1800 os deputados retrasaron a súa aprobación como medio de presionar ó Goberno para que accedese ás súas peticións (restablecemento das honras militares, 1775, e retirada do vocal tudense vetado por extranxeiro, 1800). De feito, a prórroga era desde había tempo un acto protocolario e automático suxeito a unha fórmula, que se alterou só en 1793 e 1800 cando os deputados manifestaron a imposibilidade do establecemento en Galicia da Única Contribución<sup>(3)</sup>.

En definitiva, a Xunta non serviu durante a súa fase final á Monarquía como medio para obter recursos monetarios con que levar a cabo a súa política. Polo contrario, os sete deputados aproveitaron as últimas reunións da asemblea para expoñer as súas queixas contra as reformas fiscais e non cesaron nelas ata que se lles prohibiu elevar peticións. Se ben non parece que as Xuntas entorpecesen a nova política impositiva, si puideron ter molestado ós ministros cos seus escritos suplicatorios e as súas veladas ameazas de desestabilización social. Non en van, os fidalgos estiveron detrás dos motíns antifiscais da Ulloa (1790), e o Deputado Xeral defendeu ós labregos alzados contra Ibáñez e o seu complexo fabril de Sargadelos<sup>(4)</sup>. Despois do retraso da prórroga de millóns de 1800 e dos intentos da Xunta de permanecer unida ata a contestación das súas peticións, tal vez, o Goberno puido estimar conveniente abandonar a asemblea dos deputados, pois só lles producía molestias nun período de crise política, militar e da facenda, e así o fixo. A partir de 1805 as sete cidades foron as encargadas de aproba-la prórroga dos millóns.

(2) Véxase o LAJR 1834 (orix.) do AMC, oficio do Subdelegado de Fomento.

(3) “Todo ello mientras que con arreglo a la misma Real Cédula resuelva S. M. lo conveniente sobre el establecimiento de la Unica Contribución; y no haciéndose esta verificable por la particular constitución de Galicia que con repetidas operaciones experimentó la imposibilidad de ello, se sirva admitir y resolver el encabezamiento de los Ramos de Millones, y más Rentas Provinciales en la forma compatible con el beneficio de la Rl. Hacienda y equitativa proporción entre los contribuyentes”. AMC, LAJR 1793-94, conf. 30 dec., fs. 36v-37. Véxase tamén o LAJR 1800, Rl. Cédula 31 xull., f. 72 e conf. 10 dec., f. 81.

(4) Véxase Apdo. 10.2.

## 9.2.—Guerra

Unha vez superada a Guerra de Sucesión o papel das Xuntas no relativo a temas militares foi mínimo. Agás algún caso aillado, como o que veremos, o Reino non concedeu máis levas nin cartos para subveni-las loitas da Monarquía. En consecuencia, tamén perdeu a súa capacidade para nomear ós oficiais das unidades recrutadas en Galicia. Sen embargo, as peticións de ascensos militares seguiron a se cursar a través das Xuntas. Por outra banda, os deputados trataron nas últimas reunións sobre os vellos problemas que ocasionaban ós naturais o aloxamento das tropas —necesidade de cuarteis—, e o tributo establecido para a súa manutención: os Utensilios. A demanda de efectivos que guarnicionasen o Reino aparece, así mesmo, no conflictivo período finisecular (guerras con Francia e Inglaterra).

### 9.2.1 —Cuarteis e Utensilios

Os cuarteis e o imposto de utensilios son dous asuntos que están interrelacionados nas actas do Reino ata 1834. Así, en 1775 a Xunta non deu o seu apoio á pretensión compostelana de recupera-lo cuartel levantado nesa cidade a costa da provincia, que se cedera ó Arcebispo para hospicio; mais, por contra, a proposta ourensá de obligar ós asentistas de Utensilios a establecer apoderados en tódalas cidades foi ben acollida e asemade elevouse ó Rei<sup>(5)</sup>. A ausencia de factores nas sete capitais provocaba graves prexuízos, pois os veciños das poboacións por onde transitaban tropas tiñan que desprazarse á Contaduría do Exército da Intendencia, ubicada na Coruña, se desexaban facer efectivo o importe dos Utensilios que obrigatoriamente tiveran de proporcionar (cama, luz, leña). Este trámite, lento e custoso, motivaba a renuncia de moitos ó cobro dos utensilios, mais non por iso os naturais se libraban do compartu xeral do mesmo tributo que facían as cidades, é dicir, pagábano dúas veces. A Xunta tamén apropiouse da súplica de Ourense de que se dese conta ó Reino da inversión anual do imposto.

A petición non tivo éxito e repetiuse en 1781 dentro dun escrito suplicatorio encabezado pola solicitude dun plano para dotar de cuarteis ás sete capitais<sup>(6)</sup>. O problema do aloxamento das unidades militares en tránsito e de guarnición remediárase construindo algúns cuarteis —A Coruña, Lugo, Mondoñedo e Ourense—, recuperando outros —o de Santiago, “ocupado interinamente para Hospicio”—, ou utilizando edificios levantados con outro fin (o Arquivo Xeral do Reino en Betanzos). A financiación realizaríase mediante un reparto entre as sete provincias ou ben establecendo cada quen un arbitrio o menos gravoso posible. As corporacións das capitais encargáranse de executa-lo proxecto.

(5) AMC, LAJR 1775, conf. 1 set. Véxase o turno de D. Gregorio Pérez Arias e conf. 24. Repr. ó Rei 3 nov., s. f.

(6) *Ibid.*, LAJR 1781, conf. 3 nov. e Repr. 5 dec., s. f.



Unha vez máis non se atenderon as instancias do Reino e no 1794 a Xunta volveu expoñer ó ministro de Facenda a necesidade de que os asentistas de Utensilios nomeasen factores nas cidades, e se dese a coñece-la inversión do imposto<sup>(7)</sup>. Non semella que estas demandas tivesen mellor fortuna que as dos anos precedentes e non temos noticias dos Utensilios ata 1834. Esta vez saíron a relucir os intereses dos facendados, opostos a un novo sistema de reparto da contribución por ser “un gravamen insoportable sobre la propiedad territorial”<sup>(8)</sup>. Os deputados preferían “el camino trillado de los usos y costumbres”, isto é, o reparto por tercias e sextas partes do imposto entre as sete provincias.

En canto ós cuarteis tampouco se atenderon as peticións do Reino. En 1795 o síndico persoeiro da Coruña pedía o alivio dos prexuízos ó público que orixinaban os aloxamentos das tropas nas súas casas. O síndico manifestaba ó Concello herculino que as instancias solicitando a fábrica de cuarteis cursadas pola Xunta do Reino e a da Policía non foran contestadas, polo que era necesario pedir ó Goberno unha resolución inmediata<sup>(9)</sup>. O chega-lo ano 1800 os deputados solicitaron de novo a construción de cuarteis nas sete capitais, mais neste caso financiada a costa do fondo de Utensilios<sup>(10)</sup>. Con todo, en 1834 o problema dos aloxamentos persistía, en especial, nas pequenas e medianas poboacións, onde numerosos exentos facían gravitas molestias sobre os habitantes máis pobres. Os soldados hospedados en tan humildes fogares padecían o mesmo que os seus “patrones”. Estes víronse, segundo declara a Xunta, obrigados con frecuencia “a dejar su lecho nupcial, único mueble existente en toda la casa”<sup>(11)</sup>. Así as cousas, a Xunta pediu ó Deputado Xeral en Madrid a consecución da fin das exencións de aloxamentos, “pues que las leyes y el Gobierno lo mismo protegen a unas clases que a otras”.

### 9.2.2.-Levas e donativos

O dous de xaneiro de 1794 o deputado de Santiago propuxo á Xunta, seguindo a “inspiración” do Gobernador, o ofrecemento ó Rei dunha axuda para a guerra con Francia (Guerra da Convención 1793-95). A axuda consisti-

(7) *Ibid.*, LAJR 1793-94, conf. 18 febr., f.159 v.; e repr. a D. Diego Gardoqui, fs. 162-63. O 31 de marzo repetiuse a petición, f. 209.

(8) *Ibid.*, LAJR 1834, Relación de asuntos enviada ó Deputado Xeral, 11 xaneiro, f. 37 v. Véxase tamén o folio 44.

(9) *Ibid.*, AM 1795, Axto. 7 out., fs. 80 e v.

(10) AMC, LAJR 1800, conf. 20 dec., f. 116 e Repr. ó Rei 31 dec., fs. 133-34. O Rei expresou á Xunta o seu aprecio polo seu celo no servizo á Coroa, mais ata que chegase a paz non se dispoñería nada sobre o tema dos cuarteis, f. 136.

(11) *Ibid.*, LAJR 1834. Instrucción ó Deputado Xral., 22 febr., f.72. As queixas contra as exencións do aloxamento son tamén antigas. Véx. FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *op. cit.*, T. III, p. 217 e T. I, p. 210.



ría nun aumento dos efectivos aportados por Galicia ó exército nacional. Os demais membros do Reino, “inflamados” do mesmo celo patriótico que o deputado compostelán, aceptaron a proposta e comprometéronse a elaborar unha oferta o máis pronto posible<sup>(12)</sup>. Non obstante, a decisión da Xunta pospúxose ata que tódolos vocais coñeceron o parecer dos seus Consistorios. Así, Ourense, aínda que aprobou a oferta, expuxo a dificultade da súa provincia en contribuír ó servizo, pois consideraba xa moi gravosas as cargas militares establecidas e, por outra banda, temía unha invasión. A fin de prevenir un posible ataque, Ourense propuxo a conveniencia de levantar unhas “compañías sueltas”. Sen embargo, as dificultades do proxecto fixeron que se desestimase.

Finalmente, a Xunta acordou dirixir ó Rei a súa oferta de tropas por medio do duque da Alcudía (Manuel Godoy), desoíndo as suxerencias do Deputado Xeral en Madrid, quen recomendaba aproveitarse dos apuros da Coroa e unir á oferta de tropas e un donativo en metálico a petición da rebaixa dos encabezamentos de Rendas Provinciais e Agregadas. Deste xeito, a mencionada súplica tería máis posibilidades de ser aprobada<sup>(13)</sup>.

A oferta do Reino supoñía o aumento de 3.024 soldados nos nove rexementos provinciais de Galicia (un 50 % máis das súas forzas), e incluíronse unha serie de condicións que garantisen un recrutamento pouco custoso. Con todo, o reemprazo para o exército ordenado a Galicia en abril do mesmo ano 94 parece indicar que a oferta do Reino non se aceptou<sup>(14)</sup>.

Desde 1794 a Xunta xa non volveu ser instada polas autoridades para obter a través dela tropas, mais resulta curioso que os deputados, despois de ter rexeitado a iniciativa ourensá de poñer no seu punto a defensa de Galicia, solicitasen ó Gobernador, ó pouco tempo, un aumento das guarnicións nas prazas máis ameazadas por unha invasión (A Coruña, Vigo e Ferrol)<sup>(15)</sup>.

En 1801 acudiuse por última vez ó Reino para que auxiliase á Monarquía nun conflito armado, neste caso contra Gran Bretaña (1796-1802). Manuel Godoy dirixiuse ós deputados expoñéndolles a urxente necesidade de fondos cos que aparelle-la “pequena escuadra” de Ferrol e facela así operativa. A Xun-

(12) AMS, LAJR 1793-94, conf. 2 xaneiro, fs. 55-56.; e AMC, LAJR 1793-94, fs. 72-73. En Galicia a guerra con Francia semella que non gozou do apoio popular. Cremos sondea-la falta de fervor na de voluntarios. Cfr. AMC, AM 1793, Axto. 17 nov., fs. 130.

(13) AMS, LAJR 1793-94, conf. 15 xaneiro, fs. 91-93, e carta de Antonio J. Sotelo de Noboa ó Reino, fs. 88-90, 77-78 no exemplar da Coruña. *Ibid.*, carta 15 xaneiro “notas reservadas” do Deputado á Xunta, fs. 103-104. Véxanse tamén as confs. 13 e 28 xaneiro.

(14) AMC, AM 1794, Axto. 8 abril, fs. 64-65 e LAJR 1793-94, f. 269.

(15) *Ibid.*, LAJR 1793-94, f. 214.

ta debería obter canto antes un préstamo do comercio galego. Godoy estaba disposto a conceder ós homes de negocios algunhas compensacións pola súa axuda<sup>(16)</sup>. Por suposto, a Xunta comprometeuse a cumprilo encargo, aínda que declarou ó ministro que non garantía o éxito das súas xestións alegando a desesperada situación de Galicia (comercio colonial en decadencia pola guerra, "corta cosecha" e imposicións para o esforzo bélico). E, en efecto, os tanteos da Xunta cos comerciantes non foron positivos. Por sorte, os deputados eludiron o encargo de Godoy so pretexto da disolución da Xunta ordeada polo Rei<sup>(17)</sup>.

Nesta época de conflitos armados, tamén é significativo o silencio das actas da Xunta no referente á guerra con Portugal ("Guerra das Laranxas"), pois habemos de ter en conta que España declarouna ó Estado luso mentras os deputados estaban reunidos (decreto de 27 de febreiro de 1801). No transcurso das súas sesións os deputados limitáronse a felicitar a Godoy polo seu nomeamento de "Generalísimo" e a exalta-lo valor dos defensores de Ferrol fronte ós ingleses (desembarco de Doniños, agosto de 1800).

O último dos temas militares debatidos pola Xunta (xullo de 1806) foi un plano dun tal tenente Valsa para levantar a expensas do Reino un batallón de infantería lixeira, mais o proxecto foi unanimemente rexeitado<sup>(18)</sup>.

Concluindo, os dirixentes galegos non se significaron polo seu entusiasmo bélico.

### 9.2.3.-Abusos

Dentro dunha liña que poderíamos calificar de máis populista, a derradeira Xunta do Reino (1834) encomendou ó Deputado Xeral presentar ó Goberno varias queixas dos naturais contra certos abusos. O primeiro referíase ós sorteos de quintas. A Xunta pediu unhas ordenanzas claras que non admitisen dúbidas ou malas interpretacións. Segundo os deputados, os abusos que estaban a se cometer ó amparo das ambiguas disposicións de quintas se solucionarían se, entre outros, se contemplasen os seguintes puntos: 1.-Que as excepcións do servicio militar se fixesen despois do sorteo dos mozos e non antes como era a práctica. 2.-A rebaixa da idade de suxeción dos mozos ós sorteos a 26 anos (duraba dos 18 ós 36). 3.-A confiscación dos bens dos xoves fuxidos a Portugal. 4.-Que non se admitise a "orden sacro" ós mozos que debían entrar en sorteo ata que se efectuase<sup>(19)</sup>.

(16) *Ibid.*, LAJR 1800-1801, Carta do Príncipe da Paz, 5 marzo, f. 302.

(17) *Ibid.*, conf. 29 abril, f. 371 v. e carta a Godoy de 2 de maio, f. 374.

(18) AMC, LAJR 1806 (copia), folios 182-92 e 193 v.-94

(19) *Ibid.*, LAJR 1834, carta ó marqués de San Martiño, 22 febr., f. 71 e ss.

Despois de expoñe-los xa comentados prexuízos dos aloxamentos, os vocais criticaron o servicio de “bagajes”, consistente no carrexo forzoso de efectos militares. Os paisanos non só se vían arrincados dos seus campos e do cultivo, senón que, a miúdo, se lles maltrataba e perdían as xugadas e os carros. Os principais afectados eran os “pueblos cercanos a las veredas reales y a las Ciudades Capitales”. A Xunta propoñía como remedio o establecemento dun fondo de tódalas provincias co que se pagaría ós carreteiros un tanto por legua segundo os prezos habituais.

En definitiva, é probable que as queixas do Reino non se escoitasen, pero polo menos dan constancia do interese dos deputados en defende-lo común de Galicia.

X. A XUNTA O SERVIZO DO REINO





## **X. A XUNTA Ó SERVIZO DO REINO**





Ademais de atender as necesidades da Coroa, a Xunta dicía estar tamén ó servizo do Reino. Vexamos agora, brevemente, cales foron os problemas de Galicia que debatiron os deputados e cales foron as propostas para solucionarlos.

### 10.1.-Agricultura

Os deputados do Reino sempre consideraron a agricultura como a principal fonte de riqueza do país galego. En consecuencia, os representantes da fidalguía rendista defenderon o modelo económico que eles dominaban: unha Galicia rural. Esta opción faise evidente nas peticións dirixidas contra o establecemento de centros fabrís, como os de Joaquín Cester en Ribadeo ou o de Antonio Raimundo Ibáñez en Sargadelos, industrias que ameazaban, segundo os fidalgos, coa desestabilización da orde socio-económica vixente. Sen embargo, os deputados abordaron poucas veces os problemas do agro galego nos seus derradeiros encontros. En realidade, o único tema que ocupou ós sete vocais foi o do viño, produto no que os señores rendistas tiñan posto especial interese<sup>(1)</sup>.

En 1775 o deputado ourensán tratou de convence-los seus colegas da necesidade de impoñer un plan de decepe. O representante da primeira provincia

---

(1) Cfr. HUETZ DE LEMPS, Alain, *Vignobles et vins du Nord-Ouest de L'Espagne*, Bordeaux, 1967, T. II, p. 44. ANES, Gonzalo, "Las crisis vitícolas. Cosechas, diezmos y precios en la comarca aviense: resultados de una primera confrontación", *Boletín de la Universidad de Santiago*, Santiago, (1967-68), p. 255, nota 4, cit. de Pedro Antonio SANCHEZ, *Colección de Escritos*, Madrid, 1858, p. 176. RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario, "La Hidalguía rural del Morrazo en el siglo XVIII: Análisis de un grupo dominante", en *La Historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago, 1981, p. 234; y SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, *La provincia de Mondoñedo...*, p. 167.

vitícola do Reino tentaba conseguir a través da Xunta unha provisión do Goberno que garantise a Ourense –de economía totalmente vencellada a ese recurso– a comercialización dos seus caldos no mercado galego, bastante saturado por mor da “febre do viñedo” que se produciu na Galicia do século XVIII<sup>(2)</sup>.

Aprobouse a instancia por unanimidade e foi enviada ó Consello de Castela a fin de que a súa disposición fixese efectivas outras anteriores (cítanse ordes de decepe desde Domiciano a Felipe IV). Os deputados estimaban que a produción das ribeiras vitícolas chegaba ben para abastece-lo Reino, mentres expoñían que, polo contrario, era ben coñecida a falta de gran debida ó “plantío de viñedos en países impropios”. Nunha palabra, os cultivos tiñan que se adaptar ás necesidades de Galicia. As vides das terras montañosas só provocaban prexuízos: diminuían as ganancias dos colleiteiros das zonas máis aptas, producían un viño “flojo y agrio..., muy contrario a la salud pública”, e reducían os pastos para o gando, orixinando a merma no número de cabezas e o seu encarecemento. Finalmente, da decadencia gandeira derivábase a escasez de abono e, por tanto, “la escasez de las cosechas”. No sucesivo o plantío de vides só sería posible despois dun recoñecemento e da concesión de licencia da capital da respectiva provincia. Non obstante, o plano da Xunta non tivo éxito. En 1776 o Concello coruñés rexeitou en atención ós intereses dos seus provincianos e hai probas da persistencia do problema ata ben entrado o século XIX<sup>(3)</sup>. O peche ó viño galego do mercado exterior (Inglaterra) no último cuarto do século agravou a situación.

Nas demais ocasións nas que as Xuntas tratan o tema do viño, istas pretenden eximilo de novos gravames. Para empezar, no mesmo ano setenta e cinco os vocais opuxéronse ó recargo de dous maravedís en azumbre de viño disposto pola Coroa a fin de axudar ó levantamento das fábricas de Joaquín Cester en Santiago e Ribadeo (v. o apdo. seguinte). En 1794 Ourense e Tui –outra provincia moi ligada á produción vitícola– alegaban o “dispendioso” do cultivo e as malas colleitas para impedi-la suba do encabezamento das Rendas Provinciais. Así, chegamos ó ano 1806. Nesta Xunta o deputado ourensán informou da imposibilidade da súa provincia para facer fronte a unha nova imposición sobre o viño: catro maravedís en cuartillo. Ante a falta de resposta ós recursos dirixidos ó Rei en 1805, o vocal de Ourense pedía axuda ó Reino. Tui tamén solicitara a suspensión da carga sen éxito e a istas voces uníuse na Xunta a do deputado lugués. Os demais capitulares apoiaron o parecer dos contrarios ó imposto e,

---

(2) AMC, LAJR 1775, conf. 1 sept. Sobre a viticultura galega do XVIII véxase o artigo de Antonio MEIJIDE PARDO, “La viticultura gallega en el Siglo XVIII”, separata da *Revista de Economía de Galicia*, Vigo, sept.-dic.(1961).

(3) LAJR citado, representación 4 outubro sen foliación. O rechazo coruñés en AMC, AM 1776, f. 201, carta ó Deputado Xeral.



como consecuencia, acordouse pasar aviso ó Deputado Xeral na Corte, o conde de Priegue, para que informase do sucedido coas peticións de Ourense e Tui a fin de facer un “recurso más eficaz a su Magestad”<sup>(4)</sup>.

Tras recibir un informe pesimista do conde de Priegue, a Xunta preparou o seu escrito suplicatorio ó monarca incidindo, sobre todo, no caso de Ourense (“en donde su agricultura se reduce a vino”). A miseria e a emigración serían, segundo os deputados, a consecuencia inmediata do novo recargo. O argumento da desestabilización social foi, como vemos, un dos principais medios de presión dos fidalgos galegos sobre o Goberno central. Aínda que non houbo resultados favorables no breve prazo que desexaba o Reino, parece que as medidas de gracia outorgadas por Fernando VII ó subir ó trono en 1808 aliviaron a situación de Ourense e Tui<sup>(5)</sup>.

## 10.2.—A industria

No último tercio do século XVIII apareceron en Galicia algúns homes de negocios foráneos dispostos a establecer fábricas. Sen embargo, os seus proxectos industriais, salvo excepcións, chocaron desde o primeiro momento coa oposición do grupo social máis poderoso do antigo reino: a fidalguía. Os fidalgos enfrontáronse ás grandes manufacturas, entre outros motivos, porque pensaban que a súa instalación trastocaría a orde socioeconómica vixente. En síntese, a pequena nobreza galega temía que a industria moderna substraíse brazos á agricultura e, por tanto, provocase a caída das rendas da terra, base do seu poder. Ademais, a proletarización orixinada pola industria era contemplada con inquedaanza. Así, é comprensible que os fidalgos se plantexasen como alternativa ó desenvolvemento fabril as ideas de fomento dunha industria rural doméstica preconizadas polos ministros Ward e Campomanes. As “manufacturas populares”, nas que os aldeáns ocuparían o tempo libre, só serían un complemento da súa actividade agrícola e evitarían o desarraigo orixinado polas fábricas e a proletarización<sup>(6)</sup>. En resumo, a alternativa dos fidalgos movíase na liña do fisiocratismo, tal como nolo amosa o programa da Academia de Agricultura do Reino de Galicia (1765-1774): conseguir un desenvolvemento agrario en

(4) AMS, LAJR 1806, conf. 31 maio, fs. 67-68, 69 e carta ó Deputado Xeral, fs. 105 v.-107 v.

(5) *Ibid.*, repr. 28 xuñ., fs. 174-76 v. Adxuntábanse unha serie de escritos suplicatorios ó Rei de Ourense, Ribadavia e Tui feitos en 1805, fs. 70-100 y 169-74. Sobre as medidas de Fernando VII Cfr. GIL NOVALES, Alberto, “Política y Sociedad” en *Historia de España Labor*. TUNÓN DE LARA (Dtor.), Barcelona, 1982, T. VII, p. 256.

(6) A temática industrial abordada na Xunta a fins do Antigo Réxime, tratámola de xeito máis pormenorizado no noso artigo inédito no momento de escribir estas liñas, “El antiindustrialismo de la élite dirigente gallega a fines del Antiguo Régimen. La Junta del Reino y las fábricas (1775-1800)”.



beneficio de tódolos habitantes mais sin altera-la xerarquía social . Finalmente, temos de dicir que a industria rural estaba a se desenvolver en varias comarcas galegas adicadas á tecedura de lenzos con bós resultados. En vista dos progresos de Galicia, Campomanes sostivo que as demais rexións atrasadas de España tiñan que segui-lo seu exemplo.

O primeiro intento organizado dos fidalgos para evita-lo avance fabril produciuse en 1775. Tratouse, entón, de combater o establecemento de dúas fábricas ou “Casas de Enseñanza” en Santiago e Ribadeo dedicadas o tecido de lenzos (Real Provisión de 17 de agosto de 1774). Joaquín Cester foi o home encargado de levar a cabo a implantación das industrias lenceras, que tiñan como obxectivo producir teas de calidade a un prezo competitivo coas extranxeiras a fin de abastece-lo mercado colonial. Este proxecto contaba co pleno apoio do Goberno, mais o carácter innovador inicial das empresas foi pronto limitado por Campomanes. O temor á desarticulación da industria lencera campesina e as presións dos fidalgos parece que foron determinantes no cambio de orientación da actividade dos centros. En definitiva, desaparecido xa o carácter innovador do proxecto Cester, este quedou reducido á práctica dun *verlagsystem* na bisbarra de Ribadeo.

Con todo, a fidalguía seguiu a se opoñer á manufactura de Cester instalada en Ribadeo. O amplo poder que lle concedera a Cester a Coroa non gostou ós grupos dirixentes, aínda máis contrariados pola negativa do empresario a exhibi-lo documento real perante o Concello de Ribadeo. Mais foi, sobre todo, a imposición dun arbitrio no viño –2 maravedís en azumbre– por tempo indeterminado con destino ó reembolso de 50.000 pesos que se lle adiantaran a Cester para establecer as fábricas, o que uniu á fidalguía galega contra da nova industria. A Xunta de 1775, actuando como o seu voceiro, elevou ó Rei un escrito suplicatorio reiterando as queixas feitas polas cidades a título individual e a súa oposición ó proxecto. Non se podía tolerar un plano que arruinaría o sector lencero “el Ramo más considerable, y aún el único útil de Galicia”.

As protestas da Xunta e o seu Deputado Xeral contra a fábrica de Ribadeo non conseguiron acabar de forma inmediata con ela, mais, afortunadamente para os fidalgos, non sobreviviu á morte de Cester (1776).

A excepción ó comportamento antiindustrial das Xuntas de fins do século XVIII é o caso da fábrica de cordelería da Coruña. Esta manufactura establecida en 1770 na cidade herculina polo empresario catalán Pedro Marzal, tivo un papel importante na economía do Reino, pois abasteceu cos seus xéneros ós correos marítimos –os navíos reais que enlazaban Galicia con América–, un elemento clave no desenvolvemento do comercio ultramarino galego. Tamén outros buques nacionais e extranxeiros, as embarcacións pesqueiras e mesmo,

ocasionalmente, a Armada surtíronse na fábrica de Marzal. Mais a altura de 1788 esta industria víase na obriga de exportar parte da súa produción debido ó subconsumo. Marzal pretendeu entón asegura-lo futuro da súa empresa mediante a obtención da exclusividade do abastecemento dos correos marítimos, que ata ese ano 88 se surtían, en xeral, de xarcía bilbaina. Para iso redactou un memorandum ó Rei. Este escrito suplicatorio foi o que decidiu apoia-la Xunta. De todos xeitos, a petición non obtivo éxito: a Coroa non aceptou otorga-lo privilexio exclusivo.

Na Xunta de 1800-1801 volveu a manifestarse a oposición da fidalguía contra outro “capitán de industria”: Don Antonio Raimundo Ibáñez, o fundador da siderurxia de Sargadelos. O Deputado Xeral, don Vicente Vázquez del Viso, un dos representantes de Galicia encargados da defensa dos amotinados que o trinta de abril de 1798 asaltaron e incendiaron a factoría de Ibáñez, danos a coñecer os motivos alegados polos dirixentes galegos para disculparen a revolta.

Segundo Vázquez del Viso e os facendados que lle apoiaban, a orixe do conflito estaba na concesión a Ibáñez de amplos privilexios reais, reforzados en 1794, cando as guerras finiseculares determinaron que Sargadelos se convertese en fábrica de municións. Antes de que o empresario os obtivese e iniciase unha serie de “extorsiones” ós aldeáns –acarreos forzosos de vena, leña e carbón, multas e penas de cárcere ós que se estimaba que non cumprían as ordes, acotamento de montes comúns, venda obligatoria de grans e parcelastiña garantida a total colaboración. En síntese, acusábase a Ibáñez de comportarse como un déspota e desarticular a economía agropecuaria da bisbarra. A inutilidade do recurso á xustiza e a violencia empregada por Ibáñez contra os labregos que se presentaron na fábrica solicitando o pagamento dos salarios atrasados e o cese dos malos tratos do industrial, determinaron a resposta violenta dos paisáns (os soldados destacados no complexo fabril dispararon sobre a multitude provocando un morto e numerosos feridos, ista foi a causa inmediata do motín, segundo Vázquez del Viso).

O enfrontamento posterior entre Ibáñez e a fidalguía, protectora dos campesiños ós que instigou á revolta, non se resolveu de maneira satisfactoria para ningunha das dúas partes. Ibáñez non conseguiu satisfacer os seus anxeios represivos gracias ós recursos presentados polo Reino, mais este tampouco logrou o procesamento do industrial. O empresario asturiano gobernou tranquilamente no seu reedificado centro fabril ata 1809, ano no que o vacío de poder provocado pola invasión napoleónica permitiu o seu asasinato.

En definitiva, as experiencias de Cester e Ibáñez demostran o rechazo dos dirixentes galegos hacia a grande industria instalada en zonas rurais. Como



alternativa, o Deputado Vázquez del Viso suxería á Xunta de 1800 a instalación dalgunha fábrica no interior de Galicia, mais esta vez a conta do Estado. Os deputados nin sequera consideraron a proposta.

Podemos, pois, concluír en que as Xuntas se ocuparon máis de controla-la industria que de fomentala.

### 10.3.-O comercio: O monopolio do comercio coa Mar do Sur

En 1775 a Xunta acordou solicitar ó Goberno a aprobación dun plano presentado pola Coruña para relanzar a economía galega: o monopolio do comercio coa Mar do Sur. Baixo este termo de Mar do Sur englobábase un amplo espazo xeográfico que comprendía os mercados de Bos Aires, Montevideo, Chile, Lima e Potosí (\*). O obxectivo era, pois, ambicioso; sen embargo, a idea de activa-la economía de Galicia mediante un monopolio comercial non era novidosa. A cidade da Coruña xa tiña aspirado a principios do século XVI a se-lo porto beneficiario do comercio de especias coas illas Molucas, mais o intento non obtivo éxito e ata douscentos anos mais tarde non rexurdiu o propósito de conseguir un novo monopolio. Nesta ocasión obtívose a autorización real para traficar con Campeche mediante unha compañía de comercio privilexiada (1734). Mais aínda que a Xunta intentaba promovera en 1745, a compañía resultou un fracaso. Non obstante, os próceres galegos lograron beneficiarse das primeiras disposicións liberalizadoras do comercio americano dictadas polo goberno de Carlos III e, así, o mesmo Estado encargouse de organiza-la anceiada compañía privilexiada en 1764: os correos marítimos. Galicia, a través da Coruña, sede dos buques reais, tivo abertos desde ese intre as portas do mercado americano, e a devandita capital pasou a disfrutar dunhas avantaxes comerciais únicas. A Coruña e Cádiz foron os únicos portos peninsulares que canalizaron periodicamente o tráfico colonial con Nova España entre 1764 e 1798, e con Nova Granada entre 1764 e 1778.

Esta política mercantilista da administración propiciou o establecemento na Coruña dunha oligarquía comercial, maiormente foránea, supeditada ós navíos do Rei, que viu aumentadas as súas perspectivas de lucro en 1767 cando os correos marítimos ampliaron o seu radio de acción ó “ámbito del Plata” (Montevideo-Bos Aires).

---

(\*) Tratamos os proxectos e inquedanzas comerciais dos dirixentes galegos nos nosos artigos “Un plan de desenrolo económico para Galicia a finais do Antigo Réxime: o monopolio do comercio coa mar do Sur (1775-1809)”, En *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, n. 1 (1989), pp.73-83; y “A Coruña y la Real Compañía de Galicia” en *Revista del Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses*, nº 26, pp. 153-98.



# REAL CEDULA A FAVOR



DE LA COMPAÑIA DE COMERCIO  
DE EL REYNO DE GALICIA.

*Portada da cédula de permiso de comercio con Campeche en favor da Real Compañía de Galicia, 1734 (Arquivo Histórico Provincial de Lugo).*

Os comerciantes coruñeses non desenvolveron unha infraestrutura propia (barcos, seguros e empresas), polo tanto, é comprensible que non respondesen ós posteriores incentivos estatais para comerciar con América mediante buques de rexistro. O sono monopolista do Reino fixérase realidade nunhas condicións óptimas (mercado reservado e transporte rápido, seguro e barato). Con todo, arredor do 1775 faltaban as garantías do seu mantemento. Isto explica o proxecto dos comerciantes herculinos de obter a concesión do comercio exclusivo coa Mar do Sur, zona que, segundo parece, lles proporcionaba maiores beneficios.

Así as cousas, o deputado coruñés, D. Antonio Vicente Zuazo y Ron, expuxo en 1775 ós demais membros da Xunta do Reino o encargo da súa cidade de conseguir para o porto herculino o monopolio do comercio coa Mar do Sur. Zuazo empregou dous poderosos argumentos para que a Xunta sostivese o proxecto ante as autoridades centrais: 1.-evitárase a emigración dos galegos a outros reinos, "hallando en el suyo propio todo lo que pudiese(n) encontrar en los estraños", e 2.-promoveríase o modelo socioeconómico satisfactorio ós fidalgos: o desenvolvemento agrícola ("y al mismo tiempo cuidar del cuidado y agricultura de sus casas"). Estas favorables perspectivas facilitaron que o plano coruñés se aprobase por unanimidade.

O memorial enviado a Carlos III explicitaba o ideal monopolístico do Reino. A Coruña trataba de converterse nun Cádiz norteño. Habilmente, intentouse demostrar a identidade de fins entre o plano proposto pola Xunta e o pensamento económico auspiciado polo Goberno: unha industria rural superposta á actividade agraria segundo a idea de Campomanes. Argumentábase tamén que o monopolio da Coruña non só beneficiaba a esta cidade e a industria galega, senón que co seu florecemento se promovería incluso o de todo o norte de España.

Aínda que os oligarcas galegos coincidían con Campomanes no modelo económico para Galicia, non existía o mesmo acordo no medio para levalo a bo fin, pois a oposición do fiscal do Consello de Castela ó sistema do monopolio comercial era ben coñecida. Polo tanto, os redactores do proxecto exclusivo ignoraron esa vertente do pensamento de Campomanes.

En definitiva, os deputados adoptaron o plano coruñés posto que facilitaría o despegue económico de Galicia sen establecer unha industria que ameazase o sistema agrario controlado polos fidalgos. Se ben se consideraba a industrialización do país galego, pensábase nas teorías de Campomanes (industria rural) e incidíase nas vantaxes da Coruña como centro reexportador de manufacturas europeas e españolas. Ó noso xuízo, o feito destacado que se deduce do proxecto monopolista é a identidade de intereses entre os facendados e a burguesía coruñesa. Así, a cambio da axuda ós oligarcas do



comercio colonial, os fidalgos obtiveron a súa renuncia a plantexamentos industrialistas de tipo fabril que alterasen as estruturas agrarias nas que cimentaban o seu poder. Non extraña, pois, o caso de Xerome Hijosa, o comerciante máis rico da cidade herculina, que ese mesmo ano setenta e cinco defendeu os intereses dos concellos das capitais galegas contrarias á fábrica de lenzos de Joaquín Cester.

Os decretos do comercio libre de 1778 supuxeron unha rotunda negativa ás aspiracións da Xunta. Con todo, persistiuse no proxecto. En 1781 propúxose o secretario de Indias, D. José de Galvez, evaluar os efectos da liberalización do comercio americano, pois a guerra con Gran Bretaña non tiña posibilitado coñecer si aquela era mellor que o reparto das colonias entre as provincias da metrópoli. A Xunta pediu que se o reparto do comercio americano se encontraba máis favorable, se tivese presente a súa súplica anterior de 1775 en tódolos seus termos (adxuntábase copia). Don Antonio Vicente Zuazo y Ron, agora marqués de Almeiras, de novo deputado pola Coruña en 1781, foi elixido corresponsal para seguir as peticións do Reino. O nomeamento de Almeiras foi óptimo pois formaba parte do Real Consulado cando o devandito organismo tivo que emitir un informe para o restablecemento do comercio con Indias (R. Orden de 19 de outubro de 1787). Se a isto engadimos que o redactor das respostas foi outro experimentado vocal en Xuntas, José Cornide, entendemos a defensa do Consulado do plano de 1775.

Con todo, en 1778 Almeiras tivo que recoñecer o fracaso do “comercio privativo” coas “Provincias Meridionales de América”. O Goberno, manifestaba o marqués ós novos deputados do Reino, tiña optado “por el comercio libre en general, con el que creo no se podrán lograr muchas ventajas al comercio y aun me persuado se evidencia con sus quiebras” (Almeiras fixo referencia á crise comercial de saturación de mercado de 1787)<sup>(7)</sup>.

No medio da crise final do comercio colonial español e galego celebrouse na Coruña a primeira Xunta do século XIX (6 de outubro de 1800 a 9 de maio de 1801). Sorprendentemente, nela reapareceu o proxecto do comercio exclusivo coa Mar do Sur. A crise do comercio indiano recalcou o carácter dramático da petición e o seu plantexamento, adaptándose á coxuntura, rebaixou as pretensións do setenta e cinco. Chégase mesmo a abandonar o propósito de que A Coruña fose un Cádiz norteño, e a Xunta conformouse con “sólo ciertas provincias” da Mar do Sur para o comercio galego. Agora tódolos portos de Galicia, mesmo Santander, poderían beneficiarse do tráfico indiano.

---

(7) Este parágrafo foi incorrectamente transcrito no artigo publicado na *Revista da Comisión Galega...* A tradución do artigo ó galego non foi nosa.



Os argumentos contra do comercio libre foron ben escollidos, un dos mais importantes foi o da saturación de mercado. Ademais, a Real Facenda, maltreita polos gastos da prolongada guerra con Gran Bretaña, dicíase que necesitaba da posta en práctica do plano da Xunta para recuperarse. Empregábase deste xeito contra a liberdade de comercio a mesma razón que a inspirara: o aumento dos ingresos fiscais. De todos modos, os plantexamentos da asemblea galega non conseguiron convece-lo Goberno.

A retirada dos correos marítimos da Coruña no 1802 colapsou a súa actividade comercial ultramarina tal e como xa tiveran previsto os contemporáneos. Foi nese intre cando Vigo tentou colle-lo control do tráfico indiano (1802-1803), mais a nova ruptura de hostilidades con Inglaterra (1804-1808) frustrou a tentativa. En 1806 a Xunta do Reino decidiu aplaza-la obtención do comercio exclusivo ata tempos mellores; o bloqueo naval inglés facíao inviable. Non obstante, ó principia-la guerra da independencia en 1808, o Consulado da Coruña e o seu concello déronse presa en solicita-la volta dos buques correo, tarefa na que os deputados de Galicia na Xunta Central se ocupaban a fins daquel ano. Supoñemos que a ofensiva dos exércitos napoleónicos (xaneiro de 1809) fixo esquecer definitivamente ó comercio galego o retorno dos seus privilexios. Se quedaba algunha esperanza a independencia de América terminou de disipala.

En síntese, podemos dicir que a continuidade no tempo do proxecto de monopolio comercial da Mar do Sur e a atención que recibiu por parte da Xunta do Reino, demostran a identidade de intereses entre a oligarquía do comercio americano e os facendados. Pola súa falta de espírito emprendedor, lonxe de ser un perigo, os comerciantes viñeron soste as bases do Antigo Réxime en Galicia.

#### 10.4.-Pesca

Entre 1775 e 1788 as actas do Reino proporcionannos información sobre os problemas pesqueiros de Galicia e a actividade dos seus dirixentes para palialos. As primeiras noticias que recollen os libros de acordos do período en estudio débense a don Manuel Ventura Figueroa, gobernador do Consello de Castela. Este político santiagués enviou á Xunta de 1775 un escrito dando conta do éxito dunha petición que el mesmo elevara ó Rei e na que propoñía un plano para relanzar a pesca galega (a iniciativa foi alentada desde Galicia por algúns comerciantes e pensadores ilustrados). Segundo Ventura Figueroa, o motivo da decadencia do sector pesqueiro estaba na falta de fomento; este parecer levárao a presentar ó Rei un proxecto que solucionase a "mísera suerte" dos habitantes das costas galegas: un Montepío "para fomentar la pesca y salazón". Esta entidade benéfica constituiríase co diñeiro de "los expolios y vacantes de las Mitras de Santiago, Tuy y Mondoñedo con el fin de restablecer la pesca en aquellas costas habilitando a los naturales con los auxilios competentes para

barcos, redes y otros utensilios". Na directiva do Montepío aparecen dous nomes relacionados coa pesca e as Xuntas: D. José Cornide Saavedra, deputado por Santiago en 1769 e, máis tarde, en 1781, e o comerciante coruñés Xerome Hijosa. Este último, debido á súa experiencia no negocio pesqueiro, foi encargado de percorrer-las poboacións costeiras informando ós pescadores das vantaxes do Montepío, de instruílos e de enteirarse das súas necesidades para atendelas cos fondos da institución<sup>(8)</sup>.

As repercusións do Montepío foron escasas pois tivo unha vida curta e beneficiou a un número reducido de mareantes. Ademais, a liberdade de pesca, unha das disposicións complementarias aprobadas polo Rei para o fomento pesqueiro, non tivo mellor fortuna. En 1781 a cidade de Mondoñedo enviou á Xunta unha instancia expoñendo as "vejaciones y perjuicios" cometidos polos ministros de Mariña contra os agricultores do seu litoral que practicaban a pesca, os denominados "terrestres", individuos que escapaban á "matrícula del Mar" e, por tanto, non servían na Real Armada. Ata 1775 só puideron exercer-la pesca os matriculados en contraprestación polo seu servizo na Armada, mais entón pensouse que a ruptura dese monopolio propiciaría o relanzamento pesqueiro. Entre os partidarios da liberdade de pesca estiveron José Cornide e Antonio Raimundo Ibáñez, o fundador de Sargadelos.

En vista da inutilidade das queixas de Mondoñedo, a Xunta decidiu apoiar-las súas instancias por medio dunha súplica ó ministro de Mariña. O argumento central da rogativa era que as medidas coactivas contra os labregos só producían danos e que se se tentaba aumentar as tripulacións da Armada real mediante a Matrícula do Mar non se lograría un resultado positivo. A Xunta ofrecía como contrapartida do restablecemento da liberdade o recrutamento dunha quinta entre as parroquias costeiras destinada á Armada se as eximía do servizo no Exército. Desta maneira, segundo os deputados, combinábanse a vontade do Rei (libre pesca) e a da Mariña (aumento de dotacións)<sup>(9)</sup>.

Con todo, á altura de 1788 os pescadores eran considerados coma "outra especie de pobres" e os demais habitantes das ribeiras marítimas de Galicia seguían privados dos beneficios da pesca. Os vocais do Reino tentaron remediar ámbolos dous problemas a través do conde de Floridablanca, home forte do

---

(8) AMC, LAJR 1775, s. f. Carta de Ventura Figueroa ó "Fidélisimo Reyno de Galicia junto en Cortes". Contén unha carta do ministro Miguel Muzquiz coas disposicións reais favorables ó Montepío (San Lorenzo, 6 nov. 1775). Sobre a actividade de Jerónimo Hijosa relacionada coa pesca e o Montepío, véxase MEIJIDE PARDO, "Hombres de Negocios...", pp. 118, 122 e 132 e ss.

(9) AMS, LAJR 1781, repr. a González Castejón, fs. 101 v.-106. LABRADA tamén criticou a inutilidade da "Matrícula" como sistema de recrutamento de tripulación para a Armada, *Descripción...*, p. 255. O 15 de decembro acordouse dirixir unha representación igual ó Rei. AMC, LAJR 1781, conf. s.f.



Goberno naquel momento. En primeiro lugar, informouse a Floridablanca do fracaso do Montepío de pesca no que tantas esperanzas se tiñan depositado. Se ben a guerra con Gran Bretaña ou “lo informe de su constitución”, eran as causas do dito fracaso, acusábase ós encargados de administra-los fondos da entidade de malversación. En segundo lugar, expuxeron de novo o caso dos terrestres, quen a pesar da vontade real nada podían facer debido á “rigurosa observancia de la ordenanza de marina”<sup>(10)</sup>. Con esta petición conclúen as xestións das Xuntas en favor da actividade pesqueira.

As Xuntas non obtiveron, como acabamos de ver, éxito ningún na promoción dos intereses pesqueiros de Galicia. De todas maneiras, nos escritos que intercambiaron coas autoridades, a Xunta demostra ter sido un órgano que contaba entre as súas funcións a do fomento do “beneficio público”.

### 10.5.-Comunicacións. Os camiños

A preocupación das Xuntas do Reino pola construción dunha rede viaria á medida das necesidades de Galicia foi unha constante desde 1775 ata 1834. Os deputados do Reino, coma os pensadores e os políticos ilustrados españois, consideraron preciso dota-lo seu país dos camiños adecuados que facilitasen o desenvolvemento da agricultura, a industria e o comercio. Sen embargo, os intereses das Xuntas non coincidiron cos do Goberno da monarquía e ata 1800 trataron de conseguilo control do trazado dos camiños galegos e a inversión dos fondos destinados á súa construción. Por outra banda, tamén xurdiron diferencias entre as sete capitais acerca das rutas e a súa financiación, tal falta de unidade perxudicou, como veremos, a mellora das comunicacións terrestres do Reino co interior peninsular<sup>(\*)</sup>.

En 1775 a Xunta reivindicou o dereito das cidades galegas a intervir no planeamento da rede de camiños. Os argumentos que sustentaban a instancia dirixida ó Consello de Castela eran sólidos: retraso nas obras dos camiños reais o que ía de Coruña a Madrid-, e transversais (os que enlazaban entre sí as sete capitais); participación exclusiva dos contribuíntes galegos na súa construción; alteracións no trazado provocadas polos cambios de directores de camiños; e por último, emprego dun sistema de obras fraudulento e de baixa calidade: o destallo.

---

(10) AMS, LAJR 1788 ,s. f., repr. a Floridablanca 4 xun., petición número 5; e AMC, LAJR 1788, f.228.

(\*) Na nosa memoria de licenciatura tamén estudiamos as iniciativas da Xunta relacionadas cos portos. Sobre os camiños véxase o noso artigo, “La Junta del Reino y las carreteras de Galicia (1775-1834), en *Revista del Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses*, n. 23, A Coruña, 1987, pp. 243-51.



O Reino solicitou a constitución dunha Deputación integrada por individuos designados polas sete capitais como medio de solucionar os problemas mencionados; e ademais de pedi-lo control dos traballos viarios para a Deputación, a Xunta expuxo a necesidade de dotar a Galicia de camiños intraprovinciais aptos para o comercio.

A solicitude de 1781 proba que non se atendeu a de 1775, pero esta vez pedíuse só o coidado das obras da “carretera de Castilla” (A Coruña-Madrid). Os deputados xustificaron a súa instancia ó alegaren o lento avance do camiño e o seu mal estado de conservación. Para prevenirla súa ruína pedíuse ó conde de Floridablanca o establecemento dun órgano galego que administrase un fondo destinado ó amaño do “camino general”. Con ese proxecto quería demostrarse que Galicia era tan capaz como Navarra e Bizcaia para se ocupar da súa rede viaria. Con todo, Floridablanca só concedeu medio millón de réas e ademais as reparacións comezaron desde Astorga. En canto o establecemento da Deputación encargada de controlar os gravames sobre o sal destinados ós camiños e á súa inversión, creouse no 1782 unha Xunta presidida polo Capitán Xeneral con sede na Coruña. Non obstante, parece que as súas facultades foron bastante limitadas.

As asembleas do Reino de 1788, 1793-4 e 1800 continuaron clamando a Madrid para conseguir a construción de camiños, incidindo na necesidade de dotar a Galicia de vías interprovinciais. Tras estas súplicas estaba o interese dos dirixentes dos sete Concellos por constituir un mercado interior:

*Cada una de las siete Provincias de Galicia en particular no puede decirse rica, por que le faltan muchas cosas; pero como lo que no tiene una lo disfruta la otra con abundancia, unidas todas, y facilitándose su comunicación respectiva son felices y gozan todo lo que el Reyno necesita para su manutención y fortuna sin mendigar más que unas pocas especies que no son de primera necesidad, y sin los cuales pueden conservarse sus actuales vecinos como lo han hecho sus ascendientes( AMC, LAJR 1800-1801, repr. 12 dec., f. 100 ).*

De todos xeitos, a harmonía entre as sete cidades quebrou cando as provincias meridionais reclamaron a apertura dun segundo acceso de Galicia á Meseta: a estrada xeral de Santiago a Benavente por Monterrei con ramais a Vigo e Pontevedra. Os deputados da Coruña, Betanzos, Lugo e Mondoñedo negaron da-lo seu apoio a un camiño que, segundo dicían, só beneficiaba ás poboacións do sur. Nen sequera en 1800 os argumentos do ex-Deputado Xeral na Corte, D. Vicente Vázquez del Viso, convenceron ós opositores das vantaxes xerais derivadas do camiño a través de Ourense. Este enfrontamento entre as oligarquías dos Concellos retrasou o inicio do novo camiño e, o peor, facilitou ó Goberno a retirada de 500.000 réas que ían destinarse ós primeiros traballos a fines do ano 1800. Ata a segunda metade do século XIX as carruaxes non enlazaron Ourense con Vigo.

Así as cousas, pese ós esforzos do Reino para dotar a Galicia dunha boa rede de camiños, a principios do século XIX só existía un camiño xeral de roda –A Coruña-Madrid– e outro transversal, A Coruña-Tui. Os camiños interiores, dos que case non se ocuparan as Xuntas, estaban nunha situación penosa.

A necesidade de mellora-la infraestrutura vial do país continuou a ser manifestada polas Xuntas durante o século XIX ata a súa extinción no 1834. Sen embargo, as circunstancias políticas e a perda da capacidade representativa do congreso das sete cidades a partires de 1818, impediron ós deputados se dirixir ó Goberno demandando melloras viales. En 1834 os deputados da Xunta declararon por última vez o seu total convencemento de que o desenrolo de Galicia dependía da creación dunha boa rede de camiños.

### 10.6.–Educación

As Xuntas do Reino ocúpense a miúdo da educación ata 1806. Como é lóxico prever, os deputados interesáronse en especial polo ensino dos grupos privilexiados. As referencias á educación das clases populares son escasas. Non se consideraba “tan importante como la de la nobleza y el clero”<sup>(11)</sup>.

O grande proxecto docente do Reino foi o establecemento dun centro de ensino para a xuventude nobre: un seminario que formaría ós futuros mandos do exército e ós altos oficiais da administración pública. Este plano, sostido polas Xuntas ó longo duns vinte anos, foi proposto no 1775 polo deputado coruñés D. Antonio Vicente Zuazo, quen suxeriu a idoneidade da cidade herculina para a ubicación do centro ó poder dispoñer de profesores sacados dos corpos de artillería e enxeñeiros presentes na praza a baixo custo<sup>(12)</sup>. Se o Rei o aprobaba, os espolios dos bispos galegos proporcionarían os cartos necesarios para a construción e manutención do colexio.

Finalmente, a Xunta de 1775 elaborou un memorial destinado ó Rei baseándose nas constituicións doutros centros semellantes ó que se pretendía erixir (“Reales seminarios” de Madrid e Segovia). O único problema era a financiación e os deputados pediron empregar o produto dalgúns sobreprezos sobre o sal, arbitrios pagados en Galicia. Deste xeito, a educación da nobreza pagaríase por todo o Reino (os pais só terían que facerse cargo dos alimentos e mailos gastos de aseo e enfermidade dos seus fillos)<sup>(13)</sup>.

(11) *Vid. infra*.

(12) AMC, LAJR 1775, conf. 1 Set., s. f.

(13) *Ibid.*, “Copia... al Excmo. Señor marqués de Grimaldi para la formación de un colegio militar...”, s. f.; y “Memoria de la formación del Seminario de Nobles en el Reino de Galicia”, s. f.



A institución académica sería prestixiada polo patrocinio do Gobernador-Capitán Xeneral, e a súa dirección recaería nun cabaleiro ou oficial galego retirado mentras que o control dos estudos e da economía do centro nun "eclesiástico instruído".

O plano de estudos dotaría ós xoves do que se consideraba unha completa formación científica e humanística. As asignaturas serían as seguintes: Filosofía Moral –impartida por un crego– unha hora diaria; Gramática, Matemáticas, Física Experimental, Dereito Público –impartido por un avogado da curia–; Idiomas (francés e inglés); Deseño, Baile, Violín e Esgrima. Ademais das clases comúns, os seminaristas que optasen pola carreira militar asistirían tódalas semanas na compañía dun mestre de matemáticas á "escola práctica de artillería". Por tanto, o seminario non estaba destinado só a preparar a futuros profesionais das armas, mais pediríase ó Rei que aqueles alumnos que tivesen cursado os seus estudos no seminario adquirisen dereito de antigüidade desde os dezaseis anos cando entrasen de cadetes nalgún rexemento. A educación relixiosa tiña tamén o seu lugar e estaba encomendada a dous capeláns que convivirían cos alumnos. Non hai que dicir que os aspirantes a ingresar no seminario deberían probar de xeito fidedigno a súa nobreza.

A idade de admisión dos seminaristas estableceuse entre os oito e os catorce anos e o número reducíase a corenta e dous, mais era posible aumentalo cando se estimase oportuno expoñendo a necesidade ó Rei. As prazas repartiríanse con equidade entre as sete provincias, e A Coruña beneficiaríase das vacantes. Neste primeiro momento contemplábase o exército como a saída natural dos alumnos<sup>(14)</sup>. Máis adiante explicitaríase o destino á burocracia do Estado. Do longo memorial destacaremos, por último, a utilidade complementaria que se pretendía dar ó seminario. O seren as súas cátedras "públicas y gratuita la enseñanza que se diere en ellas", os militares e civís residentes na Coruña poderían aproveitarlos coñecementos alí impartidos.

O proxecto do seminario de nobres revela a presenza nas Xuntas de fins do século XVIII dun espírito innovador e ilustrado. O plano era ambicioso e co seu logro a fidalguía galega puidera aumentar as súas posibilidades de promocionarse, non obstante, a tramitación da súplica víuse entorpecida pola ineptitude ou desinterese dos axentes de Galicia en Madrid, a lenta maquinaria burocrática, e, parece ser que a intervención do arcebispo de Santiago tamén contribuíu ó stancamento do plano. No 1794 déronse os últimos pasos para promover a obtención do colexio, mais non se acadou un resultado positivo.

(14) A profesión militar cobra importancia ó longo do século XVIII. Véxase DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio, *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español*, Barcelona, 1976, p. 500; e FAYARD, Janine, "Los ministros del Consejo Real de Castilla (1746-1788)", Separata de *Cuadernos de Investigación Histórica*, n. 6, p. 118.



No tocante ó ensino universitario as Xuntas limitáronse a efectuar un par de “representaciones”. En 1775, a instancias de Santiago, pedíuse o envío dun ministro da Audiencia que visitara a Universidade compostelana para poñer orde na conflictiva situación interna da institución. Este asunto non deixou trazos nas posteriores convocatorias do Reino<sup>(15)</sup>.

A segunda solicitude da xunta relativa ó ensino universitario foi outro encargo dunha cidade, Tui neste caso, presentado polo seu deputado. Don Pedro Thelmo Piñeiro pediu ós demais capitulares do Reino que insistisen ó Goberno na concesión dunha cátedra de cirurxía e anatomía (as capitais xa tiñan acordado a súplica en 1768). Afortunadamente, o Goberno estimou oportuna a petición e creouse a cátedra en Santiago<sup>(16)</sup>.

A existencia dun clero instruído foi outra preocupación dos sete deputados. En 1788 considerouse a necesidade de instalar en tódalas cidades galegas seminarios de acordo ó determinado polo Concilio de Trento. A Diócese de Mondoñedo era o modelo proposto ó conde de Floridablanca para ser aplicado en toda Galicia. Así mesmo, a Xunta asumiu os ideais ilustrados de se valer dos párrocos como axentes do desenvolvemento económico e cultural do país, empeño sostido desde o Goberno ata a guerra da Independencia<sup>(17)</sup>.

A educación popular non tivo apenas acollida entre as peticións das Xuntas do Reino. Só en 1788, na súplica dirixida a Floridablanca para a creación de novos hospicios, os deputados expuseron a posibilidade de converter aqueles centros de beneficencia nunha “escuela de artes e industria”. Sen embargo, nese mesmo escrito petitorio os representantes das cidades opinaban que a instrucción das “clases inferiores... (no era) tan importante como la de la nobleza y el clero”, e o seu coidado era materia doutras institucións (Consulado e Sociedades Económicas de Amigos do País)<sup>(18)</sup>. Pero, a pesar destas ideas, houbo voces en favor da promoción educativa dos grupos populares. No 1800, o ex-Deputado Xeral Vázquez del Viso propuxo ós sete vocais que o representante de Galicia en Madrid solicitase máis medios para a mellora da educación no reino. E, ademais de preocuparse pola educación do pobo, Vázquez del Viso suxeriu a necesidade de fomentar os estudos de Matemáti-

---

(15) AMC, LAJR 1775, conf. 1 set., conf 18 out y repr. 1 nov., s. f. Sobre as visitas da Audiencia á Universidade véxase. FERNÁNDEZ VEGA, *La Real Audiencia...*, T. II, pp. 177 y ss.

(16) AMS, LAJR 1788, s. f., conf. 30 abril y repr. a Floridablanca 4 xuño, petición número 7. Sobre a concesión da cátedra Cfr. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Historia de Galicia*, pp. 520-21.

(17) LAJR 1788 citado, representación a Floridablanca de 4 de xuño, petición número 3.

(18) *Ibid.*, petición número 4.

cas, moi abandonados e de Economía civil (agricultura, industria e “artes útiles”)<sup>(19)</sup>. En 1801 o licenciado D. José Hervella pediu á Xunta o patrocinio dunha enciclopedia que escribira e dun proxecto “para lograr la enseñanza de la lengua castellana en toda Galicia”, mais a instancia de Hervella chegou tarde e a Xunta non a tramitou<sup>(20)</sup>.

A última vez que a Xunta tocou o tema docente foi no 1800 cando se lle invitou a asistir á inauguración da biblioteca pública do Real Consulado da Coruña, e ós “certámenes públicos” da escola de Náutica que sustiña ese órgano.

### 10.7.—Sanidade

As Xuntas do Reino de Galicia non tomaron entre 1775 e 1834 iniciativa ningunha en materia sanitaria, mais si deron o seu apoio ás medidas gobernamentais ou as propostas dalgúns facultativos, representándoas no ministerio correspondente.

O tema sanitario aparece en 1775 coa carta enviada ó Reino por don Mauricio de Echandi, subdelegado e xuíz examinador do Real Protomedicato para Galicia e Asturias. Echandi informaba ó Reino “congregado en Cortes” do establecemento dese tribunal, a súa composición e funcións, adxuntando a cédula que o constituía e outros documentos aclaratorios. A satisfacción dos deputados ante un aceno que recoñecía a importancia da súa asemblea, reflectouse nos escritos de agradecemento remitidos ós ministros do Goberno que promoveran a Subdelegación<sup>(21)</sup>. Esperábase que a actividade do tribunal contribuíse á mellora da medicina, a cirurxía e a farmacia, evitando tamén o exercicio ilegal dos “falsos e intrusos curanderos” en Galicia.

O intrusismo foi, precisamente, o motivo da instancia do subdelegado do Protomedicato, don Felipe Juan Diz, á Xunta de 1781. O subdelegado pedía ós deputados que elevasen ás autoridades competentes as súas queixas contra os individuos que actuaban como barbeiros-sangradores sen ter probada a súa aptitude. Diz propuña remediar a falta de persoas cualificadas e o intrusismo establecendo un exame obligatorio para tódolos aspirantes ó exercicio de barbeiro-sangrador. Os que non cumprisen a norma quedarían suxeitos ás penas que se estimasen convenientes. Deste xeito, ademais de garanti-la competencia dos profesionais, a Facenda aumentaría os seus ingresos debido ó elevado

---

(19) AMC, LAJR 1800-1801, f. 160.

(20) *Ibid.*, conf. 8 maio, f. 383 y fs. 391-92.

(21) AMC, LAJR 1775, sen foliación. Carta de Echandi á Xunta, 1 nov. A Xunta agradece a instalación do tribunal ó duque de Losada, 3 Nov., e ó ministro Grimaldi.



número de practicantes desa profesión que desde entón cotizarían ó Erario público. Os deputados estimaron útil o proxecto de Diz e enviárono a Madrid<sup>(22)</sup>.

A derradeira vez que as Xuntas do Reino sostiveron unha iniciativa para mellora-las condicións sanitarias de Galicia foi en 1806. Trátase do respaldo que os deputados deron a un plano do médico coruñés Vicente Antonio Pose Roibanes. Este facultativo do Concello herculino foi un pioneiro na difusión da vacina antivariólica e elaborou un folleto explicativo do método de propaga-lo descubrimiento de Jenner. Mediante as instrucións expostas nun breve escrito, Roibanes esperaba facer chegar esta vacina a tódolos habitantes de Galicia. Para acadalo seu obxectivo, Pose Roibanes dirixiuse ó Reino solicitando a súa intercesión para dares á imprenta o folleto e, logo, logra-lo cumprimento das normas, pois a experiencia demostráballe a resistencia dos poderes locais e máilo "vulgo" á vacina<sup>(23)</sup>.

Os vocais das sete cidades demostraron interese pola proposta de Pose Roibanes, pois coñecían os beneficios da vacina. Na súa representación ó ministro de Estado, a Xunta sostivo a necesidade de publica-la obra do médico coruñés para que os concellos repartisen exemplares por tódolos distritos. Unha vez distribuídos os impresos, as Corporacións nomearían comisionados que vixiasen o cumprimento das normas dadas por Pose Roibanes para propaga-la vacina.

Pero aínda que o ministro Ceballos acolleu ben a iniciativa do Reino, é probable que o "discurso" de Pose non se imprimise. Con todo, o apoio da Xunta ó plano de vacunación supón unha proba máis da presenza do espírito ilustrado entre algúns compoñentes das oligarquías municipais galegas.

### 10.8.—Orde pública

As peticións das Xuntas ás autoridades para que tomasen medidas de orde pública son escasas. O seu obxectivo, elimina-la inseguridade provocada polos malfeitores e salteadores de camiños. Así, as primeiras noticias que atopamos en 1775 refírense ás pretensións dun escribán de Santiago que se tiña dedicado á persecución de delincuentes por todo o Reino. Na súa instancia á Xunta, D. Andrés Anido solicitaba varios auxilios para continua-la súa loita contra o crime: unha recomendación para que o Rei lle dera un título oficial de

---

(22) AMC, LAJR 1781, instancia de Diz de 16 nov., s. f. É probable que o intrusismo estivese moi extendido, pois "en toda Galicia sólo se numeraban en 1797, 65 médicos, 125 boticarios y 514 cirujanos, que en la mayoría de los casos sólo serían barberos sangradores." DOMÍNGUEZ ORTIZ, A, *Sociedad y Estado...*, p. 143. A representación dirixiuse ó duque de Losada o 17 nov. e ó Rei o 18 dec.

(23) Tratamos o tema en profundidade no noso artigo "El doctor Pose Roibanes, la Junta del Reino de Galicia y la vacuna antivariólica", en *Medicina Galaica*, ns. 39-40.



axente da orde, un soldo pagado polas sete cidades e a axuda de “tropa competente”. Como proba das súas aptitudes, Anido expoñía a súa folla de servicios, destacando entre os seus méritos a captura de dúas poderosas gavillas que asolaban Galicia<sup>(24)</sup>. A Xunta acordou elevar ó Consello de Castela os merecementos do escribán, mais silenciou todo o relativo a dotalo dun soldo. Parece, pois, que os representantes das capitais galegas non sentían especial inquedanza polas actuacións dos bandoleiros, nen desexaban dispor dunha forza propia para combatilos. A resposta das sete cidades ó rexente da Audiencia acerca do establecemento dunha forza policial autónoma confírmao.

En 1776 o rexente, en atención a unha carta orde do Consello de Castela, solicitou ós Concellos das sete capitais o dictame encol da creación dunha compañía de miñones como as levantadas en Catalunya, Aragón e Valencia. A Coruña considerou o proxecto “no sólo inútil, sino perjudicial al bienestar del Reino”, opinión compartida polas demais corporacións. A dita compañía era innecesaria, pois as cidades opinaban que a delincuencia existente apenas comprometía a seguridade pública. Por outra banda, os rexementos galegos tampouco desexaban novas cargas fiscais. O Reino perdeu desta maneira a oportunidade de contar coas súas propias forzas da orde. Esa carencia obrigaría á Xunta a pedir ó Gobernador en 1794 medidas contra as “muchas gavillas de ladrones advenedizos” que cometían roubos nas inmediacións da Coruña e outras zonas do Reino<sup>(25)</sup>.

A crise agraria de 1800 influíu no aumento dos delitos e a Xunta reaccionou pedindo ó Rei en 1801 unha dura providencia: o envío dos reos galegos condenados ó presidio a cumprilas súas penas ós de Africa, Cádiz ou Cartaxena. Argumentábase que a experiencia demostraba que con esa disposición poderíase reducir o número de malfeitores. A drástica medida intentaba evita-las constantes fugas do presidio ferrolán, facilitadas polos permisos temporais os condenados “para ir a sus casas”<sup>(26)</sup>.


En definitiva, a Xunta limitouse a tratar casos puntuais no concernente á seguridade pública sen idear plano ningún de alcance, o que semella corroborar-la idea de que a orde pública non constituía un problema acuciante salvo en épocas de crise.

---

(24) AMC, LAJR 1775, conf. 3 Out., s.f. e representación ó “Consejo de Castilla” de 4 de novembro.

(25) AMC, AM 1775, fs. 199 y v. *Ibid.*, carta ó rexente de 2 de abril de 1776, fs. 200-201. O mesmo opinan as demais Corporacións, véxase AMS, AM 1776, f. 102 v.

(26) AMC, LAJR 1800-1801, conf. 20 Febr. 1801, f. 260 v.; e repr. ó Rei de 21 febr., f.265.







XI. CONCLUSIONS

Chegamos, por fin, ó momento de expor as conclusións sobre a historia dos últimos congresos da Xunta do Reino. Temos visto como a Xunta foi perdendo facultades desde o asentamento dos Borbóns no trono de España. A política homoxeneizadora da nova dinastía, executada en Galicia a través do Intendente, establecido de forma definitiva en 1718, supuxo un duro golpe para o Reino xa que a Coroa abandonou os seus servicios para obte-los cartos e as tropas. A Xunta quedaba así privada de “uno de los motivos fundamentales de su existencia”<sup>(1)</sup>. Os deputados das sete cidades seguiron reuníndose pero co único obxecto de cumprir co trámite da prórroga dos servicios de millóns. Sen embargo, a Xunta mantivo o seu papel representativo, polo que seguiu a ser a voz do Reino de Galicia ante a Corte e puido continuar presentando queixas e peticións ó Goberno de Madrid.

A mediados de século, no pleno apoxeo do proxecto de Monarquía comisarial de Ensenada, o Intendente Avilés debeu pensar que as súas amplas atribucións na Facenda, Guerra, Xustiza e Fomento económico (Policía), facían innecesario o mantemento da Xunta, pois a convocatoria desta supoñía un gravame superfluo sobre os naturais. O intendente chegaba para dirixir o desenvolvemento económico de Galicia e informar á Corte dos seus problemas. Esta é a nosa interpretación da real resolución de 1752, emitida a instancias de Avilés, e de ter entrado en vigor suporía unha fin anticipada da Xunta. Coidamos que a reacción contra o proxecto governativo comisarial encabezado polo “Consejo de Castilla” –institución da que a Xunta dependeu en boa medida entre 1760 e 1766–, permitiu, gracias ó seu éxito, o mantemento das reunións dos sete deputados sen alteracións durante medio século máis.

(1) Cfr. FERNÁNDEZ VEGA, *La Real Audiencia...* T.II, p. 74.

No último cuarto do século XVIII aparece un novo espírito na Xunta. As oligarquías das sete capitais tentaban relanza-lo seu órgano representativo, face-lo máis eficaz, ó mesmo tempo que sostiveron un meirande número de peticións en favor de tódolos habitantes do Reino. Con todo, a Xunta xa non dispuña de medio ningún de presión sobre o Goberno que fose efectivo. Só prolongando as asembleas e aprazando a prórroga de millóns podíase chama-la atención de Madrid, mais nun período de guerras continuas e crise da facenda parece que o único que se logrou foi convencer ás autoridades do inútil que era o mantemento dun órgano que lle bombardeaba con queixas continuas e peticións sen ofrecer nada a cambio. Así, despois do desastre de Trafalgar anulouse a convocatoria inicial da Xunta e aplicouse a real resolución de 1752. Non obstante, as protestas das capitais galegas e máila ambigüedade do texto legal permitiron os deputados reunirse unha vez máis, aínda que só co obxecto de efectua-lo sorteo de comisarios de millóns. A Xunta aínda mantivo o seu dereito a eleva-las súplikas ó Rei e intentou que se disimulase o novo golpe. Finalmente, ó réxime autocrático de Fernando VII, molesto polas protestas dalgunhas cidades contra a reforma fiscal de Garay (1817)<sup>(2)</sup>, suprimiu a capacidade representativa do Reino sen atender ás queixas de tódalas capitais. Cando en 1833 tentouse recuperala voz da Xunta, as oligarquías urbanas eran xa demasiado febles e faltoulles decisión. No 1834 o fatalismo gañara ós deputados e, no fondo, pouco sorprendeu a petición á Raíña do subdelegado de Fomento da Coruña, un “xefe político” dotado do respaldo e poder que non tivera o Intendente, e que, coma fixera aquel no seu momento de apoxeo, solicitou o cese da Xunta e o seu Deputado Xeral en Madrid polos mesmos motivos.

Parece ser que poucos lamentaron a fin da Xunta do Reino de Galicia, as oligarquías municipais das sete cidades non fixeron da súa asemblea un ente popular, nen mesmo lle deron unha infraestrutura ou un funcionariado estable interesado na súa defensa. Por outra banda, os beneficios da Xunta nos últimos tempos (1818-1834) tampouco eran moi grandes. Os fidalgos non se interesaron por defender a ultranza un privilexio honorífico. Así mesmo, a integración da elite dirixente galega nas novas cámaras das Cortes compensou a perda do seu dereito representativo.

En canto os obxectivos das últimas Xuntas, os máis deles non se acadaron; a eficacia da asemblea foi, pois, baixa. Sen embargo, a análise desas peticións permitiunos coñece-lo pensamento do grupo dirixente do Reino, as súas inquedanzas, anxeios, a súa visión dos problemas de Galicia e os medios en que pensaron para solucionarlos. En síntese, a historia da Xunta do Reino permite comprender mellor a realidade galega no final do Antigo Réxime.

---

(2) A cédula de convocatoria de 1818 infórmanos da oposición dalgunhas cidades galegas á reforma de Garay. AMC, LAJR 1818, Rl. Cédula 10 marzo, f. 62 e v. Véxase tamén apéndice II.



REAL RESOLUCIÓN DE 17 DE JUNIO DE 1973  
POR LA QUE SE PROMULGA  
A C

## **XII. APÉNDICES E RELACIONES**

DO REINO CON MUY BUENA  
PRÓRROGA DE "MAYORÍA"



El Sr. Joseph Antonio de Ynes, Secretario del Real Consejo de Castilla

**REAL RESOLUCIÓN DO ANO 1752  
POLA QUE SE PROHÍBE  
A CELEBRACIÓN DE NOVAS XUNTAS  
DO REINO CON MOTIVO DA  
PRÓRROGA DE “MILLONES”**





El Sr. D. Joseph Antonio de Yarza, Secretario del Real Consejo de Castilla, en fecha 8 de este mes me dice lo siguiente:

